



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 117

Sesión plenaria
8 de marzo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.3 49298 (11/PNP-004067)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

4.4 49599 (11/PNP-004095)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

4.5 49967 (11/PNP-004116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

4.6 50124 (11/PNP-004130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 30749 (11/INT-001523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

5.2 47667 (11/INT-002305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a igualdade nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023



5.3 48403 (11/INT-002330)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 50637 (11/POPX-000097)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a consideración da garantía dos dereitos das mulleres como un eixo prioritario do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

6.2 50644 (11/POPX-000098)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a valoración que fai o presidente da Xunta de Galicia a respecto da situación sociolaboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 48651 (11/POP-007506)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

7.2 50581 (11/PUP-000311)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María**

Sobre a substitución por parte do Goberno galego da Dirección Xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

7.3 50074 (11/POP-007783)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Santos Costa, Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a incidencia da sentenza xudicial sobre Ence no recurso interposto pola Xunta de Galicia contra a modificación do Regulamento de Costas impulsada polo Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023



7.4 49587 (11/POP-007647)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis**

Sobre a reparación e o mantemento estrutural das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

7.5 47040 (11/POP-007197)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.6 48787 (11/POP-007520)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

7.7 49301 (11/POP-007605)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas rebaixas de condenas e excarceracións que están a ter lugar en Galicia en aplicación da Lei 10/2022, do 6 de setembro, coñecida como a *Lei do só si é si*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.8 50580 (11/PUP-000310)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas de choque previstas por parte do Goberno galego para loitar contra a fenda salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

7.9 49955 (11/POP-007736)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e catro deputados/as máis**

Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración da garantía dos dereitos das mulleres como un eixo prioritario do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica que, logo do acordo da Mesa, esta pregunta ao señor presidente da Xunta será formulada por dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 12.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai o presidente da Xunta de Galicia a respecto da situación sociolaboral das mulleres galegas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 18.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 29.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 33.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 36.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 39.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 40.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 46.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 50.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Fernández Alfonso (BNG).* (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Rey Varela (P)* (Páx. 57.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 64.) *e Sra. Pérez López (P).* (Páx. 67.)

Nova intervención da señora Díaz Varela (S). (Páx. 70.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar



a cabo a Xunta de Galicia respecto da aprobación do Plan de igualdade e da incorporación nel de medidas que garantan os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

O señor presidente pregunta se hai algún acordo sobre as emendas da proposición que deseguido se vai someter á votación. A resposta das portavoces é negativa e a señora Nóvoa Iglesias (P) solicita a palabra para pedir unha votación por puntos (Páx. 72.). A autora da iniciativa non acepta a fragmentación da votación. (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da prohibición da instalación de parques eólicos na costa de Galicia e no Cantábrico noroeste: *rexeitada por 19 votos a favor, 52 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Antes da seguinte votación o señor presidente comunica a existencia dunha transacción e a señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervéñ para solicitar unha fragmentación da votación por puntos. (Páx. 73.)

A señora Prado del Río (P) acepta a petición. (Páx. 73.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero: *aprobado por 40 votos a favor, 19 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación dos puntos 2 a 7 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero: *aprobados por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o adianto na orde do día da formulación de varias preguntas ao Goberno. (Páx. 75)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 78.)

Pregunta de D^a María González Albert, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a substitución por parte do Goberno galego da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 87.)



Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D^a María González Albert e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 96.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e un minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Interpelación de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 98.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 106.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a igualdade nos centros de ensino. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 108.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)



Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 116.)

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 118.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Manuel Santos Costa e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a incidencia da sentenza xudicial sobre Ence no recurso interposto pola Xunta de Galicia contra a modificación do Regulamento de Costas impulsada polo Goberno de España. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santos Costa (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Santos Costa (P)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reparación e o mantemento estrutural das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coas rebaixas de condenas e excarceracións que están a ter lugar en Galicia en aplicación da Lei 10/2022, do 6 de setembro, coñecida como a Lei do só si é si. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana So-moza)*. (Páx. 138.)



Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 140.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de choque previstas por parte do Goberno galego para loitar contra a fenda salarial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 141.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 142.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 144.)

Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión, co punto sexto, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración da garantía dos dereitos das mulleres como un eixo prioritario do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Tras o acordo a que se chegou onte na Mesa, atendendo a unha circunstancia especial, a pregunta correspondente ao Grupo Parlamentario Socialista fórmulaa neste caso a señora Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bo día, señor presidente.

Feminismo é o principio de igualdade de dereitos da muller e do home, principio no que todos e todas deberamos de estar de acordo e admitir sen medo que somos feministas.

En Galicia as mulleres somos o 52 por cento da poboación e, porque cremos nese principio de igualdade, exiximos ter os mesmos dereitos e as mesmas condicións de acceso que o 48 por cento restante. A realidade é que as mulleres en Galicia seguimos a sufrir desigualdades en moitos ámbitos das nosas vidas e non vemos que por parte do Goberno que vostede preside se estean aplicando todos os recursos necesarios para corrixir estas discriminacións e conseguir unha sociedade máis igualitaria.

As mulleres en Galicia sufrimos desigualdade laboral, cunha fenda salarial dun 19 por cento, que supón que as traballadoras galegas percibimos uns 5.000 euros menos ao ano, cunha taxa de actividade 6,7 puntos menor que a masculina, unha taxa de ocupación 6,9 puntos por baixo e unha taxa de paro 1,7 puntos máis alta.

As mulleres tamén sufrimos desigualdade na corresponsabilidade, que é a responsabilidade compartida, partindo dos mesmos dereitos pero tamén dos mesmos deberes. Hoxe a repartición das tarefas e de responsabilidades segue sendo maioritariamente a lóxica patriarcal: os homes no ámbito produtivo e as mulleres no ámbito reprodutivo. E vostedes en materia de corresponsabilidade teñen todo por facer, porque confunden conciliación con corresponsabilidade e non teñen desenvolvido ningunha acción de calado, pese aos acordos parlamentarios acadados a iniciativa deste grupo parlamentario.

Os datos avalan a nosa afirmación. En Galicia temos 115.000 mulleres que traballan a tempo parcial fronte a 35.000 homes, tres mulleres por cada home con redución de xornada e o 88 por cento das persoas que solicitaron una excedencia para coidado de fillos e fillas en 2021 foron mulleres. E vostedes nestes catorce anos ¿que teñen feito para corrixir isto? Nada.



A educación é o primeiro chanzo para rematar coa desigualdade. Porén, vostedes néganse a aprobar o segundo Plan de igualdade para os centros educativos, un plan que reclama toda a comunidade educativa, porque debe existir unha estratexia global e non accións sometidas ao voluntarismo. Ou cando falamos de educación afectivo-sexual, que vostedes consideran que non é materia de levar aos colexios, senón que é cousa das familias, contravindo así a lexislación actual e mostrando moi pouca preocupación pola loita contra a violencia sexual.

Pero ¿que podemos esperar, señor presidente, dunha Administración, a Xunta de Galicia, que non ten hoxe un plan de igualdade para a súa Administración, estando obrigada por unha lei de 2007, é dicir, dende hai dezaseis anos, ou que anuncia unha lei de igualdade hai exactamente un ano e aínda hoxe non tivo entrada neste parlamento? Unha mostra máis de que para este goberno a igualdade non é unha prioridade.

Señor presidente, ¿considera que a garantía dos dereitos das mulleres son un eixo prioritario do Goberno galego? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Rodríguez Rumbo.

Mire, a verdade é que tiña dúbidas, certas dúbidas, non moitas, de como orientaría vostede a pregunta. Pensei por un momento que non caería na tentación, na que caeu, por suposto, de darnos leccións de feminismo. Vostedes sempre son os que teñen as medidas máis progresistas, as aplican en todas as partes, e nós nunca facemos absolutamente nada, non temos ningunha sensibilidade neste tema, dános igual. É o conto que nos levan contando durante moitísimo tempo.

Mire, non lle vou dicir —porque non me dá tempo nesta pregunta— que vostedes non chegabán a 55 millóns de euros en políticas de conciliación e igualdade cando gobernaban e nós estamos nos 202 millóns. (*Aplausos.*) Non lle vou dicir que hai 16 millóns en programas de promoción do emprego feminino e acceso á conciliación, 12.000 mulleres beneficiadas, que en todos os programas que ten a Consellería de Emprego calquera colectivo feminino ten carácter prioritario. Supoño que vostede todo iso xa o sabe e lle dá igual, non lle encaixaría coa súa pregunta e, dende logo, non encaixaría co tema.

Mire, vostede pregúntame hoxe que estamos facendo e se cremos que os dereitos das mulleres están garantidos. Comprendo que é un papelón o que teñen que facer hoxe despois do de onte, e que vostede me faga unha pregunta sobre as garantías dos dereitos das mulleres escoitando como escoitamos onte: «Aquí no valen eslóganes. Estamos cansados de sus peroratas. Dejen de lado la hipérbole. Les están mintiendo a las mujeres. Están haciendo el ridículo.» Todo isto non llo digo eu, todo isto o dixeron entre vostedes e os seus socios, onte, falando dunha lei que en teoría era para o mesmo que vostede me pregunta, que era garantir os dereitos das mulleres.



Mire, creo que vostedes en realidade nunca tiveron moitos motivos para dar leccións de case nada, encántalles, especialmente de feminismo, pero creo que hoxe, especialmente falando de feminismo, para iso deseñaron a lei que onte empezamos a cambiar, porque nos querían dar leccións, querían deixar claro o fachas que son todos os partidos que non coinciden coa súa ideoloxía, querían deixar claro a súa bandeira progresista. O presidente Sánchez dicía: esta lei, que vai deixar claro o feminismo e progresismo deste goberno. Isto dicía hai moi poucos meses e mire o que pasou onte. O resultado: case oitocentos agresores sexuais coa pena rebaixada, máis de cen saíndo á rúa, xa están na rúa varios deles en Galicia. Semanas e semanas que levan vostedes pelexando para ver quen ten menos desgaste político por estas consecuencias.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, para o Partido Socialista ese eufemismo consiste en pola mañá darnos iso, leccións de feminismo, pola tarde facer leis que fan que as agresións sexuais saian máis baratas e pola noite algúns ir cear co Tito Berni. Para iso non conten con nós en absoluto, non conten con nós. *(Aplausos.)*

¿De verdade que pensa que son vostedes o partido que nos vai dicir cal é o camiño da igualdade? ¿Cre que con estes antecedentes teñen algunha credibilidade para falar destas cifras e para dicir sobre todo que aos demais este tema nos dá igual? Mire, onte empezou por fin un pouco de razón en todo este desastre, onte empezamos a corrixir a situación, onde moitas mulleres que queren ver salvagardados os seus dereitos se están vendo agredidas, ameazadas, teñen medo vendo que os agresores sexuais saen á rúa. Onte necesitaron axuda do Partido Popular para empezar a corrixir este disparate. Non o fixemos por outra cousa que porque cremos que as mulleres están desprotexidas, que hai que garantir a protección dos dereitos das mulleres. Fixémolo por todo iso.

Por tanto, non esperamos da súa banda ningún agradecemento, ningún recoñecemento. O que esperamos é, cando menos, que non nos dean leccións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, non fale vostede de compañías. E mire, señor presidente, non son contos, son datos, e dato mata relato. *(Aplausos.)* E da Xunta de Galicia que vostede preside, ao que debera hoxe responder, ¿que, señor presidente? Non dixo absolutamente nada.

Pero mire, señor presidente, fronte ao negacionismo, máis feminismo. *(Aplausos.)* As mulleres, señor presidente, en Galicia tamén estamos en desigualdade cando falamos de saúde. Vostedes, tan pronto como chegaron ao Goberno galego, hai catorce anos, meteron nun caixón ese Plan integral de saúde da muller elaborado polo Bipartito, sen asumir que os corpos e a saúde das mulleres non poden seguir sendo rexidos por unha perspectiva androcentrista.

Ou cando falamos de dereitos sexuais e reprodutivos din que van cumprir a nova lexislación con respecto ao dereito ao aborto, pero ao mesmo tempo seguen financiando entidades antiabortistas que vostedes mesmos meteron no sistema. *(Aplausos.)*



Ou na violencia machista, para o que teñen cada vez máis recursos orzamentarios grazas ao Goberno do Estado, que achega a meirande parte dos fondos, mentres vostedes, sabendo que todos os recursos son necesarios para que todas as mulleres vítimas poidan refacer a súa vida e acabar con este problema estrutural, cos orzamentos máis altos da historia, que acadan os 12.600 millóns de euros, diminúen os recursos propios destinados a esta materia.

En definitiva, señor presidente, vostedes neste goberno de publicidade e propaganda enchen o peito con plans, con plans estratéxicos que nin avalían nin se atreven a presentar os resultados da súa pésima xestión. As políticas do seu Goberno carecen dun enfoque feminista, seguen sen comprometerse coa transversalidade da igualdade, e aí radica o problema: ou poñemos o feminismo e a igualdade no centro de todas as políticas públicas ou seguiremos tendo desigualdade e menores dereitos para as mulleres.

Señor presidente, as mulleres galegas queremos iguais, libres, vivas e sen teito de cristal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, non me estraña que onte esas acusacións, esas lindezas que se dixeron moitas delas foran: xa basta de slogans. Non, non. Xa sei que non lle interesa que falemos do que pasou onte, pero é que o que pasou onte é agora mesmo o que preocupa á xente, tamén ás mulleres, na salvagarda dos seus dereitos. *(Murmurios.)*

Mire, dime que dato mata relato. 800 penas a agresores sexuais rebaixadas, máis de 150 presos na rúa, moitos deles en Galicia. Con estes datos, ¿de que relato me está falando, señora Rodríguez Rumbo? *(Aplausos.)* Sexa sincera por unha vez con vostede mesma. ¿Que estaría dicindo vostedes se esta *Ley del solo sí es sí*, cando están saíndo, cando se abarata delinquir sexualmente, en vez de ser do PSOE, fora do PP?, *(Murmurios.)* ¿que estaría vostede dicindo? ¿Que teríamos que oír se o Tito Berni, en lugar de ser un deputado socialista, fora un deputado do PP? ¿Que teríamos que oír se eu lle estivera preguntando pola garantía dos dereitos das mulleres, señora Rodríguez Rumbo?

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ¿Que teríamos que estar escoitando? Vostede sabe de sobra o que estaría dicindo se o caso fora ao contrario. Pero, claro, como



resulta que son vostedes os que fixeron a lei, o Tito Berni era un deputado do Partido Socialista, un compañeiro de todos vostedes, pois fai estas declaracións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Eu comprendo que o Partido Socialista non quere falar disto cando lle toca e cando falo eu non quere que fale eu disto, pero eu vou falar, dende logo, vou falar. (*Aplausos.*)

Señora Rodríguez Rumbo, convénzase dunha vez: vostedes non teñen o monopolio da igualdade, ningún partido político o ten, non debería telo, e non deberíamos presumir diso. Non creo que estean vostedes —xa llo dixen no primeiro turno— para dar leccións. Non teñen nin a capacidade, e nestes momentos creo que moito menos a autoridade, para dar a ninguén leccións de feminismo, coa que está caendo, dende o seu partido.

Mire, vostedes levan demasiado tempo pensando que, se un non é socialista e de esquerdas, automaticamente é un machista. Dá igual que sexa un xuíz, un membro dun partido político. Isto é o que pensan e non hai máis que escoitala para darnos conta de que é o que pensan.

Eu non lle vou dicir o que tiveron vostedes que escoitar onte dos seus socios de goberno, que lles están fallando a todas as mulleres deste país, que as están traizoando, que lles están mentindo, que as tratan como cidadás de segunda. Todo isto o escoitaron vostedes, non de ningún membro do Partido Popular, senón dos seus propios socios de Goberno, cando deberían estar falando de garantir os dereitos das mulleres, que —insisto— é o que vostede me pregunta.

Mire, non imos dar nunca ese espectáculo lamentable e voulle dicir por que, porque, ademais, non serve de nada. Así non se protexen os dereitos das mulleres, protéxense con medidas concretas. ¿Quere unha? Miren, mañá no Consello da Xunta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Así é imposible, señor presidente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, a ambos os lados, aquí e alí. Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Díciálle que os dereitos das mulleres, en vez de con dogmas, en vez de con dicir que os demais non somos capaces de facer nada e que vostedes o fan todo e despois vendo os resultados prácticos aos que levan as súas políticas, ao mellor supoño que lle gustará saber que mañá no Consello da Xunta de Galicia proporemos un plan para, de acordo coa Comisión Mixta no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, seguir creando xulgados de violencia de xénero, xulgados exclusivos e excluínates só con esa competencia, xulgados con ámbito comarcal, empezando polo xulgado en Santiago de Compostela e seguindo a partir de aí co resto das cidades (*Aplausos*) onde aínda non existe, que son cinco; só existen a día de hoxe na Coruña e en Vigo.

Así, estou seguro de que moitas das mulleres que agora teñen medo...,



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...polos efectos da súa lei, empezarán a sentirse un pouco máis protexidas.

Supoño que isto tamén lle interesará á señora Pontón. Supoño que estarán todos de acordo en que é bo facer isto e que así de verdade se loita para favorecer os dereitos das mulleres e, polo tanto, a igualdade.

Mire, ao mellor nós somos menos retóricos, temos menos dogmas, somos menos sectarios e cremos que todo o mundo pode acertar. Polo tanto, imos seguir traballando así. Así é como se cre realmente na igualdade. Mentres, vostedes sigan discutindo cos seus socios, síganse dicindo as cousas que tivemos que escoitar onte que se dedicaron uns a outros socios de goberno e sigan desprotexendo as mulleres.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Nós seguiremos traballando. E, mentres, de verdade —pídolllo sinceramente—, non nos dea leccións, porque non pode dalas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai o presidente da Xunta de Galicia a respecto da situación sociolaboral das mulleres galegas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señorías, quero empezar facendo un recoñecemento ás feministas deste país, porque, grazas á súa loita e á súa coraxe, temos avanzado na conquista de dereitos e de igualdade para as mulleres. (*Aplausos.*) Desde logo, queda moito, moitísimo por facer, pero é evidente que sen a loita feminista non teríamos chegado hoxe aquí, e cremos que o 8-M é un bo día para recordalo. E tamén para lembrar pois que o 8-M non vai de lazos lila, vai de traballar os 365 días do ano pola igualdade das mulleres. (*Aplausos.*)

Porque, señor Rueda, o que non podemos é seguir cun goberno que está en punto morto. O que necesitan as políticas de igualdade é que lles poñamos o turbo. Porque o certo é que a fotografía que nos deixan os datos oficiais é moi clara: as mulleres soportan máis precariedade, máis temporalidade, máis pobreza e menos salario. Concretamente, as mulleres cobran de media 4.328 euros menos. As mulleres, por certo, para poder corrixir esta fenda salarial ao ritmo da última década, necesitaríamos corenta e un anos máis, e non temos ese tempo para agardar.

Porque esa fenda salarial tamén trae pensións máis baixas, concretamente 4.388 euros menos, un 26 por cento menos que as pensións dos homes. ¿E sabe cal foi a súa contribución,



señor Rueda, a reducir esta fenda nas pensións? Votar en contra de subir o complemento autonómico das pensións non contributivas, que son as máis baixas e as que cobran maioritariamente mulleres no noso país.

Salarios e pensións máis baixas teñen unha consecuencia: as galegas sofren máis pobreza. De feito, a pobreza medrou entre as mulleres mentres descendeu nos homes. No último ano incrementaron a cifra de pobreza 8.000 mulleres no noso país.

Tamén sofren máis precariedade; de feito, representan o 77 por cento da poboación ocupada con contratos a tempo parcial. E a razón entendémola todos e todas, e é que os coidados seguen sendo maioritariamente unha tarefa que recae sobre os ombreiros das mulleres. Pero levamos catorce anos cun goberno do Partido Popular cruzado de brazos, que ten un fracaso total en materia de conciliación.

Por certo, que deste nivel de temporalidade non se libran as mulleres tampouco nin no sector público, que aumentou no último ano ata o 35 por cento, 14 puntos por riba dos homes.

Señor Rueda, ten que explicarlles ás galegas por que o Partido Popular as precariza tamén no sector público. Porque ¿saben cal é a maior empresa de traballo temporal deste país? O Sergas, señorías. Temos enfermeiras que asinan centos de contratos na súa vida laboral, moitos deles dun só día. Este é o seu compromiso coa igualdade. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, a fotografía é moi clara: as galegas soportan máis precariedade, máis temporalidade, máis pobreza e menos salario. Pregúntolle que vai facer o seu Goberno para romper con estas discriminacións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, si, están moi ben os recoñecementos que fai vostede ao principio da súa pregunta. Todos poderíamos facelo, pero despois hai que respaldalo con actitudes. E mire, todo isto que dixó de garantías dos dereitos das mulleres, de loitar polas conquistas, todo isto cae absolutamente abaixo vendo como onte vostedes votan a favor de que aos delinquentes sexuais se lles siga rebaixando as penas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non me estraña que baixe a cabeza. Igual que non lle mereza ningún comentario o anuncio de creación de xulgados exclusivos de violencia de xénero. Pero ¿se era o que vostedes pedían! *(Murmurios.)* Pero se era o que hai tempo no que nós estabamos de acordo, vostedes tamén, e ímolo facer. Pero, claro, como non é unha medida que se lle ocorreu a vostede, unha medida que facemos nós, como non o tiña no guión, non merece un só comentario. Así non se loita, efectivamente, polos dereitos das mulleres. Cando todos acertamos, é bo que empuxemos entre todos, señora Pontón.



Pregúntame sobre como valoro a situación sociolaboral das mulleres en Galicia. Pois mire, sinceramente, creo que con bastante máis rigor e incluso con bastante máis preocupación que vostede, que non digo que non a teña; a min, por suposto, vaima negar. Eu digo que vostede a ten, igual que a deberíamos ter todos os responsables políticos.

Dígollo con máis rigor porque, mire, vostede esta fin de semana dicía que había que chegar ao 1 por cento do orzamento da Xunta de Galicia en políticas de igualdade. Hai tempo que está superado, ao 1,5 por cento chegamos. O dato que lle daba á señora Rodríguez Rumbo: 54,7 millóns de euros no ano 2009, 202 millóns no ano 2023; deses 202, 168 en políticas dirixidas directamente a garantir a conciliación, señora Pontón.

Polo tanto, un pouco de rigor. Vostede votou en contra de todo isto. Polo tanto, ao mellor non a preocupa tanto, ao mellor parécelle moito e hai que baixar esas cantidades.

Igual tamén votou en contra da Lei de racionalización do sector público. ¿Sabe o que dicía? Que se blindaba por lei a prohibición de calquera discriminación salarial na Administración pública por ser home ou por ser muller. Vostede votou en contra. Polo tanto, non me diga que a preocupan estes temas.

¿Máis votos en contra en materia de dereitos sociolaborais das mulleres galegas? Mire, a Lei de garantía de calidade dos servizos públicos elevou a rango legal e estableceu sancións, ademais sancións importantes, para calquera vulneración dos dereitos de baixa por maternidade dunha muller. Vostede votou en contra. Supoño que isto non a preocupa, igual que non a preocupa porque votou en contra da Lei de impulso demográfico cando se establecían prioridades na contratación co sector público das empresas que estableceran directamente medidas de conciliación e corresponsabilidade. Votou en contra.

Votou en contra tamén deses 55 millóns de euros que introducimos para a gratuidade, medida pioneira en toda España, das escolas infantís. Iso estará de acordo comigo en que favorece a conciliación. Dino moitísimas mulleres. Vostede criticouno e, por suposto, votou en contra.

Cando reforzamos partida sanitarias para atender especificamente enfermidades que teñen moita máis incidencia nas mulleres, máis cribados, máis equipos e servizos xinecolóxicos, máis vías rápidas para tratamentos de cancro que teñen especial incidencia nas mulleres, máis formación para que as profesionais do Sergas poidan detectar casos de violencia de xénero, en todo isto votou en contra; para todo isto con vostedes non se pode contar.

Iso si, pódese contar — vímolos onte e pode volver baixar a cabeza — cando levantaron a man dicindo «si», estamos de acordo en que haxa máis delincuentes sexuais na rúa, en que delinquir sexualmente saia máis barato. Para iso pódese contar con vostedes. Con nós para iso non conte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.



Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que hai que ter unha gran desvergoña política para facer unha afirmación como a que fixo hoxe vostede. É do peor que levo visto na política parlamentaria, do peor. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E xa lle digo, señor Rueda, que leccións de feminismo do Partido Popular ao BNG, ningunha, *(Murmurios.)* ningunha. *(Aplausos.)* Levan corenta anos votando en contra, décadas votando en contra de todas e cada unha das propostas para avanzar nos dereitos das mulleres. *(Murmurios.)* Levan nos últimos anos de ganchete con esa extrema dereita que quere levarnos ao pasado, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é con quen están vostedes. ¿Pero como poden ter tamaña desvergoña? Si, si. *(Aplausos.)*

E, señor Rueda, quero lembrarlle a súa última grande aportación á defensa dos dereitos das mulleres. *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)* Aquí está vostede bendicindo o protocolo de Vox para que as mulleres non poidamos decidir sobre o noso corpo, señor Rueda, *(Aplausos.)* bendicindo o protocolo de Vox que cuestiona o dereito das mulleres a decidir.

Décadas votando en contra dos avances das mulleres e catorce anos en Galiza traballando, desde o minuto un, para que cada vez os dereitos das mulleres sexan máis pequenos. *(Murmurios.)* Pero se vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non sei, señor presidente, eu... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PONTÓN MONDELO: Eu, señorías, penso expresarme en liberdade a pesar dos intentos de boicoteo do Partido Popular. *(Aplausos.)* A min non me van calar, señores e señoras do PP. Si, si. *(Aplausos.)* Vostedes están tan afeitos a manipular, só temos... —si, ríanse— ...os traballadores da CRTVG denunciando a súa manipulación, que cren que poden ata manipular o que dicimos aquí en vivo e en directo, con esa maneira de actuar. Un pouco de respecto, señorías, que este é o Parlamento de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Porque si, levan catorce anos, desde o minuto un, traballando en contra dos dereitos das mulleres. Si, si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Aprobando una lei para blindar o financiamento de asociacións antiabortistas, recuperando os concertos con eses centros elitistas do Opus Dei que segregan por sexo, suprimindo o Servizo Galego de Igualdade, suprimindo puntos de información ás mulleres, rebaixando o salario das vítimas de violencia machista.

E agora, señor Rueda, dígolle: benvido á defensa dos xulgados exclusivos de materia de violencia de xénero. Votaron en contra neste parlamento cada vez que o trouxemos desde o



BNG. (*Aplausos.*) Benvidos. E ánimoo a que, no ámbito das súas competencias, por favor, separen nos xulgados as vítimas dos agresores, sepárenos nos xulgados.

E mire, desde logo, para nós o que pasou onte... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...no Congreso é lamentable. É lamentable, e temos que dicilo..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que, coa colaboración do Partido Socialista, a dereita pretenda volver ao Código penal *da manada*, ese código penal que permitiu que cinco energúmenos que violaron unha muller foran non condenados por violación, senón simplemente por abuso, porque ela non se resistira o suficiente. Vostedes queren volver a ese Código penal, queren volver a ese Código penal no que as mulleres teñen que demostrar que se resistiron o suficiente cando hai unha violación. Miren, a nós repúgnanos que poidan saír violadores e violadoras antes de tempo á rúa, pero saben que esa reforma non o vai cambiar. Vostedes o que non queren baixo ningunha circunstancia é que no Código penal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...o centro, cando hai unha violación, sexa o consentimento. Teñen que explicarlles ás galegas e aos galegos tamén —pero moi especialmente ás galegas— por que as queren desprotexer. Porque nós queremos que unha muller, se sofre unha situación dese tipo —que é durísima—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que todos e todas condenamos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non teña que dicir «resistinme o suficiente»; con dicir «non», basta. E iso é o que vostedes cambian. E debería dar explicacións, señor Rueda, porque é unha vergoña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, repúgnanlle os efectos da lei pero vota a favor de que se manteña a lei. É moito mellor educar os xuíces fachas e xa está, e con iso está todo solucionado, ¿verdade?



Non pasa nada porque sigan aquí en Galicia moitos agresores sexuais saíndo á rúa, revisándo-lles as condenas. Vostedes están a favor de todo iso, quero enmascarar, deunos aquí unha boa clase á última hora de Dereito Penal. A realidade é a que é, a realidade é a que é, e vostedes apóiana. E, polo tanto, pídeme a min que lles teño que dar explicacións. Explicacións vostede ás mulleres que teñen medo porque están vendo que os agresores sexuais poden saír á rúa ou saíron á rúa xa. Díganlles que vostedes están de acordo por non sei que razóns de Dereito Penal, o que nos acaba de explicar aquí. Vaia aos efectos.

E non me diga como me di sempre. Mire, dime que o que lle dixen é o peor que tivo que escoitar en toda a lexislatura. Dimo todos os mércores, sempre me di o mesmo, (*Risos.*) sempre me di o mesmo. (*Aplausos.*) Polo tanto, comprenderá que moito efecto... (*Aplausos.*)

E tamén todos os mércores se empeña en terxiversar os datos, e por moito que intente acostumarme, porque sempre o fai, a verdade é que me custa entendelo, porque de verdade que lle saca moita autoridade e moita consistencia ao que vostede me pode dicir. Non o podo tomar en serio, sinceramente, cando colle os datos —os que lle interesa— e os manipula, terxivérsaos, interprétaos á súa maneira, invéntaos moitas veces directamente —ou invéntanos para vostede, non o sei—.

Mire, imos falar de datos reais. Claro que hai moitas cousas que mellorar, por suposto —e este é un bo día para reivindicalo—, pero tamén hai datos certos que vostede por suposto non vai recoñecer, pero é bo que polo menos os escoite: 12.400 mulleres máis traballando en Galicia que no ano 2008; a taxa de ocupación feminina de entre 16 e 64 anos é 2 puntos superior á de hai un ano e 2,2 puntos superior á media nacional, e 5 puntos superior a cando vostedes gobernaban. ¿Aínda hai que mellorar? Por suposto. A taxa de ocupación masculina aínda é superior en 6 puntos, e isto hai que igualalo. Diso vai a igualdade real, diso vai a igualdade que esperan as mulleres. Pero, mire, melloramos 16 puntos nestes últimos anos.

¿Fenda salarial? Por suposto que existe e segue sendo moi ampla, amplísima, e sen ningunha xustificación. E incluso é 0,25 máis ampla en Galicia que na media nacional. Por iso eu quero traballar ou quere traballar o meu Goberno para que se estreite cada día máis. Pero tamén hai que recoñecer que se incrementou un 18 por cento nestes últimos anos —vostede non o vai recoñecer nin de broma—; somos a terceira comunidade autónoma na que máis medraron os salarios femininos nestes últimos anos.

¿A taxa de paro feminino? Pois mire, é a menor dende que hai rexistros. Creo que isto é un logro colectivo; non lle vou dicir que é un logro deste goberno, levamos uns cantos anos, un logro de todos. Seguro que cando vostedes estaban —creo que con pouca fortuna— intentaron tamén que subira a taxa de emprego feminino. Non, non lle vou dicir —como nos di vostede— que non temos dereito a dicir que fixemos nada, que nós nunca acertamos, porque as únicas verdades as teñen vostedes, sempre. Ese é un dos grandes erros polo que segue, entre outras cousas, existindo desigualdade.

Porque vostedes non entenden que isto é unha tarefa colectiva de todos, onde debería haber menos política e máis efectividade. Vostede iso non o vai entender nin o vai admitir, porque vostede, falando disto, é puro sectarismo, señora Pontón. E isto teno que escoitar, eu creo que lle vén ben aquí escoitalo, na sede da soberanía de Galicia.



As mulleres xa son maioritarias en profesións como as sanitarias e como a educación. Temos que facer un esforzo colectivo, deberíamos facelo todos para que foran noutros ámbitos onde están infrarrepresentadas; nas carreiras STEM, por exemplo, tanto talento feminino que non se oriente aí; é que é necesario para o progreso do país.

Polo tanto, señora Pontón —e remato xa, señor presidente—, eu, de verdade, píddollo unha vez máis. Xa sei que vai caer en saco roto. Xa sei que vostede entende que só vostede ten a razón, só o seu partido ten a razón, só o seu partido ten as verdades, nin sequera os seus socios do Goberno teñen as verdades. Xa o vimos onte nesa discusión impresentable. E di que lle dá vergoña. Entón, vólvoa dicir: ¿por que despois apoia e ten a postura que tivo o seu deputado no Congreso?

Mire, traballemos unidos; por unha vez imos intentalo, señora Pontón. Por unha vez intente non dicir a todo que non, a ver que se sente; intente pensar que vostedes poden ter boas ideas pero que os demais tamén intentamos telas, que os demais non intentamos equivocarnos a propósito, que queremos traballar en aspectos fundamentais como este. Aparque por unha vez —píddolle de verdade— o seu dogmatismo, esa obsesión por meter a política en todo, por negarlle a todo o mundo que non pensa como vostede que pode intentar mellorar o país. Intente todo iso, e aí encontrará o Partido Popular.

Se segue como ata agora, se segue negando a todo o mundo que non son vostedes mesmos que intentamos facer algo por aproximar os dereitos reais dos homes e das mulleres, por cubrir esas fendas onde as mulleres aínda teñen moitísimo que gañar e moitísimo que reivindicar, non faremos nada. Mentres sigan nesa posición dogmática, pois seguirá facendo o que fixo onte: apoiando leis que supoñen que é barato delinquir sexualmente, que hai delincuentes en Galicia ameazando as súas vítimas que antes estaban no cárcere e agora están na rúa e que vostedes están apoiando todo iso.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Con iso non conte con nós para nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 49298 (11/PNP-004067).



Emenda de substitución:

Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para demandar as seguintes medidas:

a) Revisar, pola vía de urxencia, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual, para resolver os efectos indesexados que puideran estar ocasionando pola aplicación con efecto retroactivo do código penal comprometendo o mantemento dos avances respecto do consentimento como núcleo central da lei.

b) Promover, á maior brevidade posible, unha modificación do Título VIII do Código Penal que cumpra co Eixe 8 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, conforme á lexislación e xurisprudencia vixente, e sen conculcar ningún dos dereitos fundamentais consagrados na nosa Constitución.

c) Velar polo benestar das vítimas cuxos agresores foran excarcerados ou se lles rebaixara a pena como consecuencia da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual, evitando a súa vitimización secundaria.

d) Implantar todas e cada unha das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero destinadas á sensibilización e concienciación sobre os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) Desenvolver todas e cada unha das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero destinadas á protección, apoio, intervención e recuperación integral das vítimas dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, especialmente, mulleres e nenas.

2. Así mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

a) Cumprir cos acordos incumpridos emanados do Parlamento galego de 2018 e 2019 canto á mellora da protección das vítimas de agresións sexuais.

b) Comprometer que o impulso das novas ferramentas de protección ante a violencia sexual que se están impulsar ao abeiro do Pacto de Estado estenderase a todas as áreas sanitarias e hospitais comarcais.

c) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).”

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49298).

Emenda de substitución:



A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“A) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Incluir a educación afectivo-sexual no currículo formal de todas as etapas educativas.*
- 2. Elaborar unha estratexia integral contra a violencia sexual, con especial atención á mocidade e a pornografía.*
- 3. Implantar de maneira simultánea nas catro provincias galegas os centro de crise 24 horas para a atención e acompañamento ás vítimas de violencia sexual.*
- 4. Pór a disposición das vítimas de agresores sexuais todos os recursos existentes que eviten a súa vitimización secundaria.*
- 5. Para dar cumprimento ao Eixo 3 do Pacto de Estado, redactar un plan de adecuación dos Xulgados de Violencia sobre a Muller e xulgados especializados, con dependencias que impidan a confrontación vítima/agresor, dotándoos de intérpretes cualificados e medios audiovisuais que eviten a repetición das declaracións, coa fin de evitar a vitimización secundaria. Así mesmo, desenvolver as medidas oportunas para a habilitación de instalacións amigables en todos os xulgados (incluídas salas de Gesell) para atender as nenas e nenos vítimas.*
- 6. Enviar ao Parlamento de Galicia, antes de que finalice este período de sesións, un informe detallado de fiscalización dos Fondos do Pacto do Estado dende o seu inicio.*

B) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite:

- 1. Promover, á maior brevidade posible, unha modificación do Título VIII do Código Penal que cumpra co Eixe 8 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, conforme á lexislación e xurisprudencia vixente, e sen conculcar ningún dos dereitos fundamentais consagrados na nosa Constitución.*
- 2. Implantar todas e cada unha das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero destinadas á sensibilización e concienciación sobre os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.*
- 3. Desenvolver todas e cada unha das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero destinadas á protección, apoio, intervención e recuperación integral das vítimas dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, especialmente, mulleres e nenas.)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: 721 delincuentes beneficiados pola Lei do só si é si (A señora Prado del Río mostra un cartel.). 8 de Marzo, nada que celebrar, moito que reivindicar, señorías, (Aplausos.) moito que reivindicar. Moitas vítimas coas que solidarizarnos por este drama que están a vivir e pola súa revitimización. Hoxe todos deberíamos de solidarizarnos con esas vítimas.

Moitas grazas, señor presidente.



Señorías.

Tras os pactos da Moncloa de 1977 e o Pacto de Toledo sobre o sistema público de pensións en 1995, ou o Pacto polas liberdades e contra o terrorismo no ano 2000, no ano 2017 aprobamos o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, tras un ano de comparecencias e negociacións na Subcomisión do Congreso dos Deputados, comparecencias de expertos e de expertas na materia, que concitaron o apoio e o voto a favor de todas as forzas políticas do arco parlamentario naquel momento, excepto dunha: de Podemos.

E nesas comparecencias temos que incluír a do entón vicepresidente da Xunta, hoxe presidente da Xunta de Galicia, o señor Alfonso Rueda, na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas no Senado, para trasladar o documento de consenso de todos os grupos parlamentarios desta cámara —naquel momento eramos catro, tamén estaba A Marea, e despois incorporouse tamén o Grupo Mixto despois da súa división—. E todos fomos capaces de conseguir o consenso para saber cales eran aquelas medidas importantes para incorporar no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O Partido Popular gobernaba naquel momento en España —e o tan deostado tamén presidente Mariano Rajoy— e puxemos no orzamento 1.000 millóns de euros para desenvolver aquel pacto de Estado. Por tanto, non era un pacto baleiro, era un pacto con contido, pero era un pacto con orzamento. Pero, a partir de xuño de 2018, entrou no Goberno o señor Pedro Sánchez e ¿que fixo? Pois puxo o Ministerio de Igualdade en mans do único partido que non apoiara o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Sorprendente, señorías. Un partido dirixido polos machos alfa, un partido dirixido e no que perpetúan a esencia máis rancia do patriarcado.

E non o digo eu. Lin recentemente unha entrevista dunha exdeputada desta cámara, a señora Luca Chao, que dicía: «*A política é moito máis hostil, mesmo a militancia en partidos de esquerdas, é moito máis hostil ao feminismo do que pretendiamos*» —unha deputada da esquerda radical—. (Murmurios.) E non só... Si, si, non, failles moita graza, pero eses da esquerda radical son os de «*la azotaría hasta que sangrase*»; ese é o gran líder dese partido que dirixe as políticas de igualdade, ou o que marchou despois pero tamén lidera a esquerda radical: «*zorra, vienes a que te ordene*». Ese tipo de cousas que escoitamos e que lemos son os dirixentes dese partido que dirixe as políticas de igualdade neste país. Pois ben, o socialismo deixou en mans de Podemos, deste partido, as políticas de igualdade.

¿E hoxe hai máis avances nas políticas estatais? Pois non. Hai máis fenda salarial, hai máis paro feminino e hai menos políticas de conciliación. E, a partir de aí, lonxe de priorizar as políticas lexislativas que indicaban os expertos que eran urxentes no ámbito da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, puxeron en marcha unha axenda feminista totalmente contraria á apoiada por todas as forzas políticas daquel Congreso dos Deputados.

Podíamos falar das conquistas feministas rotas pola Lei trans —pero falaremos outro día—, podemos falar do dano que lle fan ao acceso ao mercado laboral das mulleres pola eliminación da bonificación do 100 por cento da cota para os contratos á baixa de maternidade e paternidade, que tamén nos preocupa —falaremos outro día—. Pero hoxe imos falar dos in-



cumprimentos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que, cinco anos despois, cun ano de prórroga no que estamos, ten incumprido máis de dous terzos das súas medidas.

E tamén temos que falar da oportunidade que se perdeu de poñer en marcha polo menos algunhas das medidas do Pacto de Estado. Con esa Lei do só si é si abriuse a reforma do Código penal, ese Código penal *da manada* aprobado polo Partido Socialista, que agora vostedes din que non podemos volver a el.

Voulles explicar que cousas se puideron modificar do Código penal e que temos debatido nesta cámara e que expertas na materia viñeron dicir nesta cámara que había que modificar, e non só aquí senón tamén no Congreso dos Deputados. É que desaproveitaron unha oportunidade histórica de cumprir moitas das medidas do Pacto de Estado nese ámbito.

Porque eu estou agardando a ver como os nacionalistas lles explican o *purple washing* ás vítimas galegas que asisten perplexas a como 52 agresores en Galicia ven reducidas as súas penas, unha rebaixa acumulada de 81 anos e medio de cárcere. ¿Como explican o *purple washing* cada un dos 365 días do ano cando lean na prensa, como estamos lendo a diario cada un deses 365 días, como saen agresores á rúa e como se rebaixan as penas? Pero —o que é peor— non o queren modificar, e, ademais dos miles que están pendentes de revisión de condena, tamén as condenas posteriores coa aplicación desa lei, un goteo constante de agresores beneficiados. E eu o que digo é máis *sorority*, señorías, e menos *purple washing*.

Ben, pois ¿cales son as medidas do Pacto do Estado que están sen cumprir? Decía a señora Rumbo que o primeiro chanzo para acabar coa desigualdade é a educación. Pois en educación, ningunha.

E se falamos de educación e falamos de prevención no ámbito da mocidade, temos que falar de novas tecnoloxías, porque hoxe a mocidade vive na internet, nas redes sociais, no mundo dixital. E nese ámbito as medidas máis importantes do Pacto do Estado están sen cumprir; por exemplo, a 39, a 42, a 44, a 45, a 49 e a 50. ¿E de que van? Pois, por exemplo, a regulación do código identificativo nos produtos audiovisuais para o fomento da igualdade e a eliminación de prexuízos e estereotipos e roles sexistas; o acordo coas forzas e corpos de seguridade do Estado para as empresas de telecomunicacións e principais provedores de contidos dixitais; a eliminación de contidos que promovan a violencia contra as mulleres; garantir a concesión de selos de calidade que non recaia en sitios webs con contidos dixitais que promovan a violencia contra as mulleres; o código de publicidade non sexista; o Consello Estatal dos Medios Audiovisuais. A pesar de ter aprobada a Lei xeral de comunicación audiovisual, non foron capaces de incluír a protección dos dereitos das mulleres e a loita contra os estereotipos sexistas ao mesmo nivel que a loita contra a incitación ao odio e a protección dos menores.

Pero ¿que máis medidas temos sen cumprir?

A primeira, a máis grave, a Lei de trata. Non se pode pretender abolir a prostitución sen previamente ter unha lei de trata, porque, como todos sabemos, o 90 % das mulleres que exercen a prostitución son vítimas de explotación sexual e de trata. Seguimos sen esa lei de trata



porque vostedes priorizan outros textos lexislativos máis ideolóxicos e con menos implantación e realidade na rúa.

Outra medida sen cumprir, a 102, é ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres, algo tan sinxelo e que fixemos nesta Cámara. Aquí fíxémolo no último ano dúas veces —a violencia dixital e a explotación sexual—. O Goberno do Estado nin está nin se espera nesa modificación. Non, non, non poñan esa cara, porque non. Son formas, son formas, contidas no Convenio de Istambul.

Outra: suprimir a atenuante de confesión en delitos de violencia de xénero. Señorías, ¿saben que un de cada dous agresores e maltratadores van confesar o delito porque saben que teñen a atenuante de confesión e que se lles reduce a pena? ¡Un de cada dous! Pois esa medida poderían tela xa resolta no Código penal se a incluísen, por exemplo, nesa modificación da Lei do «só si é si». (Aplausos.) Pero é que non o digo eu, dío o Pacto; e o Consello Xeral do Poder Xudicial reiterouno no ano 2018: «O Consello pide quitar a atenuante de confesión en violencia machista porque o 50 % dos asasinados se entrega para baixar a pena». Estes son os beneficios que vostedes seguen dando aos agresores. E isto é da semana pasada: «*El Tribunal Superior de Justicia de Murcia reduce un año la pena de prisión a la condenada por apuñalar a su esposo en San Pedro al apreciar una atenuante de confesión*». Isto pasa todos os días, señorías.

Outra é suprimir a atenuante por reparación do dano nos casos de violencia de xénero. É dicir, o maltratador, o agresor, paga a reparación do dano e reduce a pena. ¡Moi ben! ¡Alá vostedes, sigan por esa liña! Pois iso séguese sen modificar, señorías, séguese sen modificar. Pero o que é máis grave é que a falta de modificación do Código penal neste ámbito demostra que vostedes deixaron o Pacto de Estado, as políticas de igualdade, en man de quen meteu o pacto nun caixón. E ¿saben cal é a proba máis evidente de que meteron o Pacto nun caixón? Pois, miren, a señora Victoria Rosell —esta que todos os días nos dá grandes titulares— pagou con fondos públicos un estudo que recomenda a España que a atenuante de reparación económica non se aplique aos casos de violencia machista. E sae ela e dá unha rolda de prensa. Isto foi a semana pasada. Xa estaba no Pacto de Estado, xa viñeron expertos a dicilo. ¡¿Que estudo hai que pagar?!, ¡¿que máis hai que facer para que o fagan?! Sinceramente, señorías, non teñen ganas de cumprir o Pacto de Estado.

De xeneralizar o agravante de discriminación para os casos de mutilación xenital feminina, ¡nada!, nin perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital. A violencia dixital ten que ser un delito. Non o di o Pacto do Estado e non o di o Partido Popular, é que o está dicindo o Consello Xeral do Poder Xudicial. O ano pasado, na comparecencia no Congreso, a señora Ángeles Carmona advertiuno; pero advertiuno dicindo que había dificultades serias para encaixar nun tipo penal as denuncias que chegan aos xulgados sobre violencia, control, ameazas ou violencia psicolóxica, que quedan impunes e que son a maioría dos delitos que hoxe sofren sobre todo as nosas mozas e mozos, porque as redes e os móbiles son hoxe as ferramentas nas que máis violencia se xera. E vostedes teñen sen regular a violencia dixital no Código penal. (Aplausos.)

Non considerar as inxurias e calumnias a través das redes sociais como delitos leves. Isto tamén está no Pacto de Estado. Seguen sen modificar o Código penal para que isto non sexa un delito leve. ¡Non lles importa!



Estender a pena de privación ao dereito de tenza e porte de armas a todos os delitos. Agora só se prevé para o delito de lesións e o Pacto establece que ten que tamén estenderse ás ameazas e coaccións.

A señora PRADO DEL RÍO: Señorías, son moitísimas máis.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Vounas dicir telegraficamente, señor presidente: establecer que non se deriven responsabilidades cara á muller nos delitos de quebrantamento; introducir unha lista non pechada de criterios de referencia da situación de risco para impedir que diminúan as ordes de protección; modificar o Código penal para considerar reincidencia cando o mesmo home cometese distintos delitos contra distintas mulleres; revisar o réxime legal de dispensa da obriga de declarar, coa finalidade de evitar unha segunda vitimización e a impunidade dos agresores —¿lembra esa comparecencia do maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nesta Cámara cando dixó iso e cando se incorporaron as nosas propostas, agora incorporadas no Pacto de Estado?, que, polo que se ve, non lles importa—; establecer como medida cautelar e como pena privativa de dereitos a privación de comunicarse a través das redes sociais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor,.

A señora PRADO DEL RÍO: ...cando o delito se comete a través das redes sociais; facilitar o dereito das vítimas ao olvido dixital; comunicación do contido das ordes de protección aos puntos de coordinación para o VioGen.

Señorías, dous terzos do Pacto de Estado están sen cumprir e todas estas medidas protexen as mulleres e vítimas de violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Para cando imos cumprir o Pacto de Estado?

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas presidente.

Bo día.

Nós queremos comezar esta intervención animando a todas as deputadas e todos os deputados presentes a asistir esta tardiña, esta noite, ás reivindicacións feministas que hoxe se-



guramente, seguro, encherán as rúas galegas. Efectivamente, hai aínda moitas razóns para a reivindicación. E hoxe, despois de escoitar o presidente galego, quedounos clarísimo.

Ben, vaia por diante que agradecemos que o Partido Popular traia a este Parlamento o debate sobre a violencia sexual, porque, á vista da súa iniciativa, entendemos que este era o debate, a violencia sexual; e máis tendo en conta que nos últimos tempos se está incrementando de maneira moi preocupante este tipo de agresións —e tamén no noso país, tamén no noso país—.

O que teño que confesar é que xa non temos moi claro se traen este debate por verdadeira preocupación ou por puro oportunismo electoral. Tememos que sexa o segundo, francamente. E máis —como digo— despois de escoitar o presidente Rueda, que, en vez de explicar aquí o que está facendo para traballar e avanzar na igualdade das mulleres e dos homes, tirou dun argumentario indecente, ¡indecente!, que hoxe explicou, por suposto, moitas cousas.

Digo que para vostedes esa preocupación debe ser un pouco relativa porque, claro, tendo o noso Goberno moitas —moitas non, moitísimas— competencias nesta materia, vostedes hoxe non lle poñen ningún deber á Xunta de Galicia. Novamente traen aquí esta iniciativa sen deberes á Xunta de Galicia. De feito, saben ben que nalgún outro parlamento autonómico non lles deixaron presentar precisamente unha iniciativa moi similar —por non dicir exactamente igual a esta— precisamente porque tiraba pedras para arriba e non se centraba no que tiña que centrarse. Despois, se quere, cóntolle en que parlamento foi.

En definitiva, non lle poñen ningún deber a este Goberno e só apuntan ao do Estado, algo que para nós é inexplicable. E dígolle, ademais, por que. Porque, se quere falar do Pacto de Estado, podemos falar. Vamos falar. Nós calquera outro día, ao mellor, viremos aquí cunha iniciativa semellante á súa a falar do incumprimento por parte da Xunta de Galicia de moitísimas medidas do Pacto de Estado. Si, si, traereinas, evidentemente.

Mire, señora Prado, xa lles avanzo que nós non lles imos comprar o marco, ese no que agochan a súa preocupación pola violencia sexual detrás dos efectos indesexados da Lei de liberdade sexual na revisión desas penas dos agresores; unha lei, recordemos, á que votaron «non». E na súa argumentación a ese «non» non estivo nunca a posible rebaixa de penas. Ese non foi nunca para vostedes o eixo do seu debate. ¡Nunca, nunca! O seu «non» foi un non, por suposto —como non—, ideolóxico; o mesmo que tamén onte dicía o señor Castro acerca da política lingüística. Son «non» ideolóxicos.

Miren, a Lei do «si é si» é unha nova conquista feminista e por iso nós dicimos «ningún paso atrás». É unha boa lei que naceu para protexer de maneira integral o dereito á liberdade sexual das mulleres e previr e erradicar as violencias sexuais. É unha lei que, entre outras moitísimas cuestións que avanza nos dereitos das mulleres, di por fin que xa non é o «non» o importante, di por fin que xa non é o «non» o importante, que só si é si. E isto seguramente foi o que tanto os molestou a vostedes.

Dito isto, ¿imos falar da lei? Veña, vamos falar da lei, porque nós no PSdeG, dende logo, non nos agochamos coma vostedes. Vamos falar da lei.



Mire, o Partido Socialista, asumindo que, efectivamente, a aplicación desta lei está a ter efectos indeseados nalgúns casos, presentou no Congreso —como saben— unha proposición de lei para a reforma técnica —en realidade, de tres leis— que afectan a esa aplicación de penas, ou a esa revisión de penas, a cuxa toma en consideración pola vía de urxencia vos tedes onte mesmo votaron que si. Entón, non entendemos en absoluto a que vén agora traer ese primeiro punto da súa iniciativa cando xa a semana pasada falaban de que ían votar que si a esa toma en consideración. Non o entendemos. Non o entendemos máis que o que pretendan sexa retorcer o debate. E non entendemos como non teñen autoemenda máis que, como digo, o que pretendan sexa retorcer o debate. E é por iso que na nosa proposta de emenda —á que dedicarei, a partir de agora, practicamente toda a miña intervención, porque para nós a violencia sexual si é unha prioridade, e debería ser unha prioridade deste Goberno— eliminamos o primeiro punto por extemporáneo, sinxelamente.

Agora xa non toca apoiar o que xa está en marcha. Agora o que toca é desexar un debate construtivo en ponencia no que poidamos acadar o maior consenso posible para corrixir esas disfuncións que está provocando esta lei; disfuncións que recoñecemos —por suposto que si—, pero sen perder de vista que o consentimento ten que seguir no centro. Como digo, a proposta xa está en tramitación. Trallemos agora todas xuntas na súa reforma; por certo, tamén co Bloque Nacionalista Galego, que onte votaba en contra a pesar de que manifesta na súa emenda que é necesario reformala. Nós preguntámoslles: ¿cal é a súa proposta? Nós tamén pensamos iso. ¿Cal é a proposta do BNG —dígoo porque están vostedes aquí—, cal é a súa proposta, para reformar esta lei? E preguntolles iso porque entenderán que esta lei —que sae dun goberno de coalición— é tamén nosa, é tamén unha lei socialista. É unha lei socialista da que estamos orgullosas. Si, estamos orgullosas igual que estamos orgullosas de pertencer a un partido que situou España á vangarda das políticas de igualdade sempre que gobernou, ¡sempre! (*Aplausos.*) Así que isto, señorías, que penso que non pode poñerse en cuestión, dende logo, non creo que poida poñerse en cuestión, ¿leva, de verdade, ás señorías do BNG a pensar que existiría algunha outra opción de modificar a lei para corrixir as deficiencias na súa aplicación e que non desvirtúe o propósito do lexislador que a que nós presentamos onte? Non a hai. É froito dun traballo concienciado. ¡Non a hai! E isto non significa en absoluto —rógolles por iso, de verdade, menos demagogia— que esteamos desprotexendo as mulleres. Continúa estando o consentimento no centro, non aparece a figura do abuso e, dende logo, non hai unha maior carga probatoria para as mulleres. En todo caso, trallemos xuntas para conseguir que esta reforma sexa a mellor posible.

E, en fin, sobre isto, nada máis, que xa lle dediquei demasiado tempo ao seu marco, señora Prado. Entendendo que esta PNL pretende pór o foco na violencia sexual, a pregunta é se existe preocupación, porque non o temos por que poñer en dúbida porque o Partido Popular só lle poña deberes ao Goberno do Estado. Pensamos nós se o Goberno galego non ten competencias nesta materia. Ten moitas, e de aí, como digo, a nosa emenda que si vai á raíz do problema: a previr a violencia sexual, a traballar na súa erradicación e, por suposto, a protexer as vítimas. Vostede céntrao todo nesa lei e no Pacto do Estado referido á violencia sexual. Ben, nós imos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, lea a súa iniciativa. Ao mellor é que xa non lembra.

De aí que nós propoñamos:



Primeiro punto. Incluír a educación afectivo-sexual no currículo formal de todas as etapas educativas. A isto, señora Prado, obrígaos a lei —e non unha, ¡dúas leis!—. Inclúan a educación afectivo-sexual, que é a raíz de todo o problema, no currículo formal. ¿Será esta, por suposto, unha das cuestións polas que vostedes votaron en contra? Si, será unha das cuestións polas que vostedes votaron en contra desta lei.

Segundo punto. Elaborar unha estratexia integral contra a violencia sexual con especial atención á mocidade e á pornografía. Todos os axentes implicados no tratamento da violencia sexual inciden na importancia de traballar coa mocidade á vista do incremento desta violencia nas idades máis temperás. E vexo agora aquí moito alumnado que entenderá do que se está falando. Igual que hai que poñer o foco na pornografía, que, á falla desa educación afectivo-sexual nos colexios, está funcionando como axente educador e xa hai estudos que alertan a partir dos oito anos. Centren vostedes os seus esforzos aí. Isto, por certo, no que ten que ver coa prevención.

Xa na protección ás vítimas solicitamos que se implanten de maneira simultánea nas catro provincias galegas os centros de crise 24 horas. Hai uns días a conselleira de Igualdade anunciaba a apertura inminente de catro centros, deses catro centros aos que obriga —como digo— esta lei. En principio era nos seis primeiros meses, pero agora xa é ata decembro. Anunciábaos en Santiago, Vigo, Lugo e Ferrol. ¿E Ourense? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois é que, se non sabe nin o que fai a súa propia conselleira..., en fin. A provincia de Ourense é a que queda outra vez desprotexida. Xusto a provincia de Ourense, que é a que menos centros de información á muller ten, é a que queda desprotexida. Nós non entendemos por que teñen que volver discriminar esta provincia.

Hai outra cuestión importante, como é a de velar polo benestar das vítimas de violencia sexual, que propoñen na súa iniciativa. Pero, claro, só poñen o foco nas que viron como os seus agresores viron reducidas as súas penas. Nós, no Partido Socialista, poñemos o foco en todas e mostramos dende aquí toda a solidariedade con esas mulleres. Entendemos o seu temor, a súa dor, a súa preocupación —por suposto que si—, pero esa protección e asistencia debe ser con todas as vítimas de violencia sexual. Por iso, dende logo, nós o que pensamos é que a Xunta de Galicia debe poñer á disposición desas vítimas dos agresores todos os recursos existentes que eviten esa revitimización.

E, xa por último, como falan de dar cumprimento ao eixo 8 do Pacto de Estado, no que, por suposto, concordamos —aínda que vostede creo que está un pouco perdida, porque xa están incluídas, esta nova lexislación xa corrixe moito do que vostede dicía—, nós tamén lles reclamamos que, para dar cumprimento a outro eixo, por exemplo o 3 —señora Prado, entendo que vostede tamén dirá que si e que non terá problema en aprobalo—, redacten un plan de adecuación dos xulgados de violencia sobre a muller e xulgados especializados, tal e como di o eixo 3. Non teño máis tempo para lelo pero supoño que vostede poderá atopalo facilmente.

E xa que falamos tamén sobre o Pacto de Estado, solicitamos —porque, a pesar de que a conselleira se comprometeu nesta mesma Cámara, aínda non o temos— que envíen dunha vez por todas ao Parlamento de Galicia, antes de que finalice xa este período de sesións —nós



pensamos que xa ía estar no mes de xaneiro sobre a mesa pero non está—, un informe detallado de fiscalización dos fondos do Pacto de Estado dende o seu inicio. Queremos saber, porque despois pasa que vostedes sacan estas campañas nas que as mulleres somos monumentos, ou o de «ten coidado como saes á rúa, que ao mellor pode pasarche algo, a culpa túa». Aí é onde está gastando os cartos do Pacto de Estado a Xunta de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Si, remato xa.

En definitiva, se o propósito desta iniciativa do PP era unha preocupación lóxica pola violencia sexual, nós entendemos que non terá problema ningún en aceptar a nosa proposta, que perfila, xunto cos puntos que vostede introduce na súa iniciativa, unha estratexia integral para loitar contra o que é —non probablemente senón seguro— a forma máis repugnantante que hai de violencia machista.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de dar a palabra ao seguinte grupo, expresamos un saúdo afectuoso aos alumnos de sexto de primaria do CEIP Isaac Díaz Pardo de Culleredo. Todos eles, alumnos e alumnas e os mestres, sexan benvidos á casa de todos e todas.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños polo tempo de dez minutos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe é 8 de marzo de 2023, e, xa que saen aquí titulares, pois eu quero resumir tamén o punto no que estamos hoxe. Hoxe é 8 de marzo de 2023, e o que vimos onte é un gran paso atrás protagonizado pola dereita abertamente extrema, pola dereita non tan aparentemente extrema e por un Partido Socialista, señora Díaz, absolutamente irrecoñecible. Porque onte iniciouse un paso atrás para que o consentimento deixe de ser o elemento central que determina que haxa ou non haxa unha violación. E iso é un retroceso (*Aplausos.*) porque iso é o que o feminismo estivo reivindicando no ciclo mobilizador dos últimos cinco anos desde a primeira folga feminista.

Ese é o gran retroceso. Non nos sorprende por dúas cuestións. Primeiro porque sabemos de onde vimos. Botamos a ollada atrás, á historia, e sabemos que —como dixo Simone de Beauvoir— bastará calquera crise para que se cuestionen, en primeiro lugar, os dereitos das mulleres. E iso é o que estivo pasando onte e nos últimos meses: o cuestionamento dos dereitos das mulleres e a cesión por parte de partidos como o seu, señora Díaz, ante ese escenario. E, en segundo lugar, porque sabíamos —cando o feminismo avanzou tanto na hexemonía so-



cial— que non ía ser tan doado, que o patriarcado é forte e que non se ía deixar desmontar tan facilmente; e que, en parte, se apropiaba do discurso do propio feminismo para intentar calmar esa forza mobilizadora social.

Iso é o que hai de fondo, van caendo as carautas. Pero nós o que temos que dicir é que imos seguir loitando centradas no esencial, que é a protección da vida das mulleres, dos nosos dereitos, e camiñado cara adiante para que todos e cada un sexan recoñecidos ata que todas poidamos vivir una vida en liberdade. E por iso non nos molesta o máis mínimo que veña este debate a esta Cámara. Todas, absolutamente todas, as veces que falemos aquí de violencia sexual serán insuficientes porque é un asunto importantísimo para a vida de máis da metade das mulleres.

Recentemente, un estudo publicado pola ONU estimaba, a nivel global, que 736 millóns de mulleres foran violadas xa no mundo, que experimentaron violencia física ou sexual, e que basicamente 1 de cada 3 mulleres no mundo foron, ou imos ser, violadas. Iso dá idea da dimensión dun problema estrutural, dun problema que se estende ao conxunto da sociedade e que, dende logo, debería centrar moito os nosos debates e as nosas iniciativas. O que nos preocupa é que non temos dúbida de que a intención do Partido Popular —estao demostrando nas últimas semanas e nos últimos meses— non é centrarse no importante —que é atender as necesidades de como melloramos o sistema de protección—. Non, é facer, unha vez máis, carroñerismo político, servilismo á estratexia electoral de Génova, e buscar un elemento sensible como arma arreboladiza. *(Aplausos.)* Non temos dúbidas a estas alturas.

Ao Partido Popular non lle gusta iso de «miss e míster lameira» para os seus voceiros que enlaman este debate constantemente. Pero, dende logo, están demostrando que si son o partido da lameira neste ámbito. E direilles por que. Porque, miren, a todas luces a Lei do «só si é si» é un avance. Foi un avance porque incorporou o consentimento como elemento central, porque incorporou medidas que non existían para a protección das vítimas de violencia sexual e porque determinou unha folla de ruta para crear un sistema de atención e protección. E por iso estivemos do lado desa lei. E é evidente que na aplicación práctica está habendo problemas. Hai problemas de interpretación se coa mesma lei uns xulgados determinan unha rebaixa de penas e outros non. E nós dicimos que iso se analice e que iso se modifique, e dicimos como pero sen tocar a cuestión do consentimento. É así de esencial.

Quen ten que explicar a súa posición é un partido que o que fai é firmar a mesma proposta que a extrema dereita —punto por punto e coma por coma— que cuestiona a existencia da violencia machista. Esa é a cuestión. E nós dixemos que se estude, que se fale e que se intente impulsar desde o ámbito do Congreso unha proposta de consenso; porque, se foi posible un consenso amplo para que se aprobase esa lei, debería ser posible un consenso amplo para que se modifique. E o resto é que cadaquén privilexia a súa estratexia electoral —sexa de oposición ao partido do Goberno ou sexa de oposición a un partido do Goberno— sobre outras cuestións. Nós non imos entrar niso, e por iso presentamos unha emenda que vai nun sentido moi claro, que é o de avanzar e o de manter os consensos que tiñamos.

Precisamente, na nosa emenda facemos mención aos consensos que xeramos aquí nesta Cámara en 2018 e en 2019 para mellorar o sistema de protección e de atención ás vítimas de



violencia sexual en Galiza e tamén respecto do Estado; acordos tan esenciais como facer campañas e incorporar un itinerario claro de información na páxina *web* da Consellaría. Porque Galiza, que desde hai moitos anos considera a violencia sexual como violencia machista, xa tiña un sistema de protección para todas as vítimas; pero o feito de que a lei estatal ignorase que a sexual era violencia machista facía que moitas non fosen conscientes. Pois en 2023 nin sequera se actualizou aínda a páxina *web* da Consellaría para que iso estea xa dispoñible. Dá idea xa da falta de vontade nalgúns ámbitos da Xunta de Galiza para poñerse os seus propios deberes. Igual iso é o que explica que a proposta de hoxe estea unicamente centrada no ámbito do Estado.

Incorporamos tamén na nosa proposta de emenda cuestións como que se implementen melloras na formación dos axentes que interveñen na cadea de atención á violencia sexual. Incorporamos propostas como, por exemplo, que se sexa ambicioso desde o autogoberno e que eses centros de recuperación e atención 24 horas pois se poidan garantir en todo o país, tendo como referencia os hospitais comarcais. Son cuestións nas que temos que traballar e cuestións nas que hai marxe para o consenso.

O problema é que o Partido Popular saíu do consenso que existía, saíron vostedes do consenso; porque precisamente nestas propostas impulsadas por esta Cámara co voto de todos e todas había un elemento que era apostar pola vía de recoñecer o consentimento como un elemento central para determinar o que é ou non é unha violación. Vostedes saíron dese consenso e nós —desde logo, no BNG— temos claro que o que está pasando non favorece a ningún. En primeiro lugar, ás vítimas, porque reforza o discurso dos negacionistas e porque impera a política do medo, do medo a denunciar —cando xa só se denuncian un 20 % das violacións— e do medo a non estar ben atendidas —está xerando, desde logo, unha cuestión inasumible socialmente—. E tamén estamos en contra do que están facendo porque vostedes mesmos, que veñen aquí a defender o cumprimento do Pacto de Estado e do Convenio de Istambul, están renegando do Pacto de Estado e do Convenio de Istambul, porque precisamente a Lei do «si é si» o que facía era, con máis de dez anos de demora, incluír as cuestións de violencia sexual que recolle o artigo 36 dese Convenio de Istambul do ano 2011 —que só se ratificou no Estado español en pleno goberno Rajoy, con atraso, que non se aplicou ata o 2014 e que, desde logo, dez anos despois aínda non estaba implementado a nivel legal—. Desde logo, vostedes queren un cumprimento selectivo do Convenio de Istambul e nós o que quereamos é que se cumpra integramente, que se aplique o que dicía xa o Informe Grevio no 2020 —que xa llelo lemos aquí—, que é que o Código penal tiña que mudarse para que a violación sexa todo acceso carnal sen consentimento con independencia de que exista ou non violencia ou intimidación. Porque vostedes queren retrotraernos ao de antes, a esas sentenzas da «manada» nas que tivemos que ver neste Estado como unha muller era violada por cinco homes reiteradamente, gravado en vídeo, distribuído por Whatsapp, e foi cuestionada. Iso considerouse un abuso porque teoricamente non tivera a fortaleza de resistirse suficientemente. Pero ¿de que estamos falando? Estamos falando de que as vítimas de violencia sexual teñen que demostrar que se resistiron para ser consideradas vítimas. Iso é, desde logo, un paso atrás, e dirémolo con todas as letras e todas as veces que haxa que dicilo.

Desde logo, temos que lamentar esta campaña de ataques e cuestionamento que xera dúbidas sobre a protección, sobre as garantías, sobre a condena social e xudicial pero que sobre todo



xera dúbidas nas vítimas e que cuestiona as mulleres. Isto é, desde logo, terrible, e nós non queremos volver a ese marco anterior a 2017. Desde logo, o que queremos é cambiar o foco do debate, o que queremos é que nos centremos nas propostas de mellora. Por iso presentamos unha emenda que é construtiva.

O primeiro punto da proposta do Partido Popular non ten sentido xa, xa que sucedeu a votación de onte no Congreso das e dos Deputados e, polo tanto, temos que centrarnos en medidas para mellorar o marco. Polo tanto, nós estamos plenamente de acordo con que se cumpra o Pacto de Estado, con ser exixentes co Estado español para que se faga en todos os seus aspectos —desde a Lei de trata a moitos outros—. Pero tamén queremos poñerlle deberes á Xunta de Galiza, que parece que é algo que tampouco quere aceptar este 8 de marzo. Vímolos onte co tema do Plan de igualdade da Xunta, que segue incumprindo a súa propia lei, e veremos o que fan con esta proposta de emenda.

Nós propoñemos melloras no cumprimento dos acordos incumpridos, como esas cuestións da páxina *web* que mencionaba; melloras na cadea de formación; melloras con ambición desde o autogoberno para os centros de atención ás vítimas que se están a organizar e impulsar neste momento. E entendemos que esta ten que ser a vía. Desde logo, a pelota está no seu tellado. Se queren diálogo, consenso e avanzar en medidas concretas, teñen a oportunidade de presentar unha proposta de transacción; se non, pois o que demostrarán é que hoxe moito lazo lila pero que, desde logo, queren seguir rebozándose na lameira. Se esa é a súa estratexia, pois, desde logo, seguirán facéndoo en solitario. Nós, desde o BNG, seguiremos centradas no importante, que é avanzar polos dereitos das mulleres, avanzar pola protección das vítimas de violencia sexual e avanzar para ter unha Galiza máis libre e máis feminista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Pecha a autora da proposición non de lei.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, quen está instalada na lameira, señora Presas, é vostede, porque dende o minuto un da aprobación da Lei do «só si é si» vostedes —e vostede mesma nesta tribuna— botáronlles a culpa da aplicación da lei aos «xuíces fachas». Iso está no *Diario de Sesións* e está na mediateca desta Cámara. (*Aplausos.*)

E, mire, vostede di que esta lei supuxo avances. ¿Sabe por que se modifica esta lei? Lea o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial publicado este 1 de marzo. Voulle dar os datos dese consentimento que vostedes din: «Máis da metade das rebaixas dos últimos meses benefician a agresores de nenos e nenas» —que nos están vendo, por certo—. «Producíronse absolucións en todos...» —non o di o Partido Popular, dío o informe do Consello Xeral do



Poder Xudicial— «...os casos do delito de abuso sexual mediante engano a menores de 16 e 17 anos». No caso do Tribunal Supremo, das 26 sentenzas sometidas a revisión, 10 reduciron condena; 16, non. Son pedófilos e pederastas, agresores sexuais de nenos.

E agora o gran avance, segundo a señora Presas e o Bloque Nacionalista Galego, é que se considera que non é delito se existe consentimento, aínda que se teñan 14 anos. Non se castiga salvo que quede demostrada a violencia ou intimidación. Se o neno di que si por engano ou polo que sexa e non hai violencia, pois beneficia o agresor. Ese é o consentimento que vostedes consideran un gran avance. Señorías, por favor, pídolles que rectifiquen, falen con expertos penalistas, deixen a ideoloxía a un lado e protexan os nenos e nenas deste país. *(Aplausos.)*

Recentemente houbo un recorte dun ano a un home por agresión sexual á súa sobriña. ¿Cantos anos tiña? Tiña 8 anos, ¡8 anos! ¿Por que? ¿Por que? Díganme por que se reduciu esa pena. Pois explícollelo agora mesmo, acábollelo de explicar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Un pederasta que contactou cun neno por Instagram tivo unha condena que pasou de 8 a 6 anos. Tiña 12 anos ese neno, ¡12 anos! ¿Que pasa, señorías?

Isto non é lameira, isto é a realidade, a realidade que describe o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial do 1 de marzo. Pídolles, por favor, que o lean detidamente para que vexan as consecuencias da lei. Non son por culpa da interpretación dos xuíces. É unha lei mala, é unha lei nefasta, é unha lei que produce retroceso na defensa dos dereitos das mulleres. Xa está ben de tanta ignominia. *(Aplausos.)*

E onte o Bloque Nacionalista Galego non votou en contra da modificación da lei, votou en contra da toma en consideración da lei. Nin sequera queren que se modifique; porque, se vostedes quixesen que se modificasen esas nefastas consecuencias votarían que si á toma en consideración e logo xa emendarían. *(Murmurios.)* Pero non, a súa ideoloxía impídelles poñer cordura nesta nefasta lexislación do «só si é si», señorías. *(Aplausos.)*

Señora Díaz, vostede nin leu a miña iniciativa nin escoitou o que eu lle dixen. Vostede traía escrita a súa intervención, pensou que eu ía falar todo o rato da Lei do «só si é si» e veu falar da Lei do «só si é si». A min parécese moi ben. De Ferraz mandáronlle o argumentario e vostede veu aquí e leuno. Pero eu falei de moitas medidas do Pacto de Estado que non se están cumprindo. Vostede dixo aquí que moitas desas se cumpriron. Non me citou nin unha soa das que eu dixen, ¡nin unha!, ¡nin unha! ¡Nin unha soa, señoría, e tivo moito tempo! Pero veu aquí co discurso que tiña escrito e eu lamento tela defraudado, lamento ter falado de medidas concretas do Pacto de Estado que non se cumpriron. Vostede veu falar da Lei do «só si é si» porque ten tamén moita conciencia que limpar.

E, miren, señorías, a nosa compañeira Marta González —xa llelo expliquei máis veces pero vostedes non quere entender— explicou na tramitación da lei que estas consecuencias de rebaixas de condenas se ían dar —ademais dos informes técnicos e dos informes do Consello Xeral do Poder Xudicial, que vostedes obviaron, e de moitos informes que estaban no expediente do anteproxecto de lei—. Pero vostedes puxeron a ideoloxía por riba da cordura e por riba da defensa dos dereitos das mulleres.



Mire, señora Díaz, a nosa iniciativa ten cinco puntos, ¡cinco! Vostede falou dun, non falou do resto; do resto vostede non dixo nada. Vostede dixo que eu falaba de agresións, de violencia sexual. Non, non, eu aquí falei doutras cousas. Falei de violencia de xénero, falei da atenuante do consentimento, falei da atenuante da reparación do dano, falei da violencia dixital, falei das novas tecnoloxías, falei dos contidos do audiovisual nas redes sociais con violencia contra as mulleres. ¡Vostede de todo iso non quere falar! ¿Por que? Porque vostedes teñen o Pacto de Estado nun caixón, señorías, teñen o Pacto de Estado contra a violencia de xénero nun caixón. E vostede, o pasado 25 de novembro, trouxo unha iniciativa a esta Cámara para pedir a prórroga do Pacto de Estado. E nós votamos que si, votamos que si. Pero dende entón ata hoxe seguen sen facer absolutamente nada.

E dicía vostede: ¿que fai a Xunta de Galicia? Pois, mire, ¡a ver se o Goberno de España é capaz de presentar cada ano, como fai a Xunta de Galicia, un informe das medidas que se aprobaron e que se puxeron en marcha do Pacto de Estado!

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostede non pode presentar un documento así do Goberno de España, señoría. E nós, da Xunta de Galicia, si; do Goberno do Partido Popular, si. *(Aplausos.)* ¡Aquí o ten! Cando queira, teno tamén na páxina *web* se o quere ver.

Miren, nós podemos aceptar algunha das cuestións. O que non imos aceptar é que o Partido Socialista suprima da nosa iniciativa, como pretende coa súa emenda, este parágrafo: «Velar polo benestar das vítimas cuxos agresores fosen excarcerados ou se lles rebaixase a pena como consecuencia da Lei 10/2022, do 10 setembro, de garantía integral».

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Polo menos, señora Díaz, polo menos, «velar polo benestar das vítimas» non o quite, señora Díaz. Non llelo quite ás vítimas. Polo menos, pídanlles perdón ás vítimas e non suprima da nosa iniciativa «velar polo benestar das vítimas». Iso non o podemos aceptar, señora Díaz, non o podemos aceptar.

E di vostede que no punto 1 dicimos: «Revisar pola vía de urxencia a lei orgánica». Pois, claro, é que, se non fose polos votos do Partido Popular, onte, no Congreso dos Deputados, non sairía adiante a proposición de lei do Partido Socialista. O Partido Popular claro que está a favor de modificar a lei, pero queremos vela publicada no *Boletín Oficial do Estado*, e ata ese momento hai que seguir traballando. *(Aplausos.)* E, por tanto, seguirá na nosa iniciativa esa revisión, porque entra o proceso de emendas e nós non sabemos ata que punto os poden presionar os seus socios de goberno para que as emendas sexan outras e vostedes apoiem outras emendas. E nós, mentres non vexamos reflectido no *Boletín Oficial do Estado* esa modificación...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que recupere a defensa dos dereitos das mulleres, non imos cesar no empeño.

Moitísimas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

¿Entendo que intentarán transaccionar? (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Vale.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 51006, unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e a 51016, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —de Xosé Luís Bará—.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei 49599 (11/PNP-004095).

Emenda de substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes iniciativas:

1.º Que se cuantifique o retraso concreto que sufrirá a renovación da frota da liña ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia.

2.º Que se outorgue a Galicia as mesmas medidas compensatorias anunciadas para Asturias e Cantabria para minimizar os prexuízos derivados do retraso na renovación dos trens da liña ferroviaria de ancho métrico que operan na nosa Comunidade e que aseguran aos usuarios a gratuidade do servizo, cando menos, ata 2026.

3.º Que se garanta que na solución que se adopte os novos equipos cumpran cos requisitos de deseño interior, confort e moderna tecnoloxía inicialmente previstos, sen perda algunha das condicións de seguridade, eficiencia enerxética e accesibilidade.

4.º Que se impulse un Plan, coas características técnicas e os investimento precisos, para electrificar a totalidade da liña de ferrocarril de ancho métrico que opera en Galicia, nun prazo razoable de tempo, coas condicións que permitan un tráfico mixto de viaxeiros e mercadorías.



5.º Que se acompañe a necesaria modernización do material rodante na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo co incremento de frecuencias que permitan atender axeitadamente a demanda de mobilidade dos usuarios.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 49599 (11/PNP-004095).

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

“6.º Que se apliquen na liña Ferrol-Ribadeo as medidas anunciadas polo Ministerio de Transporte en compensación polo retraso na entrega dos trens.

7.º Que se inclúa a totalidade da liña Ferrol-Ribadeo no servizo ferroviario de cercanías.”)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular esta proposición, ten a palabra por dez minutos don José Manuel Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, saltaban todas as alarmas cando a finais do mes de xaneiro a entidade pública de titularidade estatal Renfe seguía sen recibir ningún dos 31 novos trens encargados hai tres anos para renovar a frota ferroviaria da rede de ancho métrico —o que significa a antiga Feve, que, como seguro saben, opera principalmente no norte de España, no País Vasco, Cantabria, Asturias, Castela e León e tamén en Galicia—. Pouco despois soubemos que a empresa adxudataria informou a Renfe de que as características técnicas das novas unidades tiñan un erro de cálculo, ou, dito doutro modo, que os novos trens non collían polos túneles presentes nese percorrido. Eran informacións que coñeciamos, por certo, polos medios de comunicación, por canto, ata que se viron forzados a admitilo, tanto Renfe como o Ministerio pretenderon ocultar a situación negando aos cidadáns datos dunha negligencia evidente.

Esta chapuza sen precedentes traerá aparellada a perda de miles de cartos públicos e o atraso durante, polo menos, tres anos do compromiso para a modernización do material rodante da antiga Feve. E prexudica directamente a Galicia. Aquí temos a liña Ferrol-Ribadeo-Xixón de vía estreita, Feve. Citárona cando adxudicaron o contrato e permitía un plan de modernización da liña. Prometérono no ano 2018 e ese plan non se cumpriu.

Esta chapuza é un claro síntoma do desprezo e do abandono do goberno de Sánchez das nosas infraestruturas. Sabémolo ben en Galicia. Sánchez non cumpre o que promete. A relación de incumprimentos do Partido Socialista con Galicia é interminable: transferencia da AP-9, suba das peaxes, atrasos na autovía Lugo-Santiago, ningún avance no resto das autovías, desatención do corredor atlántico. Sánchez non cumpre cos galegos cando é incapaz de facer valer un só prazo sobre a entrega dos tres AVRIL nin explica que tipo de trens recibiremos pese ao mandato unánime deste Parlamento para que o faga.



Sánchez non cumpre cos galegos cando mantén pechado o principal acceso a Galicia pola provincia de Lugo, a autovía do noroeste, a A-6. Hoxe sabemos que o segundo viaduto non se vai construír simultaneamente nin tramitar pola vía de urxencia, como estamos pedindo en Galicia, o que seguirá atrasando a solución.

Os incumprimentos do goberno Sánchez en materia de infraestruturas son un claro maltrato a Galicia, maltrato ao que agora temos que sumar estes trens que non caben polos túneles. Hai quen, despois de todo isto, se atreve a soste que o cesamento de dous altos cargos no Ministerio o soluciona todo, cando a realidade é que quen debería de marchar é a señora ministra. As saídas da secretaria de Estado de Infraestruturas e do presidente de Renfe eran necesarias porque estaban obrigados a asumir as responsabilidades políticas. Con todo, agardamos que os novos altos cargos teñan máis sensibilidade e teñan máis compromiso coa comunidade galega que os seus predecesores.

Señorías, hoxe, a través desta iniciativa, os populares galegos pedimos a Sánchez explicacións.

Primeiro, queremos que cuantifique o atraso concreto que sufrirá a renovación da frota da liña ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia.

Segundo, que se garanta que os novos trens cumpran cos requisitos de deseño interior, confort e moderna tecnoloxía inicialmente previstos, sen perda ningunha das condicións de calidade.

Terceiro, pedimos a Sánchez igualdade de trato. O Ministerio debe incorporar a Galicia nas compensacións que prometeu a Asturias e Cantabria polo atraso na posta en servizo dos trens de Feve; compensacións que se traducirán na gratuidade do servizo ata que cheguen as novas unidades. Solicitamos o mesmo trato para Galicia porque o contrato errado deses trens de ancho métrico afecta tamén a liña entre Ribadeo e Ferrol. Pero ata tal punto chega o desprezo que o Ministerio nin tan sequera convocou a Xunta de Galicia á reunión mantida cos gobernos de Asturias e de Cantabria para abordar o problema, e agora pretende deixarnos fóra das compensacións a Galicia. Non quixera pensar, señorías, que Sánchez exclúe a Galicia porque os galegos non votan demasiado o Partido Socialista.

En cuarto lugar, demandamos un compromiso claro, con feitos, coa mellora do Feve en Galicia. O Goberno está obrigado a corrixir o enorme déficit e facer que se cumpran as melloras técnicas, organizativas e de dotación de persoal precisas para garantir o axeitado funcionamento deste servizo público. A realidade é que o funcionamento de Feve non deixou de deteriorarse desde que Sánchez accedeu á Presidencia do Goberno. Multiplicáronse as queixas, queixas que non só proceden dos pasaxeiros deste servizo ferroviario e dos representantes municipais dos concellos que percorre, senón tamén dos seus traballadores, que denuncian recortes en materia de persoal como nas tarefas de mantemento e modernización da rede. Así, por exemplo, non se recuperaron os horarios e frecuencias que o Ministerio de Transportes recortou durante a pandemia. Son habituais as avarías na frota de trens e os atrasos nas liñas que operan, e non existe unha planificación de reforzo nas épocas de maior demanda no verán ou nos festivos, evitando así hacinamento nos vagóns.



E, finalmente, pensando no futuro, queremos que se impulse un plan cos investimentos precisos para electrificar a totalidade da liña de ferrocarril de ancho métrico que opera en Galicia nun prazo razoable de tempo, que as condicións permitan un tráfico mixto de viaxeiros e mercadorías. Porque pola liña que une Ribadeo e Ferrol só poden circular trens híbridos, porque non está electrificada. E, pese a prometerlo, Sánchez non cumpriu o compromiso con estas infraestruturas.

Señorías, os galegos non entenderían que hoxe non saíse deste debate un mandato unánime con deberes claros ao Goberno de Pedro Sánchez en relación coa liña ferroviaria da antiga FEVE. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego quizais voten a favor desta iniciativa, porque xa o fixeron no pasado, pero agardo sinceramente que non o fagan vostedes coa boca pequena.

O Bloque Nacionalista Galego é incapaz de forzar os seus socios a cumprir con Galicia. E os incumprimentos do Partido Socialista non teñen consecuencias, porque entre Sánchez e Galicia, o partido da señora Pontón sempre escolle a Sánchez.

O Partido Socialista vota unha cousa en Santiago e fai outra diferente en Madrid; todo iso baixo o silencio cómplice dos dirixentes socialistas galegos ou dos alcaldes socialistas na Mariña, Ortegal e Ferrolterra.

Cada día é máis evidente que un voto prestado ao Partido Socialista é un voto regalado a Sánchez. A Sánchez acábaselle o tempo pero as súas negligencias, se non se corrixen, pagá-molas todos. Non se poñan do lado daqueles que constrúen trens que non caben polos túneles. Teñan vostedes a valentía e teñan a coraxe de defender a Galicia.

Señorías, se isto nolo contan, quizais non crésemos que tiveramos que estar no Parlamento de Galicia debatendo unha iniciativa porque hai un goberno, neste caso o Goberno do Estado, que pide uns trens que non caben polos túneles, que estaban feitos antes de pedir os trens. Dirían na Mariña de Lugo... Bueno, non vou dicir o que dirían na Mariña de Lugo, porque é un taco como moi grande, pero dirían: ¡manda carallo!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, señor Balseiro.

É agora a quenda para o grupo emendante, o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Hai un famoso poema de Xoán Manuel Pintos, do libro *A gaita galega*, do ano 1853, que se considera unha obra fundacional da literatura galega; dez anos anterior a *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. E neste libro hai un famoso poema que di: «*Ou Galicia, Galicia boi de palla, / Canta lástima ten de ti o Gaitero, / O aguillón que che meten é de aceiro / E con el muita forza te asoballa*». (*Aplausos.*) Eu estou tentado de facer unha modificación deste poema, poñelo



en palabras actuais e sería: «*Ou Galicia, boi de palla, / canta lástima ten de ti o Balseiro,...*». (Risos.) «*...o aguillón que che meten é de aceiro, / e con el Pedro Sánchez te asoballa*». (Risos.)

Efectivamente, hai unha cousa boa que ten Pedro Sánchez —que eu, a verdade, é que non reparara nela—, esta cousa boa é que lle provoca uns arrebatos de protonacionalismo ao Partido Popular que nos deixan..., (Aplausos.) é dicir, é espectacular. Como siga máis Pedro Sánchez na Moncloa, vostedes directamente abrazan o soberanismo, o secesionismo e deixan quedar a Baviera pero como una caricatura. (Risos.) Como sigan así, realmente vannos mover os marcos, mesmo ao Bloque Nacionalista Galego.

Ben, e isto vén a conto do tren Ferrol-Ribadeo, de ancho métrico, que posibelmente sexa —eu creo que non posiblemente— a peor liña ferroviaria de Galiza, en dura competencia —hai que dicilo— coa situación de illamento ferroviario de Lugo —non nos cansaremos de repetilo— e tamén co desastroso estado da liña entre A Coruña e Ferrol. Esta situación calamitosa non é por unha maldición bíblica, ten unhas causas, ten uns responsábeis.

Di o Partido Popular na súa iniciativa: «A rede ferroviaria de ancho métrico vén sufrindo un progresivo deterioro nos últimos anos ante unha evidente falta de compromiso e de interese do Ministerio de Transportes por este servizo público». Faltoulle dicir: por decisións do Goberno do Partido Popular e do Partido Socialista, porque esta é a causa desta situación. Vostede di «nos últimos anos». Non, non, isto é desde os anos 2011 e 2012, que é cando empezou o desmantelamento ferroviario en Galicia, gobernando o Partido Popular. Vostedes teñen aquí un pequeno exercicio de problema de amnesia.

Entón, vostedes pasaron de defender no ano 2011 a creación do ente ferroviario galego a abrazar o trenicidio perpetrado polo Goberno do Partido Popular a partir do ano 2012. Fíxese: noventa e catro trens á semana menos e peche de trinta estacións, incluídas as do ancho métrico, daquela FEVE. E vostedes calaban, vostedes non dicían nin pío; vostedes xustificaban e aplaudían estas decisións. Entón, un pouco de coherencia, señoras e señores do Partido Popular.

Claro, porque agora falan de aldraxes, falan de desprezo e de abandono, e cando se tomaban estas decisións, que eran tamén de desprezo e de abandono, vostedes non dicían nada. Din vostedes que dun tempo a esta parte se multiplicaron as queixas. ¿Como dun tempo a esta parte? ¿Vostede sabe cando se empezou a denunciar de maneira pública e notoria a situación desta liña? Pois a partir do ano 2015 e do ano 2016. E daquela fíxose un extraordinario informe que fixo a Plataforma en Defensa do Tren de Ancho Métrico, na que están as alcaldías de toda esta liña e tamén moitos colectivos sociais, para poñer en evidencia todas as deficiencias que había e para poñer sobre a mesa propostas. E, grazas a iso, algo se foi movendo nestes anos, aínda que despois todo quedou parado a partir do ano 2020.

Pero isto non é de agora, non é de hai uns meses, non é dos últimos anos; é de 2012–2018, gobernando o Partido Popular, e 2018–2023, gobernando o Partido Socialista, coresponsábeis os dous grupos políticos. E vostedes deben admitir isto e pedir publicamente desculpas, tamén pola aldraxe, polo agravio, polo abandono froito das súas decisións gobernando en Madrid.



E a única forza política que dixo o mesmo cando gobernaban uns e cando gobernaban outros foi o BNG, e facendo propostas sobre isto.

Claro, é evidente que esta liña ten que ser promocionada, fomentada como alternativa de mobilidade sustentábel. Para empezar, se queremos descarbonizar temos que potenciar estas formas de transporte, tanto para persoas como para mercadorías. Porque, ademais, aquí temos practicamente todos os portos conectados con esta liña ferroviaria e, ademais, non hai unha boa alternativa por estrada para comunicar toda esta zona de Ferrolterra, Ortegal e a Mariña ou as Mariñas, as Mariñas de Lugo e as Mariñas da Coruña.

Segundo, como instrumento de cohesión e de vertebración territorial, fundamental para este territorio, porque realmente temos xa practicamente un ferrocarril, un metro lixeiro que pode comunicar Ferrol e Narón, e un tren de cercanías que comunica Ferrol con Ortegal. E deberíamos ter un tren de cercanías tamén que conectase todos os núcleos da Mariña, que teñen condicións e características para ter un tren que funcione perfectamente como funciona noutros sitios. E tamén como recurso turístico, ¿por que non? Pois ten un enorme potencial tamén este tren por pasar por un dos territorios máis fermosos e máis atractivos de Galiza. Pois por todo iso debería ser potenciado e non desmantelado como se fixo en todos estes anos.

¿Cal é a situación neste momento froito desas decisións políticas do Goberno central gobernando o Partido Socialista e o Partido Popular? Pois que temos unha infraestrutura en estado ruinoso totalmente anacrónica, sen electrificar, sen electrificar o tramo galego, porque o tramo asturiano, o tramo cántabro e o tramo de Euscadi están electrificados. ¿Por que non está electrificado o tramo galego? Pola responsabilidade dos seus gobernos.

As únicas melloras que se fixeron teñen que ver coa seguridade, pola obriga de aplicar a normativa europea de seguridade e substitución do bloqueo telefónico, ou que teñen que estar os xefes e xefas da estación alí co teléfono —é unha especie de sinais de fume— polo bloqueo automático. Pero este bloqueo automático só se instala de momento entre Ferrol e Ortigueira, queda pendente todo o resto do trazado. Hai problemas co material rodante, e non precisamente porque sexa moi antigo —porque non é moi antigo, polo menos o da liña interrexional—. Hai problemas coa falta de persoal e a redución sistemática de persoal, tanto nas estacións como interventores como condutores, e esa é a auténtica deshumanización da liña onde as persoas son substituídas por máquinas. Hai problemas de fiabilidade polas avarías, polos atrasos, pola falta de puntualidade e pola falta de información, que é algo absolutamente desesperante. A xente agardando horas na estación a que chegue un tren que non chega, e nin sequera hai unha mínima información, con todos os medios tecnolóxicos que temos agora para poñer alí unha información sobre un atraso, para que a xente poida buscar unha alternativa e non estar alí esperando dúas horas ata que alguén vai buscar para ir a un sitio, que, ao mellor, ten a necesidade de chegar a unha hora determinada. E a necesidade, lóxicamente, de incrementar os servizos e tamén de mellorar os horarios.

Este esperpento que vivimos nos últimos meses por eses novos trens que non caben nos túneles, aí hai que aclarar, en todo caso —que nos parece que é absolutamente vergonzoso e lamentábel—, que eses tres non estaban previstos para Galiza, o cal é outro agravio a maio-



res. E non estaban previstos para Galiza porque son trens eléctricos, e aquí non circulan tres eléctricos; só había cinco unidades híbridas que poderían circular polas vías galegas.

Entón, por suposto —e así o puxemos nós na nosa emenda—, exiximos compensacións. O Partido Popular na súa autoemenda tamén incluíu as compensacións; pero, ollo coas compensacións: teñen que ser as mesmas compensacións anunciadas para Cantabria e para Asturias. E non só a gratuidade ata o 2026, señor Balseiro, porque aí o que se acordou foi gratuidade; segundo, integración tarifaria; terceiro, renovación da oferta horaria; cuarto, renovación de toda a frota de ancho métrico; quinto, plan de cercanías que chegue a mil cen millóns de euros; e, ademais, un comisionado para velar pola aplicación de todas estas medidas en tempo e forma. Pero porque os responsábeis deses gobernos se puxeron nas patas de atrás e conseguiron estes compromisos, e Galiza quedou fóra. E nós exiximos que teña absolutamente o mesmo trato, e por iso a nosa emenda.

Ademais, pedimos máis, pedimos un plan extraordinario de investimentos que inclúa a electrificación, que vostedes tamén puxeron na súa emenda. Pedimos a creación do servizo de cercanías en toda a liña, que neste momento só existe entre Ferrol e Ortigueira. É incríbel que non estea creada, porque esa foi unha das causas, por exemplo, de que toda a Mariña quedase excluída da bonificación e da gratuidade ferroviaria. É un absoluto escándalo esta discriminación.

Pedimos a intermodalidade, que se avance en algo que xa teñen en Asturias, como, por exemplo, a central de transportes, o Consorcio de Transporte de Asturias. E algo tan básico como isto o que propuxo o BNG, fíxese: Tarxeta 30, unha tarxeta válida para todas as formas de transporte. Isto é a verdadeira intermodalidade, e non facer unha estación ao lado da outra. Unha tarxeta que permita viaxar en bus, en tren, en barco, en taxi rural, en todas as formas de mobilidade. Isto porao en marcha o BNG cando governe moi proximamente. (Aplausos.)

E, por último, ter un tren propio e gobernalo desde aquí. Recomendolles que lean a entrevista que lle fixeron a Juanjo Olaizola en *El Comercio* de Asturias, que di: «Euskotren logra trens novos máis rápidos porque no pide un diseño nuevo», e di: «Cuando se invierte el público responde. El ancho de vía no es un problema sino el número de frecuencias que das.»...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir terminando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...«La inmediatez, la calidad del servicio, eso lo puedes hacer con cualquier tipo de vía. La red de FEVE está en declive, mientras que el ancho métrico gestionado desde el País Vasco, Cataluña y Valencia funciona. Se invirtió y en vez de tener que esperar dos horas al siguiente tren, lo tienes en quince minutos.».

Isto é precisamente o que queremos, o que quere o BNG para Galiza: o Galtren, non este tren chuchú que temos agora.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Bará.



É agora a quenda para o Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Vou utilizar unhas palabras do señor Balseiro: ¡manda carallo que vostede veña aquí hoxe falar da renovación do material rodante dos trens de ancho métrico! ¡Manda carallo!, señor Balseiro. (*Aplausos.*) Porque ¿cal era o plan do Partido Popular para renovar ese material rodante de ancho métrico? Eu estiven a buscalo e non o atopei, porque non o había. Porque, ¿cantos trens encargou o Goberno do Partido Popular en Madrid?, ¿cantos? Dígollo eu: cero, ningún. Polo tanto, señor Balseiro, a verdade é que ter moita valentía vir hoxe aquí defender a iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular. Porque, ¿que facían vostedes cando recortaban ata novecentos servizos no ano 2017?, ¿a que llo achacaban? Non estaba a gobernar o señor Sánchez.

Porque quero recordarlle que esa Plataforma en Defensa do Tren Ferrol-Xixón xa no ano 2020 dicía que levaba catro anos, polo tanto, dende o ano 2016, como mínimo, denunciando que se suprimían horarios. ¿E que dicía o Partido Popular? Nada.

Eu coincido con vostede en que o Goberno central está obrigado a paliar o enorme déficit ferroviario galego. Pero aí o Partido Popular ten moita, moita causa deste déficit ferroviario que estamos a sufrir en Galicia. Polo tanto, concordamos en que hai unha necesidade de mellora, de reforma e de modernización. E ese é o compromiso do Goberno central: paliar ese déficit ferroviario galego que deixou o Partido Popular.

Cando vostede falaba do tren Ferrol-Xixón, vostede sabe coma min que, a través de iniciativas do meu grupo, temos acordado aquí pedirlle ao Goberno central que siga con esa mellora do material rodado, en materia de persoal, de limpeza, de rozas, de melloras tamén nas estacións, de seguridade, de incluso valorar se son necesarias novas estacións, revisar as frecuencias... Nós concordamos en que todo iso é necesario, pero o abandono dos gobernos do Partido Popular en Madrid trouxeron esta consecuencia na que hoxe se atopa este ferrocarril. E o que trae o Goberno do PSOE en Madrid son obras e melloras, señor Balseiro, porque a maioría dos investimentos previstos no noroeste son para realizar electrificacións, o que resalta o atraso da rede ferroviaria na nosa comunidade autónoma.

Vostede falaba como que este tren sofre deterioración dende que o Goberno de Pedro Sánchez está a gobernar en Madrid. Vostede coma min sabe que non é verdade, que hai reivindicación xa do ano 2015, que viñan pedindo melloras nesta vía. Xa no ano 2018, en febreiro de 2018, aínda non chegamos a xuño de 2018, a Plataforma en Defensa do Tren Ferrol-Ribadeo denunciaba as masivas supresións dos servizos e chegaron a denunciar que nalgunhas semanas do mes de febreiro do ano 2018 paralizaron case o noventa por cento dos servizos de cercanías en Ferrolterra. Polo tanto, señor Balseiro, moito do que é sacar aquí vostede hoxe peito non ten.

Pero é que o Partido Popular e a Xunta de Galicia nunca apostaron por un servizo de cercanías no que estamos a falar no tema do ferrocarril. Dicía o señor Bará antes que abandonaron esa



proposta, que tamén acordáramos por unanimidade nesta Cámara, de crear ese ente ferroviario galego; unha proposta que despois cando o Partido Popular chegou de novo a gobernar á Xunta de Galicia meteu nun caixón e nada máis. Pero é que, recentemente tamén, o Goberno da Xunta de Galicia, ante eses proxectos pilotos ofertados polo Goberno central para poñer trens de cercanías financiados polos fondos Next Generation, non quixo participar, negouse a colaborar, negouse a dialogar. Por iso nós seguimos insistindo e pedíndolle á Xunta de Galicia que abra unha verdadeira vía de diálogo co Goberno central de cara á declaración de servizos ferroviarios de proximidade e así poder participar neses proxectos pilotos, como está a acontecer noutras comunidades autónomas. O Goberno central está disposto a asumilo, só falta que a Xunta de Galicia queira colaborar e que queira dialogar.

Vostede falaba, señor Balseiro, de que no relativo ao atraso na entrega dos novos trens de ancho métrico a outras comunidades autónomas parecía que o Goberno central quería priorizalas. Non, outras comunidades autónomas, outros gobernos autónomos mobilizáronse e pediron esa reunión coa propia ministra e exixíronlle melloras. ¿Que fixo o Goberno galego? Agora van a rebufo e piden o mesmo, o mesmo que se lles ofertou ou negociou coas comunidades de Asturias e de Cantabria. Vostedes, o Goberno galego, de novo, unha vez máis, van a rebufo. A verdade, que nós, dende logo, o que lles dean a outras comunidades autónomas, que tamén llo dean a Galicia. Pero vexo moi difícil que algunhas das peticións que realizaron dende os gobernos de Cantabria e de Asturias se poidan realizar aquí porque eles si que teñen unha verdadeira vía, un servizo de cercanías ferroviario que, no día de hoxe, aquí en Galicia non temos.

En canto propiamente á iniciativa do atraso na entrega dos novos trens de ancho métrico, quero dicir que este goberno, o Goberno de Pedro Sánchez, actuou dunha forma moi distinta á que actuaría un goberno do Partido Popular. Dende un primeiro momento, señor Balseiro, non estivemos a enganar a cidadanía, demos a cara, pedimos desculpas — algo que vostedes non están moi acostumados a facer —, recoñecemos o erro, depuramos responsabilidades, encargamos unha auditoría e creouse un grupo de traballo para centrarnos en dar unha solución e acelerar todo o posible a construción destes trens. Polo tanto, o Goberno central non agochou a cabeza. *(Aplausos.)*

Señor Balseiro, é importante puntualizar e ser claros e realistas. Eses supostos trens, encargados, por certo, por un Goberno socialista, porque o Partido Popular encargou cero, eses supostos trens xa fabricados nunca existiron. Non é verdade que eses trens estivesen fabricados. Non é ningunha chapuza a inversión que o ministerio puxo en marcha para reverter esta situación. Pero nós recoñecemos: non existiu mala fe, pero tampouco se malgastou nin un só euro de diñeiro público, porque eses trens non estaban construídos como vostede quere dar a entender. Polo tanto, non se produciu ningunha situación irreversible porque non se fabricara ningún tren.

É certo que na fase inicial de deseño do proxecto, cando se detectou que aplicar a norma estándar para o deseño dos novos trens resultaba inviable, o Goberno central púxose a traballar para reverter esta situación. Recoñecemos que atopar e decidir esta solución requiriu de demasiado tempo, tempo excesivo, que non é admisible e que exige delimitar responsabilidades — así se fixeron con eses ceses no Ministerio de Transportes — e, dende logo, determinar os



fallos que se producen no proceso. E temos moi claro que unha vez recoñecido o erro, dada a cara, agora hai que buscar solucións. E, dende logo, as comunidades autónomas que se vexan afectadas polo atraso na fabricación e na posta en marcha deses trens teñen que ser resarcidas.

Se vostedes agora piden o mesmo que para Cantabria e para Asturias, nós non o vemos mal. Dende logo, imos apoiar a iniciativa que hoxe traen a debate. O que lle botamos en falta ao Goberno galego é que non sexa un pouco máis proactivo, que non pedise con esa mesma insistencia que fixeron outros gobernos autonómicos esa reunión, que non se puxesen diante da ministra para reclamar para Galicia o mesmo que outros gobernos autonómicos reclamaron para a súa rexión. Van a rebufo unha vez máis, señorías do Partido Popular.

Imos apoiar esta iniciativa. O que lle pedimos tamén é que sexan un pouco máis serios, que aposten tamén por eses servizos de cercanías no ferrocarril, que nunca apostaron por eles, e que, dende logo, que hai a oportunidade deses fondos europeos para participar neses proxectos piloto para crear servizos de cercanías, que falen co Goberno central e que, dende logo, non deixen pasar eses fondos de recuperación, que serían tamén tan bos para mellorar o noso servizo de ferrocarril.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Otero.

Para pechar o debate ten a palabra o autor dela, o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señor Bará, créame que eu o levo observando a vostede, e persoalmente todo o contrario, non teño nada con vostede, pero politicamente eu téñolle dito a algún compañeiro, despois de escoitalo a vostede nos debates, que a vostede se lle parou o reloxo hai tempo. Dito doutra maneira, é que vostede politicamente segue ancorado no pasado e está anticuado. *(Aplausos.)* E hoxe demostrouno aquí cun par de propostas que fixo. Iso do «aguillón», como comprenderá, xa non se leva. *(Murmurios.)* Soa moito ao pasado, e ata non soa ben.

Pero é que, ademais, véxoo a vostede anticuado coas propostas que fai, porque iso da tarxeta é que tampouco se leva, ¡home! Agora xa pasan os móbiles. A vostede paróuselle o reloxo hai tempo. Entón, claro, en cousas ten que tal.

Señorías, atendan ben o que vou dicir, pois parece ser que a culpa, segundo o señor Bará, é do Partido Socialista e do Partido Popular, e segundo o Partido Socialista é do Partido Popular.

Atendan que isto non ten desperdicio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Din: «Ac-tuar sobre a rede ferroviaria de mercadorías do corredor Atlántico en Galicia presentando proxectos que permitan acceder a fondos europeos cando se abra o novo prazo de axudas no ano 2021. Completar a conexión dos portos exteriores de Ferrol e A Coruña da rede ferroviaria



durante o ano 2020. Ademais, cabe destacar que a proposta presentada por España ante a Comisión Europea contempla a inclusión do itinerario A Coruña-Vigo, Ourense-León como a ampliación do corredor Atlántico en Galicia. Este itinerario incluírase no novo regulamento de financiamento da Rede transeuropea de transportes a partir do ano 2021. Electrificar a rede de FEVE e a liña Ferrol-Xixón». Isto, ¿sabe quen o dicía? Isto dicíao o Pacto de Ana e Adriana que firmaron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. ¡Hai que ter moita cara (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para vir á tribuna do Parlamento dicir o que vostede acaba de dicir! (*Aplausos.*) ¿Que hai disto? ¿Sabe o que hai? Papel mollado, mentira. Vostedes non só non fixeron nada, senón que enganaron os galegos.

E di vostede que os trens non viñan para Galicia. Mire o 29/12/2020, notas de prensa de Renfe: «Renfe y CAF firman un contrato de suministros de trenes de ancho métrico». «La adquisición de los nuevos trenes permite rejuvenecer la flota, aumentar la eficiencia energética y mejorar la fiabilidad y accesibilidad». «La nueva flota de ancho métrico con servicio en Asturias, Cantabria, País Vasco, Galicia, Castilla y León y Murcia reducirá su edad media hasta los 15 años». «26 serán eléctricos, 5 híbridos» —estes operan na rede que non é electrificada Xixón-Ribadeo-Lugo—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso.

Entón, é que, imos ver, ¡home!: vostedes, que son socios preferentes do Partido Socialista en Galicia nas deputacións, nos concellos, non poden dar leccións de nada. Vostedes politicamente son uns vendidos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) uns vendidos politicamente. Vostedes están vendendo constantemente a sociedade galega, porque vostedes fan unha política aquí e queren demostrar fóra que fan outro tipo de política. E eu mesmo agora acábolle de ler o Pacto de Ana e Adriana. Vostede pretendía botarlle a culpa ao Partido Popular. Oia: vostedes, cando entraron no goberno, entraron a través dunha moción de censura —cando entraron, non digo agora—, e supoño que entraron para facer todo o que o Partido Popular facía mal. Se despois de anos no goberno vostedes non fixeron nada, ¿que lle pretende botar a culpa ao Partido Popular?, ¿de que lle pretenden botar a culpa ao Partido Popular? ¿Ou para que están vostedes agora aí, nun pacto con Podemos apoiado polo Bloque Nacionalista Galego?

¿A vostede parécelle, señora Otero, que isto ten nome, que se encarguen un trens que non collen polos túneles que levan anos feitos?, ¿a vostede parécelle que isto ten nome? Pero, ¿iso ocrreselle a calquera, xa non digo ao goberno, digo a calquera, encargar uns trens que non collen polos túneles, que levan anos feitos eses túneles?

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Iso ten algunha defensa? Vostede quedaría moito mellor chegando á tribuna do Parlamento dicindo: pedímoslles perdón a todos os galegos e todas as galegas, a todos os asturianos e a todos os santanderinos polo erro que cometeu o Goberno. E o señor Bará xa tería que meterse debaixo da tribuna.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Balseiro.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renova-bles e almacenamento

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonso, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado a colaboración para impulsar conxuntamente:

1. A constitución e impulso por parte do goberno estatal e da Xunta de Galiza dun Complexo integral da construción naval sobre a base de Navantia Ría de Ferrol que recupere actividades como a cons-trución naval civil, que potencie a área de reparacións e das grandes transformacións, e que introduza á división de Turbinas no sector da descarbonización da mobilidade marítima así como nos segmen-tos tecnoloxicamente máis avanzados das enerxías renovábeis, dotando estas actividades das in-fraestruturas e medios construtivos máis axeitados, nomeadamente de diques para nova construción e para reparacións.

2. A constitución dun Centro tecnolóxico do sector naval e das tecnoloxías marítimas de carácter es-tábel e permanente sobre a base da UMI UDC-NAVANTIA.

3. A constitución dun Centro de I+D+i sobre almacenamento de enerxía na vila das Pontes.»»

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día, señores e señoras deputados.

Antes de iniciar a miña exposición, quero saudar o alcalde de Ferrol, o señor Mato Escalona, e os responsables municipais que hoxe nos acompañan. Tamén quero poñer en valor dende o noso grupo parlamentario o traballo desenvolvido polo Goberno local de Ferrol liderado polo seu alcalde para acadar a posta en marcha dese polo de emprendemento en I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol.



E para a miña intervención vou facer inicialmente un relatorio dos feitos, para que se entenda mellor a nosa iniciativa:

Foi en setembro de 2019 no que o Foro Enerxético de Galicia plantexou a conveniencia de crear un centro tecnolóxico que investigase sobre as enerxías mariñas e a enerxía eólica *offshore* en Ferrol, plantexado como un centro promovido polas administracións públicas ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, á deputación e ao concello, xunto coas empresas do sector naval enerxético de Galicia.

Os membros do dito Foro Enerxético, despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluíron que era Ferrol o lugar máis axeitado para a ubicación desta infraestrutura. Baseábanse, en primeiro lugar, en que existía unha infraestrutura, como era o edificio do Centro de Investigación e Servizos na Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades sen precisar dun gasto elevado inmediato; tamén que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas ou ventos; pola proximidade tamén ao porto exterior de Punta Langosteira; ademais, de existir en Ferrol unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de Enxeñaría de Esteiro, os graos universitarios e másteres de Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Naval e Enerxías Renovables, que son referentes nacionais en docencia.

Tamén tiveron en conta a existencia dunha infraestrutura que é de referencia, como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro ou o *know how* neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol, e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñaría e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías situado na comarca de Ferrolterra.

Polo que a implantación dun centro deste tipo suporía un incremento importante no emprego de calidade e na fixación de poboación na comarca de Ferrolterra. Unha comarca que quero recordar que dende o ano 2009 ten perdido 12.691 habitantes, que é tanto como perder a poboación total actual do concello de Fene.

Pois ben, en outubro de 2020, nunha reunión que mantiveron o alcalde de Ferrol, o señor Ángel Mato, e o expresidente Feijóo, o alcalde trasladoulle a necesidade de apostar polas renovables como unha oportunidade para o futuro industrial da comarca ferrolá, para a creación de valor engadido e tamén para a creación de emprego.

Despois desta reunión, o alcalde de Ferrol encargou un estudo sobre as posibilidades na enerxía mariña que avaliasen a creación deste polo de innovación no sector da enerxía eólica *offshore* no seu concello, sendo unha aposta do goberno municipal para o desenvolvemento de futuro que ía ter a dita tecnoloxía, aliñando o sector público e privado cos centros tecnolóxicos existentes en Galicia e tamén coas universidades. Ten como obxectivo poder materializar en Ferrol ese centro de investigación que permita xerar valor en toda a cadea de produción eólica mariña, dende o deseño, pasando pola fabricación de compoñentes, ata o desenvolvemento, se fose posible, de novos sistemas de xeración eléctrica *offshore*.



Unha vez que o alcalde de Ferrol tivo este estudo elaborado reuniuse coa daquela directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, a señora Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación, Patricia Argerey, para presentarlles as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dese *hub* de eólica mariña na cidade, como garantía de emprego, de desenvolvemento económico, de internacionalización, de diversificación, e aproveitando todo o potencial que ofrece a transición ecolóxica. Nesa reunión, as dúas partes, a Xunta e o Concello, acordaron traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas para elaborar un plan de incentivos e axudas e crear ese centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eléctrica eólica *offshore*.

O claro obxectivo é aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de toda Galicia. Nesa reunión tamén acordaron fixar unha nova reunión no mes de xaneiro, co fin de que a Xunta de Galicia presentase ese documento coas liñas mestras do proxecto do *hub*.

Un mes máis tarde, no mes de xaneiro de 2022, na información aos medios, que se colga na páxina web da Xunta de Galicia, sobre os acordos adoptados no Consello da Xunta, que, ademais, foi desenvolvido en Ferrol, fíxose referencia a un informe que se denominaba así: «Informe sobre o balance coas actuacións xa realizadas pola Xunta de Galicia, así como as novas iniciativas programadas no marco do Pacto do Estado por Ferrol-O Eume-Ortega». E no contido do dito informe establecíase literalmente: «No eido do mar, a Administración autonómica segue traballando na mellora das zonas de marisqueo e na dixitalización do sistema comercial. Iniciouse neste eido o deseño dun polo de innovación tecnolóxica en enerxías renovables, mariñas e almacenamento». E nas declaracións que fixo o expresidente Feijóo unha vez que remata a celebración do Consello da Xunta de Galicia incidiu nesta mesma mensaxe, avaliando novamente este compromiso.

Xa en outubro de 2022, sendo xa presidente o señor Alfonso Rueda, este reuniuse co alcalde de Ferrol, o señor Mato Escalona, na sede dos Servizos Administrativos da Xunta de Galicia en Ferrol. E na dita reunión volveu garantir o compromiso do Goberno galego coa cidade de Ferrol para levar a cabo actuacións que incidisen na mellora dos servizos públicos do saneamento na zona do rural, no reforzo das infraestruturas de transporte e mobilidade e na dinamización industrial para a creación de postos de traballo de calidade.

Pois ben, o 21 de decembro de 2022, a Comisión Europea aprobou o Programa de transición xusta de España, que inclúe un Plan territorial de transición coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar 868 millóns de euros, correspondéndolle a Galicia máis de cento once millóns de euros, dos que o noventa e seis por cento desta contía serán xestionados directamente polas comunidades autónomas. E entre os exemplos de actuación manifestados polo propio ministerio e que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións inclúese literalmente que na Coruña, como apoio á descarbonización da industria, se creará, entre outros, un polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.

Á vista disto, o 4 de xaneiro deste ano, o Pleno do Concello de Ferrol, por instancia do seu alcalde, acordou unha declaración institucional, que —como todos e todas saben— teñen que



estar de acordo todos os grupos que forman parte dese pleno municipal, neste caso PSdeG, Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Ferrol En Común, pois hai unha declaración institucional en defensa da instalación en Ferrol do polo de I+D en enerxías renovables mariñas e almacenamento, que se vai crear no marco do Fondo de Transición Xusta anunciado o 21 de decembro polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Ante o silencio do Goberno galego, o 26 de xaneiro, novamente o alcalde de Ferrol, o señor Ángel Mato, volveu insistir no atraso da Xunta de Galicia para a posta en marcha do polo en I+D en enerxías renovables en Ferrol, lamentando que o Goberno galego non tivese confirmada a súa ubicación. Unha preocupación que aínda é maior cando o propio vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, o señor Francisco Conde, fai unhas declaracións nas que aseguraba que aínda estaban estudando como se estrutura o polo dende o punto de vista da educación, incumprindo os compromisos adquiridos polo ex-presidente Feijóo e, tal como parece, facendo un uso electoralista da ubicación deste polo.

Polo que os socialistas traemos esta iniciativa ao Pleno deste Parlamento para que todos os grupos teñamos a oportunidade de manifestar o noso apoio á localización en Ferrol do polo de emprendemento en I+D en enerxías renovables e almacenamento. En caso contrario, terán que explicar a que se debe esa dúbida, se houbo algún cambio de criterio, e, de ser así, que digan claramente cal é a ubicación na que pensa a Xunta de Galicia e cales son as razóns dese cambio.

Polo tanto, a iniciativa que traemos hoxe aquí a debate e votación insta a Xunta de Galicia a iniciar inmediatamente a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o expresidente Feijóo.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Antes de continuar, saudamos e dámoslle a benvida ao Parlamento de Galiza ás alumnas e aos alumnos de terceiro de primaria do CEIP de Arzúa.

E agora seguimos coa intervención do grupo emendante, o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas. Bo día a todos os asistentes e a todas as persoas asistentes, especialmente ao señor alcalde do Concello de Ferrol.

Vanme permitir, antes de entrar no asunto que debatemos, hoxe día 8 de marzo, o Día da Muller Traballadora, que desexe un grande éxito ao movemento feminista nas mobilizacións de hoxe. E, ademais, que estando a dous días do aniversario das mobilizacións obreiras de Ferrol, que envíe desde esta tribuna do Parlamento galego a máis afectuosa e fraternal aperta á familia, amigos e amigas, compañeiros e compañeiras do recentemente falecido Rafael Pi-



llado, un dos protagonistas daquelas folgas e mobilizacións que hai cincuenta e un anos foron exemplo de dignidade na súa loita contra aquela ditadura criminal. (*Aplausos.*)

E agora vou comezar co asunto que tratamos hoxe, remontándonos moito máis atrás no tempo, a comezos do século XVIII, cando a Monarquía borbónica decide construír na ría de Ferrol un estaleiro; primeiro na Graña e poucos anos despois na vila de Ferrol, na súa actual situación en Esteiro.

Evidentemente, facíanse barcos na ría de Ferrol xa moito antes, mais, en todo caso, a construción naval dun xeito industrial e planificado existe na ría de Ferrol desde hai trescentos anos. Naceu nesta versión, nesta dimensión industrial e planificada, para dar resposta a unha necesidade: dispoñer dunha frota militar e mercante moderna naquela altura e, sobre todo, dotarse das capacidades construtivas necesarias para construíla, reparala e renovala.

Non digo nada que non sexa de dominio público. De feito, a propia Navantia recoñécese con orgullo herdeira daquela industria e presume na súa páxina web de ser una empresa con trescentos anos de historia. É certo que durante estes trescentos anos a construción naval viviu e sufriu na ría de Ferrol multitude de vicisitudes e continuas reestruturacións. Houbo tempos nos que medraron as instalacións e os centros de traballo, medraron as capacidades construtivas e houbo tempos nos que aumentaron, diversificándose as actividades e as liñas de negocio. E tamén houbo outros tempos, sobre todo nos últimos corenta anos, nos que un volume importante das capacidades construtivas foron desmanteladas, nomeadamente a construción naval civil e, con elas, un volume inmenso de empregos foi destruído. E sempre foron decisións políticas as que impulsaron o aumento ou a redución de capacidades.

Nós, desde logo, temos moi claro que a famosa e mal chamada reconversión foi tamén unha decisión política, unha cruz no mapa que converteu a cidade de Ferrol nun caso único, nun caso insólito: a única cidade en todo o Estado español que perdeu máis dun terzo da súa poboación nos últimos trinta anos. Unha tendencia que se mantén no tempo.

E hoxe, cando hai trescentos anos daquela decisión estratéxica —que, como todo o mundo sabe, se tomou no chamado Século das Luces, no século da Ilustración e do racionalismo—, nós dende o BNG chamámoslos, tanto ao PSOE como ao Partido Popular, a imbuírse dese espírito ilustrado, dese racionalismo, e a planificar racionalmente o futuro industrial de Ferrol e da súa comarca; a planificar o futuro racionalmente e con ambición, porque sen grandes obxectivos non hai grandes éxitos nin grandes transformacións, e a comarca de Ferrol precisa de grandes revulsivos que rachen esa tendencia permanente de perda de poboación e de empresas. Porque a crise non é cousa do pasado, como demostra o feito de que aínda entre os anos 2014 e 2021 —¡2014-2021!— a comarca de Ferrol perdeu máis dun dezaseis por cento das súas empresas industriais. Non estamos a falar dos anos oitenta, estamos a falar dos últimos sete anos.

Neste contexto, consideramos que a decisión máis racional e máis razoábel que poderíamos tomar hoxe as institucións democráticas do século XXI é que o sector naval de Ferrol teña por fin, despois de trescentos anos de historia, un centro tecnolóxico de carácter estábel e permanente, un centro tecnolóxico da construción naval e das tecnoloxías marítimas.



Chamámolos a aplicar o pensamento racional, chamámolos tamén a levantar a mirada e a constatar que os océanos ocupan tres quintas partes do planeta e tamén a constatar que dispoñer das capacidades para construír grandes buques e outros artefactos mariños é hoxe, no actual escenario internacional, máis necesario que hai trescentos anos e que hoxe, máis que nunca, esas capacidades precisan dun soporte potente e permanente de I+D+i.

Existe en Ferrol unha unidade mixta de investigación, constituída entre a Universidade da Coruña e Navantia, que é unha experiencia de éxito que obtén grandes resultados malia a precariedade de recursos que caracteriza todo o sistema de I+D+i galego e malia o feito, absolutamente sangrante, de ser unha unidade de investigación temporal que debe ser renovada cada tres anos. E en cada proceso, entre o peche dunha e o inicio da outra, botan un ano en branco. Acaban de iniciar a súa terceira andaina —insisto— con dous anos en branco, un entre a primeira e a segunda e outro entre a segunda e a terceira, perdendo en cada proceso persoas investigadoras; perdendo talento.

Non parece un funcionamento nin moi ilustrado, nin moi racional, nin moi estratéxico. Para o BNG, esta unidade mixta de investigación podería ser o xermolo dun centro de carácter permanente e estábel, un centro tecnolóxico da construción naval e das tecnoloxías marítimas que sería fundamental para consolidar e recuperar mercados e segmentos de negocio.

Aplicar o pensamento ilustrado e a racionalidade a unha planificación industrial na comarca de Ferrol tamén significa situar nas Pontes un centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía. As razóns son evidentes para calquera que teña luces: as diferentes fontes de xeración eléctrica que coexisten nas Pontes —a térmica, o ciclo combinado, a hidráulica e mesmo a solar—, o feito de ser o cuarto concello de Galiza con máis muíños eólicos, o feito de contar cun nó de acceso á rede de transporte eléctrico, a experiencia no sector enerxético, os proxectos de produción de hidróxeno...

E aínda cómpre mencionar dúas cuestións básicas, dúas necesidades das que podemos e debemos facer virtude. É necesario, por unha banda, realizar nas Pontes investimentos que sirvan de polo de atracción para reindustrializar a vila. E, por outra banda, tamén é necesario investigar e aumentar o coñecemento e as capacidades de todo o relacionado co almacenamento de enerxía e a xestión de redes como elemento crítico para garantir o éxito da transición enerxética.

Esta é a chave da transición enerxética e, polo tanto, é neste ámbito onde os gobernos galego e estatal deberían concentrar os seus recursos. Esta necesidade detectárona ben cedo no Concello das Pontes e quixeron convertela nunha proposta de futuro, tal e como recolle ese plan estratéxico que aprobaron na Corporación municipal das Pontes xa a finais do ano 2021 —por certo, cos votos do PSOE e do PP— para demandar e constituír ese centro de I+D+i para almacenamento de enerxía na vila das Pontes. Unha demanda que o BNG fixo súa e que trouxemos a este Parlamento en varias ocasións, acadando algunha vez o apoio do Grupo Socialista. Non tivemos a mesma sorte cando presentamos a mesma proposta no Congreso dos Deputados, xa que vostedes votaron en contra.

Recoñecemos que a súa proposta de hoxe nos descolocou un pouco, entre outras cousas porque, respecto a este apoio do Grupo Socialista —cando menos aquí na Galiza— á demanda



do Concello das Pontes de constituír alí, na vila, un centro de I+D+i sobre almacenamento, non sabemos se isto que propoñen vostedes hoxe é compatíbel ou contraditorio con ese centro. Do mesmo xeito que entendemos que as necesidades da construción naval en Ferrol en canto a soporte de I+D+i non se limitan ao ámbito das enerxías renovábeis, senón que abarcan todo o que hoxe se coñece como a construción naval e tecnoloxías marítimas.

E tampouco entendemos nin compartimos que fagan esa demanda en exclusiva á Xunta de Galiza, cando é evidente que a planificación e impulso do futuro industrial da comarca de Ferrol e das Pontes precisan do concurso do Goberno do Estado. É máis, preocúpanos que pretendan deixar fóra o Goberno do Estado dunha proposta que, ademais, motivan vostedes, entre outras razóns, en que a súa instalación no CIS da Cabana significaría non ter que gastar moito. Pola nosa parte, non teríamos nada en contra da súa situación na Cabana, mais deixar fóra o Goberno do Estado e aludir ao baixo custo son síntomas preocupantes. Non se lles ve moita ambición, precisamente.

Como dicía, non entendemos cal sería o alcance real do que propoñen. En todo caso, co ánimo máis construtivo presentamos unha emenda de adición —non de substitución— e ademais manifestamos desde xa estar abertos a pactar unha posíbel transacción.

Para o BNG, tanto o sector naval como o sector enerxético son dous piares estratéxicos da nosa economía, do noso país. Son dous sectores con gran capacidade tractora para impulsar o noso desenvolvemento industrial na dirección que socialmente máis nos conveña. E, como tales, debemos apostar por eles con luces e ambición.

Ese é o sentido da nosa proposta, que significa a colaboración e a implicación dos dous gobernos, o estatal e o galego, en primeiro lugar para rematar coas restricións no sector naval da ría de Ferrol e constituír un complexo integral da construción naval que, aproveitando as sinerxías coa construción militar e co debido soporte tecnolóxico, poida competir en todas as áreas de negocio.

¿Isto significa eólica mariña? Si, mais tamén construción naval civil, turbinas e grandes transformacións na área de reparacións, que, por certo, foi a área que máis postos de traballo ocupou durante o ano pasado. E parece que non é do interese nin do Partido Popular nin do PSOE. Unha área que debería potenciarse para poder atender a demanda que ten no día de hoxe; non como está a pasar actualmente, que se acaba de deixar marchar un buque por falta de capacidade e de man de obra. O último deles foi unha plataforma, a Tango, esta semana pasada; outra das secuelas provocadas por causa das súas políticas minguentes de redución permanente que nos levan aplicando corenta anos. Mentres hai persoas da empresa Nervión nun ERTE ou está facéndose un despedimento colectivo na empresa Soamar, e cando aínda non hai quiñentas persoas da industria auxiliar no programa das F-110, que non haxa na comarca de Ferrol capacidade para aceptar certos encargos na área de reparacións...

En definitiva, cómpre constituír eses dous centros tecnolóxicos especializados: un centro para o sector naval e das tecnoloxías marítimas en Ferrol a partir desa UMI entre a Universidade e Navantia, que despois de trescentos anos de construción naval na comarca xa debería estar funcionando; e outro centro sobre o almacenamento de enerxía na vila das



Pontes, un investimento que nos coloque á altura doutros territorios que están tendo visión e vontade política para situarse nos primeiros postos dese futuro descarbonizado que xa está aquí. Outros territorios si contan co respaldo dos seus gobernos, como o caso de Euskadi ou como o caso de Estremadura, onde contan tamén co apoio do Goberno do Estado. ¡As Pontes non merece menos!

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Iso sería unha planificación con luces e ambición e, desde logo, responsabilidade dos dous gobernos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Remato xa, señora presidenta.

Vai sendo moita hora de que asuman cada un o papel que lles corresponde e de que traballen conxuntamente a favor de Ferrol, a favor das Pontes, a favor de Galiza e dos nosos sectores estratéxicos, con luces e con ambición.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, un saúdo ao alcalde da miña cidade e aos alumnos e alumnas que nos acompañan dende a tribuna.

Ferrol, cidade lóxica enclavada nunha terra máxica, segundo a definición de Torrente Ballester, nace como cidade no século XVIII, como ben dixo o señor Fernández Alfonso, por unha decisión do Estado. Unha decisión de Estado motivada pola súa ubicación estratéxica no Atlántico, cunha ría protexida polo *Portus Magnus Artabrorum*, ideal para construír barcos e albergalos.

Ese carácter industrial completouse con empresas enerxéticas, a iniciativa tamén do Estado, entre as que a central térmica das Pontes foi a máis importante de todo o Estado, cunha produción equivalente ao cinco por cento da demanda enerxética de toda España.

A principios dos anos oitenta, estas industrias do Estado empregaban milleiros de ferroláns, ata que decisións adoptadas, por certo, por gobernos socialistas do Estado, abandonaron Ferrol á súa sorte. Unha reconversión industrial que non reconvirteu nada: o traslado da frota ao sur ou, máis recentemente, a decisión do peche precipitado da central das Pontes, que,



mira por onde, consumía carbón, igual que moitas centrais en Europa. Só o tráfico desta central supoñía o cincuenta por cento do tráfico portuario do concello de Ferrol.

O caso é —como xa dixeron os voceiros anteriores, pero dito doutra maneira— que se en 1982 tiñamos noventa e dous mil habitantes e eramos a terceira cidade de Galicia, hoxe temos sesenta e catro mil habitantes e baixando. O caso é que, ademais disto, temos a taxa de paro máis alta de Galicia e a taxa de actividade máis baixa de España. Por iso, cremos dende este grupo que, ante situacións excepcionais, precisamos de todos os gobernos —e governe quen governe— respostas excepcionais; non negar a realidade ou dicir que todo vai moi ben, senón apoiar e poñer en marcha proxectos clave para a cidade, porque nós confiamos na recuperación económica de Ferrol. (*Aplausos.*)

Por iso, propuxemos dende este grupo e dende a Xunta de Galicia o impulso dun pacto de Estado por Ferrol para unir esforzos ante unha situación excepcional; crendo na forza dos ferroláns e crendo tamén nas nosas potencialidades, non só mirando para o pasado.

Neste proceso de potencialidades resultou clave a apertura da antiga Astano, que puideron impulsar como alcalde de Ferrol coa Xunta de Galicia no ano 2014 para a construción do que se falou aquí, da eólica mariña, adiantándonos dez anos a este mercado emerxente. (*Aplausos.*) Claro, moitos entón estaban en contra disto, pero dez anos despois creáronse centos de empregos nun estaleiro que levaba anos pechado.

Tamén no ámbito loxístico foi un acerto adiantarnos á supresión do carbón coa posta en marcha dunha nova terminal de contedores. E no Pacto de Estado —hoxe díxose aquí, impulsado polo presidente Feijóo— acordou a Xunta de Galicia priorizar proxectos estratéxicos para a xeración de emprego en Ferrol. Dous anos despois, tres dos catro proxectos industriais estratéxicos declarados pola Xunta están na zona: a planta de hidróxeno de Reganosa e EDP; a factoría de pneumáticos Sentury e o proxecto de metanol verde de Forestal del Atlántico. Estes proxectos, xunto coa fábrica de compoñentes de Nervión no porto de Ferrol, permítenos vislumbrar un panorama de diversificación industrial esperanzador.

Tamén comprometía —como se dixo aquí— o Pacto de Estado por Ferrol un polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e de almacenamento en Ferrol, que inspira a súa proposición. Señorías, benvidos ao Pacto de Ferrol. ¿Quen o ía dicir? ¡Benvidos a Ferrol! Supoño que terán máis motivos os socialistas agora que hai dous anos para preocuparse por Ferrol. En todo caso —xa digo—, benvidos a esta preocupación. Está ben ocuparse agora que veñen as eleccións, pero había que ocuparse tamén antes.

Relatou perfectamente a señora Rodríguez Rumbo os pasos que se deron dende a Vicepresidencia Primeira, coa implicación do Inega, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e da Axencia Galega de Innovación, xunto co Concello de Ferrol. Isto para obter fondos europeos, totalmente xustificables no caso de Ferrol, para abordar este proxecto estratéxico. Xa relatou a señora Rodríguez Rumbo a declaración institucional adoptada no Concello de Ferrol. Polo tanto, queda por falar dos fondos do Estado.

Respecto dos fondos dos concellos, hai que dicir que houbo unha convocatoria deses fondos. Xa demos conta na cidade de Ferrol de que na proposta de resolución provisional do Instituto



para la Transición Justa desgraciadamente o Concello de Ferrol queda fóra da asignación destes fondos. Tanto interese en reclamar á Xunta, que se olvidaron de subsanar os requirimentos da orde do Estado, e asinouse fóra de prazo a solicitude. Ogallá que teñamos outra oportunidade. *(Aplausos.)*

E sobre os fondos da Comunidade Autónoma, aí imos discrepar, porque lamentamos que —como temos dito doutros fondos europeos— non estean dispoñibles eses fondos agora mesmo. A Xunta si que solicitou unha reprogramación para que se concreten os investimentos elixibles e os criterios de repartición. Nós de verdade que agardamos que, aínda que sexa con atraso —porque ás veces os proxectos importantes teñen atraso—, en Galicia podamos dispoñer dos fondos comprometidos por Europa para a transición enerxética.

Dito todo isto —porque Ferrol o que merece é claridade, o que merece é responsabilidade e non que nos botemos os balóns e as responsabilidades duns a outros—, quero anunciarlles que apoiamos a posta en marcha do polo de enerxías renovables, *(Aplausos.)* e que a ubicación elixida pola Xunta de Galicia é Ferrol. Garántolles que Ferrol disporá dun polo de enerxías renovables e que votaremos si a esta proposición. *(Aplausos.)*

Pero imos votar si —aínda vin que estaban pendentes do que iamos votar sobre esta proposición; do que ía votar, dicían, un candidato, ¿non?—. Pois, xa digo, nós votamos o mesmo en todos os lugares. Pero, despois de facelo, queremoslles pedir corresponsabilidade e que unan o interese da Xunta de Galicia ao interese do Estado. Xa sabemos que non lles fan moito caso en Madrid, pero cremos que Ferrol ben o merece. Porque non queremos ser máis que ninguén pero tampouco menos e porque Ferrol nos necesita a todos. Nisto, e tamén en todo o demais, queremos realidades.

E como vexo que os socialistas están moi entretidos en campañas de Internet para dicir que eu e mais a Xunta paramos a incorporación de Ferrol ao corredor atlántico de mercadorías, quero dicirlles dende esta tribuna que en vez de estar preocupados por min deberían estar preocupados polo novo comisionado do Goberno de España. Porque resulta que o mapa que presentou esta semana o Comisionado do Goberno de España exclúe Ferrol do corredor de mercadorías, mentres que o mapa que presentou o Goberno da Xunta de Galicia, xunto co Goberno de Castela e León e o Goberno de Asturias, inclúe Ferrol como obxectivo de incorporación para ese corredor de mercadorías. *(Aplausos.)*

E, como tamén saíu aquí, quero aproveitar os últimos segundos da miña intervención para dicir que tamén o Estado nos debe unha explicación sobre a paralización do proxecto da transformación do estaleiro 4.0. Queremos un dique porque queremos seguir construíndo e albergando barcos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Rey Varela.

(Aplausos.)

Para pechar o debate ten a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Rodríguez Rumbo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Paréceme moi ben, señor Rey Varela, que vostede veña aquí facer de programa electoral. Pero non se preocupe, nesta bancada non o imos votar, ou sexa que non perda tantos esforzos. Céntrese no tema que hoxe traemos aquí.

Mire, señor Rey Varela, dende que o actual alcalde de Ferrol, o señor Mato Escalona, accedeu á alcaldía de Ferrol tivo un empeño totalmente claro para a posta en marcha deste polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e de almacenamento en Ferrol. O que non estivo claro e non se manifestou claramente foi, novamente, o Goberno galego. Si, señor Rey Varela. E vostede, xa que vén aquí facer tanto programa electoral, ao mellor se tiña que ter preocupado durante estes anos, dende o ano 2019, para que isto non esperase ata agora e puidese saír moito antes. (*Aplausos.*) ¡Así que menos publicidade, menos propaganda e máis traballo tamén para a súa cidade! (*Aplausos.*)

Mire, os pasados días 2 e 3 de marzo deste ano desenvolveuse —como vostede tamén ben sabe— na cidade naval a sexta edición do evento *Galician Offshore International Hub*. Una cita de referencia tamén para o sector, voltando a poñer Ferrol no epicentro da industria eólica mariña e sendo un referente europeo no desenvolvemento e construción de estruturas eólicas mariñas, tanto fixas como flotantes; polo que non se poden desaproveitar as sinerxías existentes. E as administracións —todas as administracións— teñen que apostar firme e decididamente para seguir sendo líderes neste sector con importantes retos tecnolóxicos.

Se temos o recurso e con esta produción podemos contribuír a un *mix* de xeración eléctrica sostible e limpa, o seu desenvolvemento vains facer independentes do exterior para a produción eléctrica, e non podemos desaproveitar a oportunidade de desenvolver tecnoloxía propia para os novos dispositivos e para toda a industria que xira arredor destes parques, dende a construción, a distribución, a operación e o mantemento. Polo tanto, votar a favor desta iniciativa —e agradecemos o seu voto favorable— vai permitir a creación dese *hub* de eólica mariña na cidade de Ferrol, impulsada polo seu actual alcalde —o señor Mato Escalona—, e que sexa unha garantía de emprego, de desenvolvemento económico, de internacionalización, de diversificación e que aproveite todo o potencial que ofrece a transición ecolóxica.

Ademais, vai permitir apostar decididamente polo desenvolvemento industrial e económico dunha comarca que —como vostede ben apuntaba— leva demasiado tempo padecendo tempos difíciles. É hora de reactivar esta comarca, de que contribúa a acadar a transformación do sistema produtivo que estamos obrigados a facer, aproveitando as novas tecnoloxías ao tempo que camiñamos cara a esa transición ecolóxica; aproveitando os recursos que veñan do Estado —como comentaba xa na miña primeira intervención—, porque a través dos programas da transición xusta do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico achegaranse máis de cento once millóns de euros; o noventa e seis por cento deses fondos van ser xestionados directamente pola Comunidade Autónoma de Galicia. Esperamos que neste caso non fagan como noutros casos, que non empreguen estes recursos de forma electoralista, e que cando vostede perda as eleccións estes fondos sigan comprometidos para Ferrol e toda a súa comarca.



E mire, señor Alfonso, nós non imos aceptar a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego. Nós nesta iniciativa traemos un obxectivo moi claro, e a verdade é que me estrañan algunhas das súas palabras, porque nós si votamos a favor dalgúns puntos que trae na súa emenda. Pero cremos que aquí non hai que sacar o foco do que nos parece importante e, polo tanto, imos manter a iniciativa tal e como a trouxemos.

Polo tanto, eu espero que esta iniciativa saia votada favorablemente por todos os deputados e por todas as deputadas desta Cámara e que axudemos Ferrol e o seu alcalde, o señor Ángel Mato Escalona, a que poida cumprir ese obxectivo que fixou dende o principio da súa lexislatura.

Pola miña banda, nada máis, e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Procedemos agora ao debate da última proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer

A señora PRESIDENTA (Prado Cores):

A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para defendela ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Ben, efectivamente volvemos traer aquí a debate a esta Cámara os centros de información á muller. Traémolos de novo unha vez máis, porque non nos cansaremos de reivindicar as necesarias melloras destes centros, que son, como saben, ferramentas esenciais —que deberían ser integrais— de atención á muller. E é por iso que no Grupo Socialista cremos necesaria unha reflexión profunda acerca das funcións destes centros, da capacidade de cumprilas, da súa estrutura técnica e tamén dos recursos humanos e do seu financiamento, entre outras cuestións.

Dende que no ano 2004 se aprobara o primeiro decreto que regula estes centros en Galicia —que xa existían antes, pero no ano 2004 foi cando se aprobou este decreto—, foi moito e definitivo o labor que dende eles veñen facendo as profesionais destes centros en defensa da igualdade, dándolles apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas. É importante lembrar que, pese a que a prevención, detección, tratamento e loita contra as violencias machistas, así como a atención ás mulleres vítimas, son funcións prioritarias destes centros, o decreto aprobado no ano 2016, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para



o recoñecemento e a acreditación destes centros, fala xa doutras moitas funcións que teñen que ver con sensibilización, con fomento do asociacionismo de mulleres, con organización de cursos ou xornadas ou mesmo con accións de dinamización para integrar a perspectiva de xénero na acción das entidades locais.

Entón, ¿cal é o problema? ¿Por que traemos isto aquí? Porque a realidade é que os CIM teñen que deixar de realizar estas accións pola excesiva carga de traballo que soportan as súas profesionais. É certo que nos últimos tempos os CIM están dedicados, practicamente na súa totalidade —e así, ademais, nolo comenta a propia Asociación dos CIM de Galicia que, como saben, congrega todo o persoal técnico destes centros, como tamén un informe moi recente da Fegamp—, a tarefas asistenciais con mulleres vítimas de violencias machistas ou en contextos de vulnerabilidade. E di tamén Asocim que a problemática en materia de violencia variou, ademais, moito nestes últimos tempos e é cada vez máis complexa, por exemplo, coa violencia dixital, para a que elas mesmas din que non están debidamente formadas. Ademais, dende o ano 2016, os CIM teñen tamén encomendadas novas responsabilidades dirixidas ao colectivo LGTBI, tamén necesitado de políticas propias —e non existen— do Goberno galego. De aí que nós, na nosa proposta, tamén reclamemos delimitar as funcións dos CIM —escoitado, por suposto, o seu persoal técnico, que é quen sabe ben o traballo que teñen—, que deberan recuperar a súa función primixenia, como era a de ser centos de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Efectivamente, pedimos que recuperen esas funcións iniciais, pero, simultaneamente, como condición, ademais, *sine qua non*, deberase crear un novo servizo ou redefinir algún existente da atención á diversidade que dea respostas, por suposto, ás demandas, que non son poucas —repito—, do colectivo LGTBI.

Xa no plano estrutural, un dos principais déficits que teñen estes centros é a falla de recursos humanos. Xa o tratamos aquí en numerosas ocasións. ¿Isto que provoca? Provoca non só unha carga de traballo inasumible para o seu persoal, senón tamén, en moitos casos, una merma indesexada na calidade da atención. Esta situación non é máis que a consecuencia de que non existen criterios rigorosos que establezan a cantidade e a tipoloxía de profesionais que teñen que existir nestes centros de información á muller, atendendo, por exemplo —algo que nos parece moi lóxico—, ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe cubrir ese centro. De aquí que nós propoñamos novamente, xa de entrada —a ver se nesta ocasión con éxito—, elaborar, en colaboración coa Fegamp, unha estratexia para estender a Rede de CIM a todo o territorio galego, establecendo criterios de emprazamento e de prestación de servizos conforme factores como a xeografía, a densidade poboacional ou as características sociodemográficas, porque non podemos obviar que no noso país só 193 concellos, dos 313 que existen, contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito: as mulleres de case o 40 por cento do territorio galego non dispoñen deste recurso. ¡O 40 por cento das mulleres galegas non dispoñen deste recurso!

Ademais, en moitos casos, aínda nos concellos con CIM, a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa, tendo en conta a dispersión xeográfica do noso país, nomeadamente nas zonas rurais, e a precaria situación do transporte público interurbano, que dificulta o desprazamento a estes centros. Saben vostedes que existen os CIM mancomunados, e hai mulleres



que non se poden achegar, que non teñen facilidade para achegarse a eses centros, que estarán probablemente noutro concello. O Decreto do ano 2016 si que contempla a posibilidade de que o persoal dos CIM se desprace para facilitar a estas mulleres ese recurso, pero, claro, nós preguntámonos como van facer, dado o colapso que teñen na súa carga de traballo.

Por suposto, para conseguir isto pensamos que a Xunta deba acordar coa Fegamp o primeiro incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e de subvencións que adecúe o financiamento destes CIM ás súas necesidades e prestacións reais. Así poderán contratar axentes de igualdade e persoal administrativo. Por certo, tanto axentes de igualdade como o persoal administrativo son figuras absolutamente necesarias nestes centros. ¿Por que contratar axentes de igualdade? Porque serán as persoas que poidan levar a cabo todos os cometidos que hoxe o persoal cualificado precisamente non pode facer, e persoal administrativo para aliviar a carga de traballo destas profesionais cualificadas, que teñen que deixar a atención ás mulleres para coller un teléfono ou ben para abrir a porta para recibir unha nova usuaria.

¿E por que solicitamos este repensamento da estrutura e do financiamento dos CIM? Pois para que non se produzan situacións tan dispares e dificilmente explicables como que, por exemplo, o CIM do concello de Avión, onde no ano 2021, collendo datos do INE, residían 946 mulleres, conte con tres técnicas e reciba unha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade de 45.000 euros. Non chega a 1.000 habitantes, a 1.000 mulleres, e recibe unha subvención de 45.000 euros. O CIM do concello de Vilagarcía de Arousa percibe a mesma cantidade de 45.000 euros, pero atenden preto de vinte mil mulleres. Para que non se produzan estas disparidades —como digo— dificilmente explicables, pedimos o que solicitamos hoxe.

No que respecta á parte regulamentaria —e xa para ir rematando, agardo que me dea tempo—, propoñemos: modificar ese decreto do ano 2016, ademais, para incorporar a figura de axente de igualdade —xa expliquei por que— entre o persoal necesario para o normal funcionamento dos CIM; regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das profesionais coas que debe contar un CIM; establecer como requisito —e isto non é pouco importante—, para ser persoal cualificado dun destes centros, realizar un mínimo de cincocentas horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade. Isto xa o pediu, ademais, a Asocim, cando se estaba pergeñando ese decreto no ano 2016, pero non lle fixeron caso. É certo que á Asocim tampouco lle fixeron caso nisto, nin a Xunta tivo en conta esta asociación, que aglutina todo o persoal técnico dos centros de información á muller, como interlocutora válida no proceso de consulta da futura Lei de igualdade —a ver se algún día chega—. Tampouco forma parte esa asociación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Algo, dende logo, complicado de entender.

E, por último, nós tamén pretendemos que ese decreto estableza que ningunha muller teña que desprazarse máis de quince quilómetros do seu domicilio para ser atendida nun centro de información á muller.

Loxicamente, tamén e como o último punto, consideramos imprescindible que a Xunta de Galicia realice unha campaña de información pública para dar a coñecer estes recursos como centros integrais dirixidos ás mulleres. Lamentablemente, todas sabemos que, pese a ser re-



cursos imprescindibles para a loita contra o machismo e a prol da igualdade, son certamente descoñecidos para a cidadanía, e é obriga dos poderes públicos reverter esta situación.

A realidade é que nunca houbo — ¡nunca! — tantos recursos para a igualdade, pero os centros de información á muller seguen traballando nas mesmas condicións, xa non nas mesmas que as de 2004, senón nas mesmas que as que existían antes, e seguen traballando coa mesma subvención —dende que existe a subvención— da Xunta de Galicia.

Eu agradecería que o Partido Popular —que entendo que nos vai vir con ese discurso— non nos veña hoxe coa escusa ou co discurso das competencias, porque saben ben da imposibilidade tamén dos concellos do PP —entendo que tamén os concellos do Partido Popular llo terán dito en repetidas ocasións—, xa que é bastante complicado para a Administración local pór en marcha un recurso como este nas condicións óptimas e desexadas, obviamente, por moita vontade que teñan. Non é un problema de vontade, aquí é realmente un problema orzamentario.

E nós preguntámonos —deixamos esta pregunta no aire—: ¿que mellor investimento que incrementar recursos para centros que se demostran eficaces e que o serían aínda máis se estivesen debidamente dimensionados?

De momento, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Benvidas e bo día tamén para as persoas que están na tribuna de persoas convidadas.

Nós —vaia por diante— imos apoiar a iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista. De feito, no noso grupo, en novembro de 2022, presentabamos unha moción en termos moi semellantes na maior parte dos puntos á que recolle hoxe a iniciativa do Partido Socialista. Naquela altura, o Partido Popular votou en contra —aínda repasaba o *Diario de Sesións* estes días—. Eu agardo e desexo, señora Díaz, que hoxe teña mellor sorte a súa proposta, porque creo que vai en beneficio do conxunto das mulleres de Galiza.

Nós imos apoiala. Dígoo porque, ademais de ter proposto tamén en varias ocasións melloras na ampliación e, sobre todo, no reforzo dos centros de información ás mulleres que hai en Galiza, cremos que é necesario lembrar que son un servizo moi importante para o conxunto



das mulleres galegas que recibe apoio, acompañamento, información e asesoramento en moitos ámbitos. Son un servizo importante, non única e exclusivamente para mulleres que se atopan en situación de violencia machista, senón para mulleres que están en procesos de separación e de divorcio ou para mulleres que teñen problemas de inserción laboral, que están desempregadas, e naqueles centros que teñen a sorte de contar cunha orientadora laboral tamén poden recibir asesoramento e axuda nesa materia.

¿Cal é o problema se todas e todos poñemos en valor que a Rede de centros de información ás mulleres é importante e é necesaria? O problema é que foi deseñada hai máis dunha década e que se mantén no seu sistema de financiamento practicamente igual que cando se creou, con ese financiamento estrutural que sostén a Xunta de Galiza, que é total e absolutamente pírrico, porque falamos dun financiamento de 45.000 euros, que agora explicarei. Non chega —se me permiten o termo— nin para pipas. Son centros de información ás mulleres que, en moitos casos, non só atenden a poboación do seu concello e do seu termo municipal, senón que, ademais, atenden outras mulleres doutros concellos.

A pesar de que se mantén igual o financiamento que reciben os CIM da Xunta de Galiza, o que fixo o Goberno do Partido Popular, desde o ano 2016, foi darlles aínda máis competencias en materias e áreas que nin sequera lles correspondería, como foi esa reforma do decreto do 2016, que os regula, na cal lles introducía, por exemplo, a obriga de asesorar, de acompañar, de dar información a colectivos LGBT no noso país que xa contaban cos centros Quérote —se non fose porque os teñen tamén durmindo o sono dos xustos no Partido Popular, sen ningún tipo de recurso e practicamente sen persoal—, que foron deseñados precisamente para iso: para atender e para asesorar especialmente a mocidade en materia de dereitos e liberdades sexuais.

A aportación, polo tanto, da Xunta a través desa liña de subvencións para o que é o sostemento estrutural do servizo dos centros de información ás mulleres, ademais de ser a mesma que a de hai máis dunha década, que son 45.000 euros para cada CIM que atende un termo municipal, un concello —trátase dun infrafinanciamento que non chega, insisto, nin para pipas na maior parte dos casos—, o que está provocando é que, ao final, exista unha desigualdade para moitas mulleres en función do concello no que vivas. Un, desigualdade porque podes dispoñer do CIM ou non —porque hai concellos aínda en Galiza que non están cubertos: toda a montaña de Lugo, por exemplo— ou porque tamén se establecen diferenzas en función de cal é a presión que teñen, por número de usuarias, as traballadoras que traballan nestes centros.

Eu trouxen aquí xa nalgunha ocasión —e vou repetilo— cal é a realidade que temos nas grandes cidades, sobre todo de Vigo e da Coruña, que son as de maior poboación no noso país, ou en cabeceiras de comarca, como pode ser Verín ou Sarria, que teñen que atender os casos, as persoas, as mulleres que chegan día a día ás portas do CIM, con moi, moi limitados recursos tanto de persoal como orzamentarios.

En decembro de 2022 houbo unha reunión entre a Fegamp e a propia Xunta de Galiza, a través da conselleira de Igualdade —xa se anunciara aquí no mes de novembro que ía ter lugar esa reunión—, e nós, que tiñamos certa expectativa de que saíse algo de aí, vimos que non



saíu nada, porque o que saíu foi reafirmarse en que ía haber a liña de financiamento estrutural nas mesmas condicións que o fixo até o de agora e en que ía haber outra liña un pouco máis ampla, pero para mellorar as instalacións. Nós non dicimos que non sexa necesario mellorar as instalacións dalgúns centros de información ás mulleres, pero o máis importante para garantir os dereitos das usuarias é que dispoñan do persoal suficiente para poder atenderlas. E agora non é así. Poño o exemplo da Coruña, con 131.600 mulleres que están vivindo alí, malia que deben —insisto— atender unha poboación maior, porque asumen aquelas mulleres que acoden doutros concellos que non teñen CIM na comarca ou na área metropolitana. Teñen simplemente unha avogada e unha psicóloga; isto é, por certo, o mínimo que exige o decreto para que poidas acreditar como CIM.

Eu creo que xa, chegados a esta altura desde a súa creación até o ano 2023, coincidiremos todas —porque, ademais as propias traballadoras do CIM así o veñen exixindo e reclamando en sede parlamentaria as veces que compareceron na Comisión de Igualdade— en que se necesita incorporar outros perfís profesionais: axentes de igualdade ou técnicas de igualdade para poder facer un labor esencial do propio CIM, que é o traballo comunitario, o traballo social e o traballo de prevención. Non teñen nin sequera persoal administrativo. É que ao final fas de directora, fas de psicóloga, fas de xurista e fas de secretaria, e pasas horas facendo as memorias para xustificar a subvención pírrica de 45.000 euros coa que despois vas pagar o teu salario. Son moitas horas de traballo burocrático que se podía perfectamente facer por parte de persoal administrativo contratado para os efectos para esas funcións.

O caso da Coruña pero tamén o de Vigo, que é a cidade con maior poboación de Galiza: unha traballadora social, unha administrativa, unha avogada, unha psicóloga —todas en horario de mañá e algúns días pola tarde—. A Xunta pon para o Concello de Vigo, que é o de maior poboación de Galiza, 45.000 euros. É que para a Xunta dá igual canta poboación atendas; pon o mesmo en cada concello, e iso é o que non pode ser.

Nós sempre dixemos que hai que ir cara a unha modificación do decreto e cara ás bases de convocatoria da orde de axudas para ese financiamento estrutural que fixe ratios tamén. Primeiro, de número de persoas atendidas por cada persoa traballadora; e, logo, que a aportación para soste ese servizo que achegue a Xunta de Galiza non sexa idéntica para concellos de cinco mil habitantes, ou de menos de cinco mil habitantes, que para a maior cidade deste país. É unha cuestión —eu creo— de sentido común. Todas e todos coincidiremos en que a aportación para poder garantir o sostemento dun servizo, que debe ser igual para todas as galegas, independentemente do concello no que vivamos, se financia tamén con cargo aos orzamentos da Xunta de Galiza, precisamente para garantir esa equidade, porque hai moitos concellos que xa teñen un orzamento moi limitado, por ser pequenos moitas veces —que é o que hai na maior parte do mapa deste país—. O que máis abunda son concellos pequenos que teñen un orzamento moi limitado e que están asumindo unhas cargas orzamentarias que non son capaces de afrontar, tamén debido a outros problemas que arrastran, que son sistemas de financiamento absolutamente inxustos. Pero ese sería outro debate.

Nós —insisto en que— concordamos coas propostas que se fan e que veñen un pouco reforzar a idea que temos xa trasladado nesta Cámara noutras ocasións, isto é, a necesidade



de incrementar esa partida orzamentaria que achega a Xunta de Galiza, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede, pero, sobre todo, de reforzar eses centros que xa existen e dotalos do persoal que necesitan, incluíndo outros perfís profesionais, como o administrativo ou o axente de igualdade, para poder facer todo o traballo que teñen encomendado, porque se vostedes len o Decreto do 2016 e collen o artigo das funcións é interminable. A maior parte das veces — e dincho as propias traballadoras: «eu o único que podo facer é ir sacando o máis urxente» — son as tramitacións de axudas para vítimas de violencia machista, os informes que tes que facer para os xulgados nos procesos de violencia machista ou de separación e divorcio... Fan traballos fundamentais pero que che ocupan tamén moitísimo tempo, e moitas veces xa non poden atender nin outras realidades que son de asesoramento e, sobre todo, é fundamental ese traballo coa comunidade de previr violencias machistas e traballar na sensibilización e na promoción da igualdade real entre mulleres e homes.

Nós —xa digo— imos votar a favor. Eu agardo que a súa iniciativa teña algo mellor de sorte que a que tivo a nosa no mes de novembro do ano 2022. Eu o único que agardo é que a Xunta de Galiza tome nota do que lle di a Asociación de traballadoras dos CIM, do que lle di a propia Fegamp —tamén en reunión coa conselleira de Igualdade— e do que dicimos as forzas políticas da oposición nesta Cámara, e agardo que nos poñamos as pilas para reforzar, para ampliar e sobre todo para mellorar un servizo que leva moitos anos funcionando. Eu creo que todas coincidimos en que o servizo é importante e que é necesario, pero o que non podes é estar catorce anos facendo o mesmo porque a realidade galega cambiou, as competencias atribuídas aos CIM cambiaron e o que ten que cambiar tamén será o sistema de financiamento da Xunta, co que sostén un servizo que é esencial e que debe ser equilibrado e igual para todas as galegas e os galegos, independentemente de se vives nun concello pequeno como a Ribeira de Piquín, na montaña de Lugo, ou de se vives na maior cidade de Galiza, que é Vigo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodil Fernández.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día, señorías.

Como cuestión previa, eu quería felicitar dende esta Cámara todas as mulleres galegas nun día coma hoxe, un día que é o Día Internacional da Muller.

E, dende o grupo do Partido Popular, non imos confrontar hoxe con vostedes, señora Díaz, por un servizo que naceu co Partido Popular hai case trinta anos, que consideramos esencial, no que criamos cando creamos os CIM —cando se puxeron en marcha os primeiros CIM no ano 1995— e nos que seguimos crendo e polo que imos seguir apostando na actualidade.

Pero vanme permitir que faga algunha puntualización aos acordos que trae hoxe o Partido Socialista aquí a esta Cámara porque de verdade que hai cousas sorprendentes.

Relativo á primeira das súas peticións, por suposto, o Partido Popular concorda en que ten que haber unha total colaboración por parte do Goberno galego e da Fegamp no marco do



acordo asinado xa no ano 2017, para impulsar esa rede de entidades locais contra a violencia de xénero e para poder así atender á diversidade dos concellos galegos, mellorando o seu financiamento en función das diferentes realidades locais, porque si que é certo que non é o mesmo un centro de información situado nunha vila rural que un centro de información situado nunha cidade. Pero esa colaboración existe xa no día de hoxe. A señora Rodil xa mencionou a xuntanza do pasado mes de decembro que mantivo o Goberno galego coa Fegamp, para coordinar esas actuacións de mellora nos CIM —esas que vostedes veñen pedir hoxe, das que xa se falou no mes de decembro —e reforzar a formación dos profesionais. (*A señora Pérez López levanta un documento que mostra ao resto da Cámara.*) Foi unha xuntanza da que a propia Fegamp dicía que —e teño aquí o que dicía a Fegamp— confiaba na nova reforma anunciada pola Xunta de Galicia e que ía traballar arreo nunha estratexia conxunta. É todo o contrario do que acaba de dicir o Bloque Nacionalista Galego hai un momento.

Por certo, e falando de colaboración —que, reitérolle, é máxima por parte do Goberno galego—, os dous grupos utilizan un informe sobre a Acción dos concellos galegos pola igualdade, do que a Xunta de Galicia, a pesar de ser quen acredita e quen financia parte dos CIM, non foi informada da súa elaboración nin antes, nin durante, nin despois do procedemento. E foi feito por petición de Asocim, que, señorías, non é certo que aglutine todos os profesionais dos CIM de Galicia. Polo tanto, eu pediríalles que cando veñan a esta Cámara pedir colaboración, cando menos, deberían pedila recíproca.

E, señora Díaz, teño que entrar no discurso das competencias, e teño que entrar no discurso das competencias porque os CIM son centros de titularidade municipal —gústelle ou non lle guste—. E dentro do respecto a esa autonomía local que tanto teñen reclamado nesta Cámara cando lles convén, a iniciativa de crear un centro de información á muller nun determinado concello é decisión da corporación municipal, como foi no pasado ano a do Concello do Pereiro de Aguiar ou a do Concello de Carballeda de Avia. O propio presidente da Fegamp, na xuntanza que mantivo co Goberno galego, ofreceu toda a colaboración do municipalismo, entendendo que a dita reforma —e dígoo literal; vou ler literal— «non ten sentido sen a participación das entidades que levan a cabo este servizo». Polo tanto, estender a rede —gústelle ou non lle guste ao Partido Socialista— é decisión de cada municipio. E se non é certo o que estou a dicir, gustaríame que me explicasen, dende a bancada socialista, por que o alcalde de Ponte Caldelas decidiu, el soño, no ano 2017, sen pedirlle ao Goberno galego nin consultalo, pechar o CIM de Ponte Caldelas, que, por certo, reabriuse e tivo que readmitir as traballadoras por unha sentenza xudicial.

Reabriuse pola presión da cidadanía. E aproveito para recordarlles que, naquel momento, cando se trouxo a esta Cámara unha iniciativa para evitar o peche do CIM de Ponte Caldelas, a bancada socialista mirou para outro lado. Non foron quen de apoiala e pediron, daquela si, respecto á autonomía local en relación cos CIM. ¿Sabe o que dicían dende a bancada socialista naqueles momentos? Dicían que o Partido Popular non era quen de dar leccións de igualdade ao Partido Socialista. En algo voulles dar a razón nese tema, e voulles dar a razón porque o Goberno galego do Partido Popular non está para dar leccións; iso xa llelo deixamos a outros partidos no noso territorio. O Partido Popular está para gobernar, está para facer as cousas ben, (*Aplausos.*) está para garantir que todas as mulleres galegas teñan acceso a estes centros de información da muller, con independencia do concello onde residan. Iso é exactamente o



que está a facer o Goberno galego nestes momentos. E, ademais, vóullelo simplificar cun exemplo recente: co alcalde de Boiro do Partido Socialista e co CIM de Boiro, cuxas usuarias viron como lles retiraban os servizos dos que eran beneficiarias e usuarias ás que a Xunta de Galicia puxo á súa disposición o Centro de Recuperación Integral de Santiago de Compostela. Esta situación non se deu nin por falta de financiamento, señorías, nin por unha necesidade concreta, nin por falta de persoal, porque Boiro nin sequera executa a subvención que lle outorgan e leva anos tendo que reintegrar os fondos non executados. ¿Sabe por que pasan estas situacións? Pola falta de sensibilidade dalgúns alcaldes.

E piden tamén un incremento orzamentario das liñas de axudas e de subvencións para o funcionamento dos CIM con fondos propios; con fondos propios está a facerse xa dende o ano 2021, señorías, precisamente atendendo unha petición da Fegamp e dos propios CIM. E, ademais, para garantir unha maior estabilidade, estas axudas nos últimos anos teñen carácter plurianual.

E respecto dos orzamentos que o Goberno galego dedicará á área de igualdade este ano, serán máis de catro millóns de euros para financiar os CIM e 1,4 millóns de euros, a maiores, destinaranse para axudar os concellos a mellorar as infraestruturas e os equipamentos destes centros.

E que o Partido Socialista veña pedir hoxe un incremento nos orzamentos, cando hai tres meses votamos os orzamentos do Goberno galego e non presentou nin unha soa emenda para incrementar os orzamentos do CIM soa a chiste. Non presentou nin unha soa emenda á totalidade nin ás emendas parciais. É de chiste se non estivésemos a falar dun tema tan serio, señorías.

E consideran tamén necesaria a modificación do Decreto 130/2016 en catro cuestións concretas. Eu o que podo dicirlles é que contarán co total apoio do Partido Popular e do Goberno galego para facelo sempre e cando se faga no marco do acordo de colaboración coa Fegamp e sempre que se cree un grupo de traballo para avaliar e estudar esas posibles modificacións e esas posibles actualizacións. E sorpréndeme que esteamos falando de loitar contra a discriminación e de loitar pola igualdade real e efectiva, e que para o colectivo LGTBI —que é atendido nos CIM e así está establecido no artigo 5— vostedes pidan crear un servizo independente, cando o que se persegue é todo o contrario, isto é, que a igualdade entre mulleres e homes sexa sen importar a súa sexualidade.

Mire, e referente ao último punto que traen hoxe, eu penso que sería moito máis produtivo e moito máis beneficioso para as mulleres —como lles dixo a miña compañeira Paula Prado hai un momento— a posta en marcha de forma inmediata das medidas contidas no Pacto de Estado impulsado polo Partido Popular no ano 2017 e que cinco anos despois de chegar o Partido Socialista ao Goberno do Estado seguen aínda pendentes de desenvolver. Iso si que é negacionismo, señorías; (*Aplausos.*) iso si que é negacionismo real do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Sería moito máis produtivo e beneficioso poñer en marcha esas medidas, sobre todo as referidas á educación, á sensibilización e á concienciación fronte á violencia de xénero. Todas elas son medidas necesarias —en opinión das persoas expertas— para xerar ese clima de tolerancia cero fronte á violencia machista e fronte aos colectivos LGTBI.



Mire, ¿sabe o que me parece a súa iniciativa de hoxe por moito que vostedes digan? Paréceme unha iniciativa para cumprir co día 8 de marzo, sen máis. É unha cortina de fume para tapar a xestión do Partido Socialista en todo o que ten que ver coas mulleres e coa súa protección, porque as mulleres —e repito— nunca estiveron tan desprotexidas nin tan revitimizadas como nestes momentos, grazas ao Partido Socialista, gobernando no Goberno do Estado, e grazas ao Bloque Nacionalista Galego, que está a actuar como cómplice.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señora Pérez, é vostede tan previsible que se dou lectura a esta folla que teño aquí diante contestaríalle todo o que vostede me dixo hoxe. ¡Fíxese que previsibles son! Ese argumentario, tiran de argumentario... Antes dicíame a señora Prado que deixara de ler, dígolle a vostede: deixe xa o argumentario.

Bueno, agradecemos loxicamente o voto favorable do BNG. Teño que confesar que non chegamos aquí con demasiadas expectativas tampouco.

Pero ben, señora Pérez, nós non pretendiamos confrontar. Foi vostede a que confrontou. Se escoitou ben a miña intervención —que me dá a impresión de que non a escoitou—, non pretendiamos en ningún momento confrontar, pero xa agardabamos certamente a postura do Partido Popular, que xa estamos acostumbradas: ou ben bota balóns fóra ou ben fala de casos particulares.

Eu asegúrolle que nós aquí tamén podemos falar de casos particulares, de concellos gobernados polo PP; tamén poderíamos, pero non imos entrar no seu xogo, porque consideramos que os centros de información á muller son recursos tan esenciais que non necesitan meterse no lodo que vostedes pretenden. Por certo, acerca dalgún centro da información á muller gobernado por un alcalde socialista, teña vostede coidado, non saia queimada, acerca da actualidade, a que mencionou agora.

Ben, claro, nós aquí tamén pretendiamos —deixamos para a nosa réplica— que puidésemos falar desa reunión de decembro. ¿Que pasou? Porque vostede non sei, pero nós temos interlocución coa Fegamp. *(Murmurios.)* Non deben dar tanta, non deben ter tanta, á vista de tal, nin con ela nin con Asocim. Agardemos que estean vendo este debate. Practicamente parece como cando o director da CRTVG fala dese colectivo que non recoñece, que é Defende a Galega. Vostedes aquí acaban de facer case o mesmo con Asocim. Xa se atoparán con elas, que isto xa non é o noso negociado.

Mire, esa xuntanza non serviu de nada, de absolutamente nada. De aí non saíu absolutamente ningunha concreción, saíu a esperanza de que exista unha reforma dese decreto, pero non conseguiron en absoluto nada sobre o papel, absolutamente nada.

Claro, a coherencia do Partido Popular. Claro, a Fegamp non lle pediu permiso ao Goberno galego para facer un informe. Só faltaría, só faltaría que a Fegamp teña que pedirle un per-



miso á Xunta de Galicia. Imos ver, ¿estes non son centros de titularidade municipal? ¿A que estamos? ¿Onde está a súa coherencia, señora Pérez? Non vexo a súa coherencia en ningún momento. Póñanse vostedes de acordo.

Fala do colectivo LGTBI. Mire, aquí teño diante as voceiras desa área no Parlamento galego, non as insulte. O colectivo LGTBI está hoxe máis desprotexido que nunca por este goberno do Partido Popular. E son centros de información á muller, que naceron para iso, que antes do 2004, cando apareceu o primeiro decreto, xa se dedicaban á muller e que vostedes no ano 2016, porque non sabían que facer efectivamente cos centros Quérote, que os teñen absolutamente desmantelados, e tampouco sabían que facer con ese colectivo LGTBI, que debe ser unha cousa estraña para vostedes, esa causa, e a situación de marxinalidade que sofren, entón, vostedes collen e din: ben, nos centros de información á muller imos tamén meter os homes gays, porque son centros de información á muller. Así que demagoxias, as xustas.

Falaba vostede do informe. Pois mire, é que ese informe, no que non lle pediron permiso, loxicamente, di que o establecemento ou a apertura dun CIM non responde a criterios de distribución estratéxica, e vostedes non fixeron nada en función da demanda da poboación, senón que depende da capacidade dos concellos —a vostedes dálles igual—, non tanto da vontade senón da capacidade orzamentaria. Vostedes seguen igual, coa mesma subvención. Din que a maior parte do orzamento dos CIM se dedica a cubrir gastos de persoal, que as profesionais dos CIM non sempre están a tempo completo e ás veces teñen que compatibilizar as súas funcións con outras, que tan só o 5 por cento dos centros conta cunha auxiliar administrativa, que alivia a carga burocrática. Di tamén que existe unha gran dificultade para prestar unha atención de calidade; e a vostedes dálles exactamente igual. Di que a formación que se lles ofrece é insuficiente e de mala calidade; e a vostedes dálles exactamente igual. Este debate xa volverá aquí noutra ocasión proximamente.

¿Seguen vostedes, de verdade, continuando con esa teima de que non fai falta darlles unha volta a estes centros de información á muller?, ¿seguen vostedes pensando iso? Parece que si, parece que é a conclusión que sacamos hoxe.

Nós viñamos aquí —asegúrollelo— con toda a vontade construtiva, solicitándolles que acepten esta iniciativa. ¡Alá vostedes! Porque vostedes hoxe, si, con ese voto «non», cando pulsen o botón vermello, con ese voto, o que van facer vostedes, si, é deixar desprotexidas moitísimas mulleres.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da aprobación do Plan de igualdade e da incorporación nel de medidas que garantan os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez.*

Non hai acordo sobre a emenda.

(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.) Perdón. ¿Hai acordo? Non hai acordo.

Déanlle voz ao escano da señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Señor presidente, queremos solicitar a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptase a votación por puntos?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Pois, entón, votamos tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da prohibición da instalación de parques eólicos na costa de Galicia e no Cantábrico noroeste

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Paula Prado.*



Parece que hai unha transacción á que chegaron cun acordo. Teño aquí a transacción.

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

¿Si, señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desde o BNG queríamos solicitar, como lle trasladamos á voceira, a votación separada do primeiro punto, por unha banda, e dos seis restantes, pola outra.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos?

A señora PRADO DEL RÍO: Si, si, señor presidente. Pero ¿quere que dea traslado..?

O señor PRESIDENTE: Teño aquí o acordo.

A señora PRADO DEL RÍO: Vale.

O señor PRESIDENTE: Coñéceno todos.

Votamos, en primeiro lugar, o punto 1.

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 19; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos da transacción.

Votamos.

Votación dos puntos 2 a 7 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, quedan aprobados os puntos 2 a 7 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos cunha alteración da orde do día, que son preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Formule a pregunta. Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Quero, antes de nada, saudar os representantes dos gobernos locais de Oia, Pontearreas e O Carballiño que hoxe nos acompañan.

No mes de xaneiro o noso grupo rexistrou iniciativas para que o Goberno galego atendera os danos provocados polas intensas choivas e neves que afectaron toda Galicia nos últimos días do mes pasado e os primeiros días deste ano, danos tanto en propiedades privadas como en bens de titularidade pública, entre os que podemos apuntar derrubes no monte de Santa Tegra e na zona do Muíño e inundacións no Codesal, no concello da Guarda; afundimento de muros e camiños, afectación á fortaleza de San Lourenzo de Goián, en Tomiño; danos no paseo fluvial, muros do contorno do Camiño de Santiago e no casco histórico no concello de Tui; inundacións no concello do Carballiño da única estrada, que deixou incomunicado o pobo durante varias horas; o anegamento da igrexa, o cemiterio ou as instalacións termiais de Arcos; derrubamento de parte da Fonte de Troncoso, en Mondariz-Balneario, obra de Antonio Palacios, un BIC abandonado e pendente dun proxecto de rehabilitación; danos en varias pontes, un muíño, sendas, campo de fútbol, liñas eléctricas ou viais no concello de Pontearreas; ou danos no tramo do Camiño Portugués pola costa no servizo de saneamento e o desprendemento de muros no concello de Oia.



Ante esta situación, os concellos galegos, con escasos recursos dos que dispoñen, puxéronse a traballar inmediatamente cos medios materiais humanos e económicos ao seu alcance para poder arranxar na maior brevidade posible as graves consecuencias dos danos provocados polas ditas riadas, polo que os socialistas instamos a Xunta de Galicia a que actúe, como administración competente, a que se coordine coa Fegamp e que aprobe a declaración de emerxencia de interese galego contemplada na Lei de emerxencias de Galicia, e a partir de aí aprobar un decreto para iniciar a repartición de axudas directas aos concellos e á veciñanza.

Señor conselleiro, ¿que vai facer a Xunta de Galicia?, ¿vai sentarse de brazos cruzados mirando como traballan os concellos ou volverá actuar de forma caciquil, axudando aqueles concellos que teñen gobernos do Partido Popular e deixando abandonados o resto dos concellos galegos? Vostedes non son uns convidados de pedra; teñen que ser un actor activo e defender Galicia, o seu territorio e as súas xentes. Poden tomar exemplo, por exemplo, da Deputación de Pontevedra, que habilitou xa 2,7 millóns de euros para atender estes concellos na súa provincia.

Esperamos a súa resposta para saber cales foron as actuacións que fixo a Xunta de Galicia dende finais do ano pasado.

Pola miña banda, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para contestar, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Tamén dou a benvida aos alcaldes que hoxe nos acompañan.

Grazas tamén a vostede, señora Rodríguez Rumbo, pola súa pregunta.

O certo é que me parecía interesante, pero tamén é certo que eu xa pensaba que vostede o que traía, ao final, con esta intervención, era un trasfondo de confrontación institucional, como levan facendo durante estes días, nas últimas datas, acerca deste asunto.

Intentareille responder co máximo rigor e precisión, pero a resposta é un «non», e vostede debería de saber, ademais, por que.

A emerxencia de interese galego, da que vostede fala, é unha situación operativa recollida na Lei de emerxencias e no Plan territorial de emerxencias de Galicia, no Platerga. E vostede



sabe que isto o que significa é que hai un nivel de alerta que nos permite mobilizar os medios ante unha situación determinada. Obviamente, non estamos no caso agora, polo que non serviría de nada atender esta petición, pero nin para vostede nin para os concellos afectados, que entendo que é do que estamos a falar aquí.

Por se o descoñece, lémbrolle que nos plans de protección civil se definen unha serie de niveis de activación e situacións operativas en función da gravidade potencial dos sinistros. E a declaración de emerxencia que vostedes piden e que pediron en sucesivas ocasións só se declarou unha vez na historia de Galicia, e foi durante a pandemia da covid. ¡Só se declarou unha vez e foi durante a pandemia da covid! Insisto, dende o ano 2007, cando se aprobou a Lei de emerxencias de Galicia —fíxese vostede do que estamos falando—, tales circunstancias —repítolle— tan só se deron coa pandemia da covid-19, que foi cando, efectivamente, o Consello da Xunta declarou a emerxencia de interese galego, que non é máis que poñer á disposición todos os medios que existen en Galicia para poder atender unha emerxencia. E, pese a que poderá haber afeccións en cada un destes concellos que vostede citaba e nalgúns outros, comprenderá que non estamos nun caso nin parecido, afortunadamente. Naquela ocasión da covid era preciso mobilizar e coordinar as actuacións ante unha situación moi grave.

Iso é o que vostedes están a pedir con esta iniciativa. E nós xa lle contestamos en numerosas ocasións que iso non correspondía. Pero, como non me gusta falar por falar, traio algúns datos, por exemplo, de incidencias: co ciclón Klaus —non sei se se lembra del, no ano 2009, no 24 de xaneiro— houbo 1.794 incidencias en Galicia. O 24 de decembro do ano 2013 veu una borrasca no Nadal e houbo 1.656 incidencias, señora Rumbo. No ano 2019 a borrasca Fabien ocasionou 1.295 incidencias. O Nadal deste ano ocasionou unha media de 554 incidencias, señora Rumbo.

Polo tanto, non estamos nunha situación nin parecida, máis aló de que algún concello puidese ter algún desperfecto nos bens municipais ou parecidos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, ¿confrontar é solicitar que se lles axude aos concellos? Eu creo que non.

Mire, a Fegamp e varios concellos téñense dirixido por carta ao presidente da Xunta de Galicia, e a resposta ofrecida pola Xunta de Galicia, un mes despois, foi que o vicepresidente segundo e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes —é dicir, vostede— estaría disposto a desprazarse á zona afectada polos temporais co fin de comprobar os danos ocasionados.



En fin, señor conselleiro, pasaron case dous meses e medio e vostedes a resposta que lles ofrecen aos concellos é á súa disposición a desprazarse. É dicir, que aínda non foi visitar os concellos afectados, que a Xunta de Galicia non asume a súa obriga e pretende pasar de largo sen darlles solución a estes concellos e que a Xunta de Galicia non acordou a declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos ou, no seu caso, un plan para atender os danos ocasionados nestes concellos. *(Aplausos.)*

É dicir, señor vicepresidente segundo, o interese polos danos ocasionados nestes concellos é nulo, e o plan de axudas que contemple orzamentos e medidas, inexistente. Pois, mire, señor vicepresidente segundo, atenda as solicitudes da Fegamp e das deputacións. Senten, remánguense e póñanse a traballar, que para iso os votaron un número importante de galegos e galegas, o que lles permite gobernar coa maioría absoluta. Se queren, poden; o problema é que non queren atender as necesidades da cidadanía e queren empregar só os recursos con cálculos electorais. Se non queren facer esa declaración de emerxencia, acudan aos concellos inmediatamente e habiliten recursos para atendelos; outras administracións así o fixeron. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Eu vólvollo repetir, pero parece que non o quere entender, e é verdade que cando non se quere entender unha cousa non hai moito que facer. Nada ten que ver a declaración de nivel de emerxencia, como é o nivel de interese galego, co establecemento da axudas. Señora Rumbo, nada ten que ver. E vostedes durante todos estes meses, ou dous meses e pico, afanáronse en pedir a declaración da emerxencia porque era fundamental para todo isto. Vostedes o que querían era facer ruído e enganaron, estou seguro, que a parte dos alcaldes, que non tiñan toda a información, dicíndolles que tiñan que facer ese ruído. Vostedes sábeno, e dedicáronse a enganar.

En segundo lugar, o momento da declaración de emerxencia de interese galego é cando os sucesos se están producindo, como durante a pandemia ou durante algunha situación extraordinaria. Fíxese vostede, di que non queremos axudar. O verán pasado atravesamos una vaga de lumes importante no sur da provincia de Lugo e Ourense *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —escoite, escoite, que igual lle interesa— que afectou moitos concellos de distinta color política. E, dende o primeiro día, señora Rodríguez Rumbo, o presidente da Xunta, por suposto, o conselleiro do Medio Rural, este que lle fala e, loxicamente, todos os servizos de emerxencia estiveron á disposición. De feito, os incendios foron o 16 e o 17 de xullo. Pois o 21 de xullo, catro días despois de que comezasen os incendios, o Consello da Xunta de Galicia aprobou unha orde de axudas para todos os concellos. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Fíxese, a vostede dálle igual, pero atenda. Publicouna —escóiteme— o 26 de xullo. En decembro, por certo, chegou o presidente Sánchez, con once coches da Garda



Civil, a facer unha visita por todos os lados cerrados, e estiveron aplaudíndolle alí catro concelleiros do Partido Socialista. Ben, iso foi en xullo. Nós, a Xunta de Galicia, en decembro, tiña pagado o 80 por cento das axudas para aquela vaga de lumes. É moi fastidiado establecer una comparación, pero vostede estará de acordo en que non foron comparables nin a situación de risco nin a mobilización de medios na vaga de lumes e nas choivas deste Nadal. Non foron comparables, e iso sábeo vostede. Estamos falando de que arderon casas, de que arderon vivendas, de que arderon bens e de que arderon coches. Non ten nada que ver. Cortouse o tráfico, non nunha estrada local, que se inundou, porque o río se botou fóra —non, non estamos falando diso—, cortouse a nacional, cortouse a autovía...; cortouse todo. E vostede ten que darse conta desta situación. ¿Sabe cal é a diferenza? Que o Goberno do Estado, do señor Sánchez, foi en xullo sacar a foto con todos os coches da Garda Civil, pero ata decembro non anunciou no BOE unha axuda. ¿E sabe cal é a axuda? Do 50 por cento dos desperfectos. ¡Home! Dá a casualidade de que xa están todos pagados pola Xunta de Galicia. Entón, agora xa non hai moitas presentacións. Esa é a forma que teñen vostedes de entender e de estar ao pé dos concellos.

Nós respondemos a todas as cartas dos concellos e diciámoslles que estabamos dispostos a ir —porque vostede o seguinte parágrafo non o leu, pero eu teño aquí todos, porque trouxen todas as cartas e contestámolas todas—, xunto cos representantes da Deputación e da Delegación do Goberno galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...e a poñer enriba da mesa as axudas necesarias...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(O señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Pregunta de D^a María González Albert, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a substitución por parte do Goberno galego da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: «O clima laboral é complicado. Non se dirixen a ti directamente; mándanche facer unha noticia e pódela facer ao seu gusto ou non. Se non a fas ao seu gusto, non che volven dar a noticia». «Non digas o do IPC de Galiza, ou méteo ao final, disimuladamente». «Isto é o que está pasando aquí con todas as noticias. Se non aceptas, relégante e fas noticias sobre o que aquí chamamos ‘anciás patinadoras’». «Experto en economía que trasladan da Radio ao Galicia Noticias; un Premio Nacional de Xornalismo Cultural facendo informacións menores; experta en internacional á que non deixan informar sobre Ucraína. No aniversario do inicio da guerra estaba a facer unha



peza sobre a arribada. Síntome humillada». «Desde o punto de vista empresarial, debíanse aproveitar os recursos e a formación que temos, pero optan polo despotismo e a coacción». «As baixas por problemas psiquiátricos ou mentais que hai aquí non son normais, por non poder soportar o que está pasando. Eu exixo dignidade persoal e profesional».

E así poderíamos seguir. Son declaracións de persoal da CRTVG este mesmo luns no comezo da xornada de folga. Denuncian o clima laboral asfixiante e os castigos a quen non é dócil coa manipulación. Chega esta xornada, a primeira dunha serie de mobilizacións, despois de duascenas cincuenta semanas de «venres negros», duascenas cincuenta semanas contra a manipulación informativa e un desencadeante para esta nova —e agardamos, de verdade, que definitiva— mobilización. A carreira costa abaixo e sen freos da dirección da CRTVG e a súa cruzada de represalias e represión persoal, que pretende agocharse tras unha imaxinaria reestruturación do grupo.

Tanto o que contan hoxe as traballadoras da CRTVG como o que vemos e ouvimos pola radio e televisión públicas é o que é, señor vicepresidente: abuso laboral, terrorismo informativo e apropiación dos medios públicos por parte dun partido político. (*Aplausos.*) Isto ten que parar xa. Fronte á miseria moral do negacionismo da realidade do Partido Popular, a dignidade; a dignidade da folga dun persoal que pon en perigo o seu salario para poder loitar día a día pola defensa da súa profesionalidade e pola defensa do servizo público.

E chove sobre mollado. «A folga foi decidida nunha asemblea de persoal o 22 de febreiro, e alongarase polo tempo preciso para recuperar dereitos e liberdades até lograr que se reverta un clima laboral irrespirábel e insoportábel». E, de novo, non son as nosas palabras, son as do persoal da CRTVG, que pelexa pola honorabilidade do seu traballo fronte a unha dirección que vai a calzón quitado e que non repara nas súas represalias. Reclaman o cesamento dos abusos, exixen que se erradique o trato degradante e despótico e que se repoña nos seus medios de orixe o persoal que foi trasladado como castigo; «castigo e aviso a navegantes». E de novo non son palabras do BNG. Esta é a CRTVG que nos deixou Feijóo e que Rueda mantén, unha corporación na que se exige a manipulación das informacións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Bos días.

De novo o BNG vén falar a este Parlamento intentando enganar cunha pregunta que parte de premisas falsas, e que, ademais, xa foron desmontadas no seu momento pola Valedoría do Pobo. De novo veñen aquí acusar, sen poñer enriba un só dato. O que veñen poñer son opinións de distintos profesionais, xuízos de valor que mostran de novo o seu sesgo ideolóxico. É profundamente intervencionista, e, ademais, vai en contra da Lei 9/2011, do 9 de novembro. É máis, diría incluso que é habitual porque as posturas do BNG con respecto á CRTVG son estas.



Nós defendemos un medio de comunicación que funcione con independencia, de acordo con criterios profesionais, e a vostedes iso non lles gusta. Bueno, pois ¡que lle imos facer! (*Murmurios.*) Parece que lles custa entender isto, porque cando teñen ocasión de controlar a TVG, a CRTVG ou a Radio Galega vostedes si que o fan. Teñen metido no seu ADN que hai que facelo e pensan que o resto facemos o mesmo, e non é certo. E o exemplo do Bipartito está aí.

Pero veñen falar da situación laboral dos traballadores. Mire, cando chegaron á CRTVG no ano 2005, despediron profesionais de longa traxectoria; é máis, os delegados de todas as cidades foron despedidos, neste caso pola independencia e a dirección do Bipartito á fronte da CRTVG. Incrementouse a litixiosidade da CRTVG, que en gran parte aínda segue no día de hoxe, froito daqueles problemas. Non foron capaces de facer un proceso de consolidación e conseguiron o récord na taxa de temporalidade. Esta é a súa situación laboral na CRTVG, o seu balance, cando tiveron oportunidade.

Pero hai un informe que fala da avaliación da contratación da CRTVG no período 2008-2021 feito por Price Waterhouse Coopers. Este informe di, entre outras cousas: taxa de temporalidade no ano 2008, o 40 por cento; no 2021, o 6,5 por cento. Estabilización do emprego: no 2008, case o 50 por cento era persoal temporal, con 200 contratos de obra e servizo e 100 de interinidade. No 2019, o 81 por cento do profesional era indefinido fixo e os contratos por obra eran tan só 17. Ademais, no 2022 publicáronse as bases para un proceso de consolidación de emprego de 270 prazas. A vontade da dirección era acometer axiña esta estabilización, pero é certo que dous sindicatos presentaron recursos e por iso leva un pouco máis de tempo.

Esta constante campaña de ataque aos medios públicos de comunicación e a súa permanente presión política cara a eles é o que verdadeiramente está afectando o clima laboral na CRTVG, señoría. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Rin, pois non se preocupen, que terán cumprida explicación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes insisten nesta manipulación informativa...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...porque non cren posible que haxa uns medios públicos obxectivos onde os profesionais desenvolvan o seu traballo sen que ninguén, nin sequera vostedes, poidan intervir nas súas opinións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O exemplo témolo claro. Se vostedes nunca gobernasen...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...pois estaría ben, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas... Si, non, non, pero foi pola interrupción. Grazas.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...vostedes gobernaron e os seus líos á fronte eran moi coñecidos. *(Murmurios.)* Deberían antes de preguntar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente. Terminou o tempo.

Grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Foi unha interrupción que houbo aí... Dez segundos, ¡eh! Coidado, estou falando de que foi de dez segundos, pero houbo unha breve interrupción aí. Dez segundos, ¡eh!, ¡coidado! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor. Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, é igual, non hai problema ningún. *(Murmurios.)*

Silencio... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! ¡Veña, vamos!

Réplica da señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Señor Calvo, vostede é vicepresidente. Compórtese como tal, polo menos aquí dentro. *(Aplausos.)* Eu desta volta dígollo de verdade: nin vostedes nin o seu sistema de intereses debidos foron quen de calar o clamor da dignidade do persoal da Corporación da Radio e Televisión de Galiza. E vostedes é que non se enteraron de nada. As traballadoras e os traballadores dos medios públicos do noso país non lles teñen medo e denuncian publicamente os seus casos, os seus métodos e as súas formas de matóns de instituto.

Lémbrolle tamén, señor vicepresidente, «que veñen dunha sentenza condenatoria por atentar contra os dereitos fundamentais dun traballador, por represalialo por participar nas mobilizacións dos ‘venres negros’, *(Aplausos.)* e agora o director de Recursos Humanos da Corporación na Radio e Televisión de Galiza bota do seu despacho a representación sindical. Retiran dos taboleiros da Radio Galega a información sobre os abusos e ameazan o persoal para que non faga folga mediante presións abafantes» —e tamén estou citando—. E o último é que «non permiten que se reúna a asemblea de traballadores dentro das instalacións de San Marcos», o cal xa é o último chanzo nesta carreira sen freos.

Pretenden tapar o sol cun dedo, pero a súa manipulación xa non hai quen a tape. É máis, vostede sabe tan ben coma min que xa teñen xente das súas propias filas pedindo poñer freo a este despropósito. Fágano, pídllo por favor. Asuman dunha vez que este non é o camiño e cumpran a lei, a súa lei. Cumpran os dereitos do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galiza, e cumpran coa súa responsabilidade fronte a todas as galegas e aos galegos. Porque isto ten que rematar xa, señor Calvo, non poden seguir afundindo os nosos medios públicos e pregándooos aos seus intereses partidarios e partidistas, aos de Galiza e agora tamén aos de Madrid. Porque é a democracia —e é moito máis que un medio de comunicación— o que está en xogo.

Máis nada. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Eu, señora deputada, sinto que lle molestase que pedise, na miña intervención desde o escano, ese respecto á liberdade de expresión ao que facía referencia a súa voceira pola mañá, cando ela falaba e nós escoitabamos; pero, cando eu falo, vostedes poden facer o que lles dá a gana. (*Aplausos.*) Non é máis que o reflexo do que vostedes intentan con esta pregunta. É exactamente isto, esa hipocrisía política. Din unha cousa e practican a contraria.

Vostede vén aquí pedir explicacións. A situación laboral deilla con datos do último informe. Creo que, ante eses datos... ¡Home!, son bastante elocuentes. Polo menos, debería de pedir perdón cando intenta trasladar unha situación que non é esa.

Pero, fíxese vostede, falaba vostede e utilizaba a expresión de «terrorismo informativo». Oia, eu non sei onde estaba vostede na etapa do Bipartito. Non o sei. Pregúntelle a Ana Pontón o que pasaba aquí na etapa do Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, no instituto, pois probablemente poderían atender... (*Murmurios.*) porque na etapa do Bipartito... —igual así o sabe, señora Rodil— o vicepresidente da Xunta de Galicia, que era Anxo Quintana —candidato do Bloque Nacionalista Galego e o seu secretario xeral—, mandoulle unha carta ao director da Televisión de Galicia para pedirlle que os reporteiros da Televisión de Galicia non fosen aos seus actos, porque consideraba que non se atendían como debían de ser atendidos. El dicía do que tiña que informarse nos telexornais, e como o director, que era da ala socialista, non cumpría, pois lle pediu que non fose. Houbo gravacións. E incluso o señor Beiras —que xa non se acordan del— dicía que os «coroneis da UPG» lle prohibían ir á radio. Isto era cando vostedes mandaban na radio e na tele, señora González Albert. (*Aplausos.*)

Houbo gravacións, houbo denuncias, houbo cartas e mesmo viñeron a este Parlamento. ¿Sabe cal era a diferenza? Que daquela estaban vostedes mandando e esa é a concepción que teñen metida dentro. Cren que, como os medios son públicos, ao que lle toca mandar ten que dicir o que sae nos informativos, e non é certo. (*Murmurios.*) Os informativos da Televisión de Galicia son os máis vistos, temos unha audiencia espectacular e vostedes deberían de sentirse orgullosos de ter unha televisión pública que é tan querida pola xente. (*Aplausos.*) En vez diso, afánanse en intentar buscar situacións coma se fosen unha categoría. Non é certo, non é certo. Nós respectamos o labor que fai o director xeral, que, por certo, todos os meses vén dar conta a este Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) E respectamos a función... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ¿podo falar ou queren falar vostedes? (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Un pouco de educación, que seguramente tamén facía falta no colexio.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Pois nós respectamos o director e a todos os profesionais, incluso aos que non pensan coma nós. ¡Faltaría máis! A diferenza... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): A diferenza é que vostedes, cando vén un representante do Goberno a dicirlles algo que non lles gusta, nin sequera lle deixan falar. Iso é o que hai neste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor, porque imos formular outra pregunta. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estamos acabando xa, un pouco de tranquilidade, ¡home! Xa queda pouco para ir á comida. ¡Veña, vamos! Vamos con calma. Polo que queda, non imos estropear todo o bo feito hoxe á mañá, digo eu. ¡Vamos seguir, veña!

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Hoxe, día 8 de marzo, no que reivindicamos unha sociedade máis xusta, non podemos deixar de falar de violencia de xénero, porque este tipo de violencia contra as mulleres ten o seu xerme na desigualdade. Para combater isto as políticas máis efectivas son as que poñen o eixo na prevención, e iso, sen dúbida, pasaría por medidas como a implantación da educación afectivo-sexual nas escolas, pero vostedes niso non cren, e iso demostrárono hoxe non aceptando a nosa emenda.

A prevención non só é máis desexable, senón que tamén xera menos custos á Administración, pero namentres vostedes —que gobernan— non o entendan, pois teremos que seguir



lamentando agresións machistas e conformarnos con exixir medidas que, polo menos, consigan garantir o resarcimento do dano e evitar a revitimización.

Para iso a Administración competente, neste caso a Xunta, ao ter asumidas estas competencias en materia de xustiza, ten a obriga de dar a resposta máis ampla posible ás vítimas, non só xurídica, senón tamén social; non só reparadora do dano no marco dun proceso penal, senón tamén minimizadora doutros efectos traumáticos no moral que a súa condición de vítima poida xerar.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero recomenda potenciar as oficinas de atención ás vítimas para tutelar os dereitos das vítimas de violencia de xénero, así como tamén establecer un protocolo específico para menores e para vítimas nas oficinas de atención ás vítimas. En Galicia existen estas oficinas nas sete grandes cidades, pero aínda seguimos á espera da aprobación dun protocolo, que tiña que estar aprobado hai máis dun ano.

Vostede, na comparecencia en sede parlamentaria con motivo dos orzamentos, manifestou que este protocolo leva todo este tempo, este ano, pendente dun trámite; un protocolo que, como dixo o fiscal xefe, tamén na súa comparecencia anual no mes de outubro ten o visto bo de todos os operadores xurídicos e que por circunstancias que non coñecemos pois aínda non está aprobado nin en vigor.

Todo este atraso repercute en prexuízo das vítimas porque, señorías, quedan mancadadas as campañas onde se anima as vítimas a denunciar se non van acompañadas de medidas que garantan a súa protección, unha vez o fagan. E non me refiro á protección física, xa que confío plenamente na xustiza e nas efectividades das ordes de protección, senón a unha protección social, económica e incluso psicolóxica para afrontar este momento.

Os xulgados son lugares moi fríos onde unha muller que denuncia queda totalmente espida e ten que relatar a súa intimidade diante de avogados, Fiscalía o xuíz ou a xuíza. ¿E despois que? ¿Sae por esa porta e volve á súa casa enfrontarse á súa nova realidade? Non podemos permitilo. Este goberno ten que garantirlle un abrigo.

A Xunta como administración competente ten que garantir que isto non sexa así, poñendo á súa disposición o coñecemento dos dereitos, recursos e servizos cos que conta, e articulando unha rede de atención integral para a atención de mulleres e menores vítimas.

Por iso hoxe nos gustaría que nos aclarase se cre este goberno que as vítimas de violencia que acoden á xustiza en Galicia teñen garantida unha total protección que minimize a súa vitimización primaria e evite a revitimización secundaria e se ten previsto cumprir esa Lei 4/2015, que regula as oficinas de atención á vítima, dando resposta ás necesidades específicas...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora CASTRO REY: ...no ámbito xurídico, psicolóxico e social. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señora Castro, a violencia de xénero é unha lacra que transcende o ámbito privado e, a pesar das medidas acordadas, desgraciadamente, e de que son moitas, pois segue sendo un problema. E niso coincidimos.

Por todo iso, os poderes públicos, dentro do noso ámbito e das nosas competencias, e como non podía ser doutro xeito, temos un papel fundamental para combatela. Ese é o compromiso inquebrantable que tamén mantén a Xunta de Galicia.

No eido do que estamos a falar, o da xustiza, dende a Xunta de Galicia adoptáronse e continúaase traballando en diferentes medidas, para consolidar, garantir e reforzar as estruturas da atención ás mulleres; unhas estruturas nas que están involucrados todos os operadores que entran en contacto coa vítima dende o mesmo momento no que esta recorre ao sistema público. Ese é o noso traballo e ese é o noso obxectivo para axudar e protexer as vítimas.

Por iso e por todo o traballado ata o de agora, a xustiza galega pode dicir alto e claro que ten os deberes feitos polo traballo realizado, e pódese demostrar.

Dicía vostede —ou pode entenderse despois de escoitala a vostede— que non existe ningún protocolo e que non hai absolutamente nada, e vostede sabe que iso non é certo.

No día de hoxe, no eido da xustiza, temos: Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia; Protocolo relativo ao procedemento de atención a mulleres vítimas de agresión sexual —a última versión de setembro do ano 2022—; Protocolo de actuación de coordinación das forzas e corpos de seguridade do Estado e avogados e avogadas ante a violencia de xénero, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; Protocolo relativo ao procedemento de actuación do Servizo Galego de Saúde ante casos de sospeita de submisión química; Convenio de colaboración co Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento dun programa de formación para os profesionais da avogacía en materia de violencia de xénero e protección do menor; Convenio de colaboración co Consello da Avogacía Galega para o establecemento dun sistema integral de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, violencia sexual; Convenio de colaboración co Consello Galego de Procuradores para o desenvolvemento dun programa de formación para os profesionais da procuradoría en materia de violencia de xénero; e Manual de actuación de valoración forense integral de violencia elaborado polo Imelga.

Polo tanto, nós traballamos continuamente mellorando os protocolos existentes ou levando a cabo todos aqueles que poden ser necesarios. Hoxe mesmo o propio presidente da Xunta de Galicia tamén anunciaba a creación ou a proposta á Comisión Mixta de creación dun novo xulgado de violencia de xénero en Santiago de maneira comarcalizada.



Polo tanto, nós consideramos que xoga un papel moi importante a formación, e por iso tamén investimos en formación: na formación dos profesionais do Imelga, dos xuíces, mestrados, fiscais, letrados, xestores, administradores, forenses; en definitiva, de todos. A formación é absolutamente imprescindible para garantir unha mellor atención.

Por iso tamén na Escola Galega de Administración Pública se fan cursos —dezaoito neste último ano— para a formación impartida a outros organismos en colaboración coa Xunta. E tamén me gustaría destacar o papel fundamental que xogan as oficinas de atención á vítima, que existen en todas as cidades, co obxecto de prestar asistencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...social e psicolóxica ás...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

(O señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, ante esta situación de alerta que estamos a vivir e este repunte de asasinatos de mulleres, dende a Administración autonómica teñen que reforzar os recursos existentes para mellorar a capacidade e a calidade da resposta institucional. E cómpre reflexionar sobre o funcionamento das institucións e sobre a súa responsabilidade cara ás mulleres, especialmente cando estas denuncian unha situación de violencia de xénero.

Dende o Grupo Socialista vimos denunciando dende hai moito tempo a situación na que se atopan os xulgados de violencia de xénero no noso territorio galego. Refírome en xeral, non só aos xulgados exclusivos que existen, senón tamén a todos eses xulgados que coñecen en materia de xénero, non de forma exclusiva.

E alégrome do anuncio que fixo hoxe o presidente; sobre todo alégrome despois de votar en contra sucesivas veces a iniciativas deste grupo nas que pediamos ese reforzo aos xulgados. *(Aplausos.)* E incluso hai unha semana había unha medida efectiva do Bloque Nacionalista Galego na que se pedía a ampliación tamén destes xulgados. *(Aplausos.)*

A atención a estas vítimas neste momento varía moito dun lugar a outro do territorio, e non podemos permitir que existan vítimas de primeira e vítimas de segunda. Os xulgados que coñecen os asuntos de violencia non específicos presentan moitas eivas. Teñen que garantir ese trato amable nas sedes xudiciais e reforzar o persoal para evitar dilacións indebidas que teñen consecuencias terribles. E, ademais, a resposta asistencial e psicolóxica tampouco é unitaria, porque vostedes delegan nos concellos, e iso dá lugar tamén a moitas desigualda-



des. Delegan nos concellos e votaron en contra de reforzalos — agora hai uns minutos—: de reforzar o número de persoal e de reforzar os recursos dos CIM, que son nos que delegan vostedes estas funcións de asistencia.

Dende aquí pídolles tamén que aproben ese protocolo e que articulen un sistema multidisciplinar de asistencia social e especializada; un mapa de recursos actualizados que permita, dende as oficinas de atención ás vítimas, poder ofertar e derivar as mulleres cara a estes recursos, vivan onde vivan. A iso é ao que obriga a Lei 4/2015, que regula as oficinas de atención ás vítimas —que lles dicía eu antes—. Non existía e non existe este protocolo en Galicia, e teñen dende o ano 2015 a obriga por lei. Polo tanto, é o protocolo que lle pido eu que aprrobe e que vostede dixo que xa estaba practicamente rematado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CASTRO REY: Porque os dereitos das...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Comentaba no remate da primeira intervención que xa as oficinas de atención á vítima existen nas sete cidades e que o obxectivo é prestar asistencia social e psicolóxica ás vítimas, e tamén acompañalas e derivalas aos servizos correspondentes. Iso existe, señoría, e vostede sábeo; existe e sábeo. Polo que, dado o seu importante labor, dende a Xunta de Galicia dotámolos dos medios persoais precisos e seguimos incidindo e reforzando a formación dos profesionais para que non ocorra iso que vostede di que pode chegar a ocorrer.

Nestas oficinas, ademais dos psicólogos inicialmente asignados, incorpóranse desde o ano 2019 traballadores sociais, co fin de poder prestar una asistencia integral. Polo tanto, a situación real é esta: existen todos eses medios e están á disposición en todas as cidades.

Dicía vostede que se alegraba polo anuncio da creación do órgano do Xulgado sobre violencia de xénero en Santiago. Bueno, vostede sei que o sabe, pero a proposta, que sempre se fai ao Ministerio de Xustiza, faise dende a Comisión Mixta en Galicia, que está formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais a Xunta de Galicia. Nas propostas do ano pasado non se incluía, pero na deste ano si vai ser incluída, e é a proposta que tamén fai a Xunta de Galicia. E sabe que se fai de maneira consensuada —si, de maneira consensuada, aínda que a algúns non lles guste— co poder xudicial, e despois é o Ministerio o que escolle. Nós cremos que, efectivamente, dado o avance da preocupación, se pode propoñer a creación deste xulgado, aínda a pesar de que os números —como pasaba ata o de agora— seguen sen dar.



Pero por iso se fai de maneira comarcalizada, para poder atender un maior número de partidos xudiciais e poder ter maior atención. E non vai haber diferenzas en función de onde exista ou de onde viva unha vítima; non, iso non o vai haber, e iso é o que queremos. Do que vostede é consciente tamén é de que non se poden ter todos os medios en todos os sitios, e niso estou seguro de que vostede tamén coincide comigo.

Pero, mire, eu alégrome de que nun día como o de hoxe recoñezan e lles alegre o anuncio —ou a proposta, mellor dito— da creación dese novo xulgado e que, ademais, nun día como o de onte tamén votasen a favor de reformar unha lei súa que estaba causando un gran sensabor en moitas mulleres e en moitas vítimas de violencia de xénero. E entrístéceme profundamente comprobar como algún partido político con representación nesta Cámara é capaz de votar en contra da reforma desa lei. Non o entendo, e o importante non é que o entenda eu, que dá igual, ao fin e ao cabo non son ninguén, pero creo que non entenden a maior parte das mulleres deste país que o Bloque Nacionalista Galego votase en contra onte da proposta de reformar a Lei do «si é si».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noelia Pérez López, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Conselleiro, vai permitirme —xa que teño a oportunidade—, como cuestión previa, ter un recoñecemento, hoxe, 8 de marzo, a todas as mulleres que traballaron e traballan no Servizo Galego de Saúde, e felicitalas porque co seu traballo constitúen un pilar fundamental na loita contra a maior lacra que temos hoxe na nosa sociedade, que é a violencia de xénero.

E, dito isto, céntrome xa na pregunta que dende o Grupo do Partido Popular queremos formularlle hoxe, ademais, nun pleno no que os debates estiveron marcados maioritariamente polos dereitos das mulleres, polas conquistas que xa temos acadado e polo moito que queda aínda por conseguir. E, neste sentido, o Sergas aprobaba hai case ano e medio, no mes de outubro do ano 2021, o I Plan de igualdade da súa historia; un plan colectivo, un plan integral, transversal e dinámico, porque é capaz de ir adecuado a cada momento, e que ten como finalidade dotar o Sistema galego de saúde de ferramentas que permiten establecer medidas para acadar esa igualdade real no trato e para acadar esa igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, tamén no ámbito sanitario.

Sabemos que o plan foi froito dun intenso traballo durante dous anos no seo da Comisión de Igualdade, e que ademais contou co apoio de todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade. E a súa posta en marcha para o período 2021-2024 o



que vén poñer de manifesto e o que nos deixa de manifesto é o compromiso da sanidade pública galega de integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde como un principio básico e como un principio transversal.

Hoxe queriamos coñecer máis polo miúdo que medidas incluídas dentro dese plan vixente neste momento están dedicadas á protección da maternidade, porque dende o Grupo do Partido Popular somos conscientes da especial dificultade e do gran desafío que representa en moitas ocasións, aínda no día de hoxe e para moitas mulleres do noso país, lograr ese equilibrio entre a maternidade, as responsabilidades familiares, o seu traballo e a súa carreira profesional. Por iso, hoxe queriamos coñecer da súa man que medidas recollidas nese Plan de igualdade están orientadas a mellorar as condicións laborais das mulleres traballadoras no Servizo Galego de Saúde e nas entidades adscritas durante as etapas do embarazo, durante as etapas do parto e durante as etapas do posparto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Pérez, efectivamente, tal como vostede indicaba, todas as medidas das que imos falar teñen a súa orixe nese consenso —do que vostede tamén falaba—: a aprobación dese primeiro Plan de igualdade entre homes e mulleres do Sergas —como ben dicía vostede, insisto— por unanimidade entre todas as organizacións sindicais que forman parte da Mesa Sectorial acadado en xullo de 2021. Xa en marzo de 2022 volve haber un acordo unánime nesa Mesa para desenvolver ese Plan de igualdade no eido da maternidade especificamente; e obtivemos o aval sindical para poñer en marcha 23 medidas de protección das profesionais embarazadas na nosa sanidade pública; medidas para evitar calquera tipo de discriminación na carreira profesional das nosas traballadoras embarazadas e reforzar ao máximo os seus dereitos e os coidados que reciben da organización. Case o oitenta por cento dos postos de traballo do Servizo Galego de Saúde están ocupados, como saben, por mulleres; son máis de 32.000 profesionais, das cales 900 se embarazan cada ano. E o Goberno galego non pode permitir nin que a maternidade sexa un obstáculo para a carreira profesional das nosas empregadas, nin que, ao contrario, a vida laboral das nosas empregadas sexa un obstáculo para a súa maternidade.

Por iso un dos obxectivos principais destas medidas é evitar que esa maternidade afecte as retribucións das empregadas da sanidade pública. Hoxe no Sergas as mulleres cobran non só o cen por cento das retribucións fixas durante os seus períodos de maternidade, risco durante o embarazo ou a dotación do seu posto de traballo polo embarazo, senón que tamén perciben a media das retribucións variables percibidas no ano anterior. É dicir, non se ven prexudicadas salarialmente por esas gardas ou quendas nocturnas que non poden facer pola



súa situación de xestión. Case setecentas profesionais do Servizo Galego de Saúde percibiron esas retribucións no ano 2022, garantindo que o embarazo —como digo— non afectou a súa nómina. *(Aplausos.)*

No que respecta ao persoal das listas de contratación, houbo outro acordo sindical —neste caso en novembro— para modificar o pacto de selección e tamén evitar calquera penalización posible pola maternidade. O obxectivo foi claro: que estas mulleres non teñan que perder ningún contrato nin teñan que pedir suspensión de chamamentos por estar embarazadas; en definitiva, que non reciban ningunha penalización nin perdan ningún dereito. Polo tanto, tomamos a decisión de que, poidan traballar ou non, en todo caso se lles recoñeza o tempo traballado daqueles contratos que lles correspondan, polo que non perden a posición nas listas. Máis de cento cincuenta mulleres xa se viron beneficiadas por esta medida. E tamén no 2022 aseguramos a facilitación da actuación dos postos de traballo, e neste caso case duascenas mulleres se acolleron a eses cambios das condicións laborais permitido por estas novidades. Son só dous exemplos do que a sanidade galega fai por coidar as súas traballadoras, neste caso nun ámbito tan concreto como é o da maternidade.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, pola detallada explicación que nos deu das medidas que xa están implementadas no día de hoxe e polo detalle que nos deu do esforzo que está a facer o Servizo Galego de Saúde no día de hoxe para evitar calquera tipo de discriminación na carreira profesional das mulleres embarazadas e reforzar ao máximo os seus dereitos.

Porque precisamente a maternidade —e a súa xestión— é un dos aspectos claves dentro dos plans de igualdade para conseguir que as necesidades de todas as traballadoras se vexan cubertas. E aínda que é innegable que non só as mulleres desexamos formar unha familia e dispoñer de tempo para coidar das nosas fillas e dos nosos fillos, é igual de innegable que só as mulleres nos enfrontamos á vulnerabilidade do embarazo, por iso requirimos o compromiso da sociedade no seu conxunto e das administracións, e sabemos do compromiso do Goberno galego, para garantir unha protección especial para —como ben dixo vostede hai un momento— que a maternidade non sexa un obstáculo na carreira profesional das mulleres, nin, ao contrario, que a nosa vida laboral sexa un impedimento nin un obstáculo para poder exercer a nosa maternidade.

A min, nesta segunda quenda, e con base no Plan de igualdade do que estamos a falar, gustaríame coñecer —gustaríanos, se vostede nolo pode indicar— en que medida, para incrementar esa protección que sabemos que xa existe, vai traballar o Servizo Galego de Saúde neste ano 2023.

Máis nada pola miña parte, e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señoría.

Pois, efectivamente, durante o ano 2023 temos previsto desenvolver aínda máis medidas recollidas nese catálogo e aprobar outras novas. Por exemplo, agora que despexamos as datas dos exames da oposición para todo o persoal, neste caso temos que dicir que hai unha gran novidade para as mulleres embarazadas, e esta é que, se están de parto o día da oposición, se lles vai facilitar realizalo dentro dos quince días seguintes. (*Murmurios.*) Bueno, algún, ao mellor, non sabe o que pasaba ata o de agora. (*Murmurios.*) Non podemos tolerar, efectivamente, que unha muller que está pasando por un parto teña que pasar polo exame o mesmo día, se lle coincide nese día. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E por iso, por primeira vez, fixemos este cambio e facilitaremos o exame noutro día a esa muller traballadora.

Respecto das medidas que temos en carteira e que proximamente imos presentar ás organizacións sindicais, temos o exemplo da mellora da xestión dos permisos de maternidade para o persoal das listas de contratación. Hoxe o persoal fixo do Sergas —como saben ou deberan saber— conta cun permiso de ata vinte e dúas semanas para parto, adopción ou acollemento. As primeiras dezoito semanas corren a cargo da Seguridade Social, e, neste caso, as seis semanas seguintes engádeas o Sergas con orzamento propio en aplicación da Lei do emprego público de Galicia do ano 2015. O noso obxectivo é axustar o exercicio deste dereito ás circunstancias do persoal das listas de contratación tamén, que non sempre están traballando de xeito continuado durante ese período. Por iso, o noso obxectivo é que esas seis semanas de permiso poidan ser acumulables a través de sucesivos nomeamentos. Sumaríase ou ben ata esgotar esas seis semanas ou ben ata que, aínda non se esgotasen, o menor supere os doce meses. E, por suposto, garántese que en todo ese período de seis semanas tanto o desfrutado como o non desfrutado sexa recoñecido como tempo traballado para efectos administrativos de puntuación de listas.

E imos propoñer ás asociacións sindicais —como dicía— tamén negociar unha regulación de flexibilidade horaria para as mulleres embarazadas a partir do seu terceiro trimestre de embarazo. É dicir, seguiremos avanzando e negociando para concretar aínda máis medidas que se engadan ás vinte e tres que incorporamos o ano pasado. Avances que cremos que son moi relevantes para reforzar aínda máis a protección e a non-discriminación neste caso da muller nun dos sectores máis feminizados de Galicia, que —como digo— está no 80 por cento.

Agardamos poder continualas co mesmo consenso sindical co que traballamos ata o de agora.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D^a María González Albert e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María González Albert, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Bo día, señor conselleiro.

Esta é a terceira vez que lle pregunto neste mandato polo Servizo de Radioloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras. A primeira vez foi en decembro de 2020. Daquela, vostede contéstoume que o problema estaba solventado porque ían sacar unha praza de longa duración. Estamos agora mesmo en marzo de 2023 e eu preguntolle se está solucionado este problema no día de hoxe.

E falo de Radioloxía, e vostede sabe igual ca min que podó falar de calquera outro servizo nese hospital. Porque a crúa realidade é que vostedes teñen sumida a poboación do distrito sanitario de Valdeorras nunha desatención hospitalaria crónica, e que non queren ou que a estas alturas igual non poden xa solucionar.

A realidade é que no día de hoxe descoñecemos, por exemplo, cal é o cadro de persoal do Hospital Público de Valdeorras, cales son as prazas orzadas de persoal facultativo, de persoal de enfermería, de persoal non sanitario nese hospital, xa que vostedes se negan sistematicamente, por exemplo, a facilitar ese listado.

Non sabemos cando van convocar a praza de xefe do Servizo de Medicina Interna; convocaron só a de xestión. Por certo, un Servizo de Medicina Interna que até hai catro días como quen di tiña dez profesionais, que agora anda polos sete e no que non se dan cuberto as gardas de presenza física, porque deses sete profesionais, dous xa teñen exención de gardas e outros tres máis acaban de pedila.

Non sabemos cando van convocar para a Xefatura de Servizo de Cirurxía que tiña antes o Hospital Comarcal de Valdeorras. E podemos falar tamén, se quere, do Servizo de Hematoloxía, que está nunha situación moi similar ao de Radioloxía, cunha única facultativa. E eu preguntolle se me pode explicar como é posíbel que funcione así un hospital. Por certo, o tema das gardas de Hematoloxía, igual que ocorre coas de Radioloxía, a metade do mes ou algo máis fainas a profesional que traballa no Barco e o resto fanse desde o CHUO a distancia.

Eu fágolle de verdade desde aquí una petición expresa: que mentres non se cubran as prazas de Hematoloxía, polo menos, reforcen ese servizo con persoal doutros hospitais, como fan con outros servizos.

Agora acaban de anunciar vinte e unha prazas para cubrir no Hospital Público de Valdeorras. Eu creo que iso é un avance porque están a recoñecer que *de facto* faltan no día de hoxe eses profesionais alí. ¿E que vai pasar se esas vinte e unha prazas non se cobren como ten acontecido outras tantas veces?



Eu preguntolle se esa é a atención sanitaria que merece Valdeorras. E contéstolle, contéstome a min mesma, e dígolle que non, que Valdeorras merece, que Valdeorras reclama unha atención sanitaria de calidade, de proximidade e que atenda as necesidades dunha poboación que está envellecida, que ten patoloxías específicas que vostedes tamén, por exemplo, se negan a atender.

E tristemente, como dixen ao principio, esta é a terceira vez que traemos esta problemática a esta Cámara e que encontramos en fronte a vostede, un conselleiro de Sanidade que ten demostrado, cando menos até o día de hoxe, a súa incapacidade para solucionar este problema por máis de dous anos, se acaso, a agrávala por enquistamento, ¿non?

A realidade é que até o de agora non deu vostede ningunha solución para os problemas da sanidade hospitalaria en Valdeorras. E outro día falaremos tamén da primaria, porque tamén é tremendo o que veñen...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente

Señorías.

Señora Albert, a verdade é que me resultou bastante curiosa a formulación da súa pregunta, sobre todo porque presenta unha serie problemas que aconteceron no ano 2020 e que no día de hoxe están resoltos ou xa se anunciaron as medidas para resolvelos.

O mellor de todo é que a culpa da presunta paulatina deterioración dos servizos asistenciais do Hospital Público de Valdeorras é a desaparición das áreas sanitarias. Recoñezo que non deixa de sorprendeme que no día de hoxe aínda non sexa consciente de todos os beneficios que trouxo consigo ese establecemento desas estruturas de xestión integrada.

A integración do Distrito Sanitario de Valdeorras foi o que nos permitiu durante todos estes anos dar cobertura a determinadas especialidades, como vostede mesma na súa pregunta acaba de recoñecer, cando se producían vacantes, xa fosen por baixas ou por traslados. Exemplo diso foron os desprazamentos de médicos dende Ourense a Valdeorras para especialidades como Rehabilitación, Cardioloxía, Medicina Preventiva ou Oncoloxía, hoxe cubertas con especialistas adscritos ao propio hospital dende a pasada OPE, ou traumatólogos de todas as áreas sanitarias de Galicia, que foron traballar a Valdeorras para garantir o servizo.

En relación co Servizo de Radiodiagnóstico polo que vostede me pregunta, teño que dicirlle que non hai dous dos catro radiólogos como vostede dá a entender. Na pasada OPE, en decembro, resolveuse, e dúas especialistas da área de Radiodiagnóstico escolleron, efectiva-



mente, o Hospital de Valdeorras, pero á hora de tomar posesión soamente unha delas a fixo efectiva, quedando a outra praza vacante.

No día de hoxe, polo tanto, señora Albert, hai tres profesionais adscritos ao Servizo de Radiodiagnóstico, non dous como vostede di na súa pregunta e esa praza vacante... Dime que non; hai tres radiólogos, señora Albert, asegúrollo. E —como digo— hai unha praza vacante por esa renuncia de persoal, que vai ser ofrecida proximamente pola modalidade de concurso de méritos para garantir a súa cobertura durante dous anos. Seguro que lle soa esa lei, a de cubrir prazas de hospitais comarcais por concurso de méritos; precisamente porque vostede votou en contra desa norma.

Pasando ao tema do transporte sanitario que vostede recollía na súa pregunta, en primeiro lugar, tamén debe saber que nin existiu nin vai existir unha UCI móbil como vostede di. O problema de referencia co transporte urxente foi un problema laboral, que vostede creo que debe coñecer tamén, que aconteceu hai máis dun ano, por unhas reivindicacións laborais e non por supresión ou recortes no servizo. É máis, sabe perfectamente que o tempo que durou esta situación o servizo estivo perfectamente garantido por distintos medios, entre outros, que profesionais do Hospital de Ourense ían facer traslados ao Barco de Valdeorras. Esa cousa tan mala que foi a área sanitaria integrada de Ourense foi a que posibilitou resolver, entre outras cousas, ese conflito. E sábeo porque iso resolveuse —como digo— hai máis dun ano de maneira satisfactoria para ambas as partes, acadando un acordo entre o persoal do hospital neste caso e o Sergas.

Polo tanto, non entendo moi ben a que vén esa referencia na súa iniciativa; igual foi por falta de contido ou reciclaxe parlamentaria á hora de realizar esta pregunta.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Eu ánimoo de verdade, señor conselleiro, nunha destas visitas propagandísticas que fai de cando en vez ao Hospital Público do Barco que se reúna coa cidadanía de Valdeorras e que lles explique ás cidadás e aos cidadáns de Valdeorras os beneficios que trouxo para eles a desaparición da área sanitaria de Valdeorras. *(Aplausos.)* ¡Seguro que están moi de acordo con vostede!

Ademais, é que o dixon na súa primeira intervención: ou están resolto ou se anunciou que se van resolver. Este é o problema, que vostedes anuncian, anuncian, anuncian... Eu non digo que non teñan feito ningunha proposta, pero é que as propostas que levan feito nestes dous anos non teñen solucionado os problemas do Hospital Público de Valdeorras. E vostede sábeo ben.

E a min gustaríame por unha vez na vida poder acudir a esta Cámara e manter un debate honesto sobre as necesidades reais que ten a cidadanía, máis aló de enrocarse en que o fan



todo moi ben. *(Aplausos.)* Porque vostede sabe, non sei se coma min, pero desde logo desde outra perspectiva, como está ese hospital, en que situación está e en que situación están os servizos.

É máis: hai tres semanas escasas dimitiulles a xefa do distrito. E vostedes sacaron unha nota explicando o moitísimo que lograra esa muller, que aguantou aí tres anos, cando xa non puido máis co desmantelamento dese hospital. E fale desa nota de prensa e podémola contrastar coa realidade que vive a cidadanía de Valdeorras día tras día cada vez que acode a un servizo no Hospital Comarcal, que, por desgraza, eu como moitísimos valdeorreses, valdeorresas, e non só, porque o Distrito Sanitario de Valdeorras —como ben sabe— atende a máis xente que a da comarca estrita, e, por desgraza —repito—, sufrímolos en primeira persoa. Igual que sufrimos en primeira persoa —e eu, por desgraza, non hai moito— os problemas de traslado ao hospital de referencia en Ourense, que está a una distancia do Barco —dígollos de novo— a unha hora e media. *(Aplausos.)* A unha hora e media por unha estrada que está nas condicións nas que está e que supón un agravante aos problemas de saúde da xente.

Entón, podemos contrastar moitísimas cousas, pero a realidade é que eu creo que vostedes —dígollos de verdade— renunciaron a cumprir con ese hospital.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Convénzame do contrario. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Albert, a súa exposición está errada, creo que intencionadamente errada. A Xunta de Galicia leva anos apostando pola o Hospital Comarcal de Valdeorras, e á vista está en investimentos como: a posta en marcha do hospital de día oncohematolóxico —supoño que vostede non o visitou recentemente—, a ampliación da farmacia hospitalaria, a reforma da unidade de cirurxía maior ambulatoria ou a reactivación das obras de consultas externas, co aumento dun corenta e tres por cento do orzamento inicial, debido ás dificultades atopadas.

No que respecta ao equipamento. Xa temos adquiridos por 212.000 euros equipamentos para esa nova farmacia. Tamén compramos para consultas externas, por máis de cento trinta mil euros, un tomógrafo e un biómetro de Oftalmoloxía e un ergómetro para a área de Cardioloxía. Renovamos as catro lámpadas cirúrxicas. Renovamos cento seis camas; todas as camas do hospital están renovadas por valor de 370.000 euros. E neste verán imos instalar, despois dun investimento de 300.000 euros, un novo TAC para o Hospital de Valdeorras. Por certo, que o antigo é do ano 2015, oito anos despois. ¡Curiosa forma de deteriorar os servizos asistenciais do Hospital Público de Valdeorras! Máis de tres millóns de euros investidos en equipamento nesta lexislatura. ¡Vaia un desmantelamento! *(Aplausos.)*



Pero é que a aposta non é só de equipamento ou infraestruturas, tamén é en persoal. E por iso acabamos de convocar por concurso de méritos vinte e unha prazas de especialistas sanitarios para o Hospital Público de Valdeorras. Máximo incentivo á máxima prioridade para captar profesionais que estean polo menos dous anos prestando atención e servizo nese hospital, e todo iso grazas a unha lei á que vostedes votaron en contra. *(Aplausos.)*

Fíxese, señora Albert: vostede leva toda a lexislatura votando en contra dos orzamentos que permitiron executar todos estes investimentos no hospital da súa comarca, e que permitiron adxudicar o proxecto e licitar proximamente a obra do futuro centro de saúde da súa vila, da Rúa. E vostede tamén votou en contra da lei que vai permitir convocar de xeito estable esas vinte e unha prazas no hospital da súa comarca e dúas prazas de médico tamén no centro de saúde da súa vila, na Rúa. É a bagaxe como defensora da sanidade pública que leva para presentarse como candidata no seu concello: votar en contra absolutamente de todas as medidas, *(Aplausos.) (Murmurios.)* remando en contra das melloras no seu hospital e no seu centro de saúde por puro partidismo.

Polo tanto, señora Albert, dende a Consellería de Sanidade ninguén se está a burlar dos dereitos da cidadanía de Valdeorras. Se cadra, a burla pode vir por unha mala e intencionada exposición dalgunha candidata, que retorce a realidade buscando unicamente un rédito electoral, *(Murmurios.)* que non vai atopar.

Máis nada, moitas grazas. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, tranquilidade. Silencio.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, catro. Non cambiemos o horario que despois veñen as leas, ás catro.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e un minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 5, interpelacións.

Interpelación de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes e benvida, conselleira.

Hoxe, no 8 de marzo, o Día Internacional da Muller, é certo que hai que recoñecer que tivemos avances e creo que é un día máis para seguir reivindicando esas necesidades de maiores dereitos para poder acadar esa igualdade tan ansiada por todas e espero que tamén por todos.



Hoxe imos falar de igualdade no sector pesqueiro e, sobre todo, imos falar de que, se ben é certo que as mulleres en determinados sectores da cadea mar-industria, dende a propia fase de extracción ata a transformación e a comercialización, en moitos destes eidos son maioritariamente mulleres, o que estamos observando —e, sobre todo, observa o sector— é que despois iso non se traduce en que estas mulleres estean neses órganos de representación e de decisión onde se toman esas decisións que van afectar o seu día a día.

Nós concordamos con moitas mulleres do sector do mar que cren que, ao mellor, xa está o momento de reclamar esas cotas tamén nos órganos de representación, de decisión e de toma de decisións no mar galego. É o momento xa de poñernos a falar desa necesidade de cotas nos órganos de representación do sector galego, e é necesaria e urxente esa paridade.

Polo tanto, nós concordamos e compartimos o espírito desa lei que onte se aprobaba, ese impulso desa lei de paridade que impulsaba o Goberno presidido por Pedro Sánchez. E compartimos, dende logo, co presidente Sánchez que se as mulleres son a metade da sociedade, teñen que ser a metade do poder político e económico deste país. (*Aplausos.*) Estender a paridade a todos os ámbitos e dar un paso en España por unha norma pioneira na Unión Europea, como será esa lei de representatividade paritaria entre homes e mulleres nos centros de decisión.

E nós consideramos moi positivo esta presentación desta lei, que, ben, faltarán a súa tramitación, loxicamente. Pero algúns están a ver esta futura lei como excesiva, que moitos dirixentes do Partido Popular xa amosaron así a súa posición. Para nós, que cremos no feminismo, vézmo-lo simplemente xusta. O Goberno impulsa a representación paritaria de homes e mulleres na política, na administración e nas empresas. A igualdade deberá de cumprirse nas listas electorais, no sector público estatal, nas sociedades cotizadas, nas grandes empresas e nos colexios profesionais. Esta lei de paridade implica que a representación da sociedade ten que estar en todos os lugares, e en especial naqueles onde se toman as decisións económicas e políticas. E esta norma garantirá a participación das mulleres nos órganos de decisión, servirá para romper ese teito de cristal nos ámbitos públicos e privados, e consolidará España como un dos países máis avanzados en igualdade de xénero a nivel mundial.

E agora imos falar tamén, conselleira, dun incumprimento por parte do Goberno galego dun mandato parlamentario desta Cámara. Hai exactamente un ano votabamos por unanimidade nesta Cámara unha proposta da única asociación autonómica de mulleres da pesca, de Mulleres Salgadas, na que pedían a creación dese observatorio de igualdade no sector pesqueiro galego, e facíámolo porque cremos que é de xustiza.

O outro día, cando volvíamos levar esa iniciativa un ano despois para recordarlle ao Goberno galego que tiña esa débeda con esta Cámara parlamentaria, pero, sobre todo, coas mulleres do mar, estabamos a analizar eses datos. E todas coincidimos en que se no marisqueo a pé as tres cuartas partes son mulleres, que se na acuicultura hai máis de mil duasetas mulleres, que nalgúns empresas de comercialización máis do setenta por cento —incluso nalgúns chega ata o noventa e seis por cento— está conformado por mulleres, ¿como pode ser iso que despois iso non se traduza en que nos órganos de decisión e nos órganos de representación do sector do mar as mulleres están infrarrepresentadas?



Porque, conselleira, vostede saberá coma min que nas últimas eleccións que se produciron para a elección nas confrarías de pescadores galegas ao final do ano pasado, anteriormente tiñamos cinco patroas maiores, e o resultado destas eleccións arroxou que só teñamos tres. Anteriormente cinco, agora só tres, de sesenta e tres pósitos galegos; sesenta e tres pósitos e só tres mulleres con patroas maiores. Se contamos patroas e vicepatroas non chegan ao dezasete por cento tampouco; na suma de patróns maiores e vicepatróns, as mulleres non acadan nin sequera o dezasete por cento desa representatividade. Polo tanto, é urxente que se adopten medidas, e cremos fundamental que se leve a adiante ese observatorio de igualdade en mulleres da pesca.

Como lles dicía, esta é unha proposta que parte da asociación Mulleres Salgadas de Galicia, que entre os seus obxectivos, ademais de visibilizar e apoiar a contribución das mulleres do mar ao sector e á sociedade en xeral, ten tamén a defensa dos intereses das mulleres que traballan nas actividades económicas vinculadas ao mar, intentan recuperar e manter a memoria dos logros e aportacións das mulleres do mar das xeracións anteriores e, sobre todo, propoñen promover e facilitar o acceso aos órganos de dirección, representación e organización das mulleres do mar. Intenta tamén fomentar a educación e a igualdade, así como a corresponsabilidade neste sector, e, dende logo, favorecer e participar no diálogo do sector e da vida social, económica e pública como actrices activas que son, que contribúen ao deseño de políticas que favorezan as mulleres do mar. E, dende logo, traballan todos os días para contribuír ao cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e xusta.

Pois entre as propostas que propoñen está esa do observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, que por moito que lles dicía, aínda que acadou a unanimidade desta Cámara, son moi boas as palabras que teñen por parte do Goberno galego, pero levan xa un ano de atraso. É fundamental constituír este observatorio, que estea formado por persoal técnico —como elas reclaman— que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

Porque, conselleira, o que non se mide non se pode corrixir, porque é fundamental que teñamos datos, que no día de hoxe vostede coma min sabemos que non existen, para saber realmente cales son as deficiencias e intentar facer propostas e dar solución aos problemas que teñen as mulleres do mar. E no día de hoxe non existen nin estatísticas nin datos suficientes para poder tomar medidas correctoras que rompan esa fenda existente entre homes e mulleres no sector do mar. Porque a pesca e as actividades tamén acuícolas en Galicia, así como as súas características específicas, precisan dun enfoque técnico en materia de igualdade que con perspectiva de xénero estude, analice e estableza esas diagnoses e realice propostas de medidas correctoras.

Se daquela hai un ano xa viamos como moi urxente a creación deste observatorio e dicíamos que era unha reivindicación máis que xusta das mulleres do mar, con eses datos que lles dei despois das eleccións nas confrarías de pescadores galegos aínda se fai máis urxente e é inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten ese acceso. E aquí as admi-



nistracións con competencia na materia —o Goberno galego, tamén o Goberno central— teñen moito que dicir para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector, fundamental este sector —como vostede sabe— na nosa comunidade autónoma.

O único que están a pedir é ter datos para poder despois programar esas políticas. Polo tanto, é fundamental ter eses datos para saber exactamente o papel que xogan as mulleres no mundo da pesca, da extracción, da manipulación, da transformación e da comercialización dos produtos.

Hoxe coñecemos tamén con motivo do 8-M o chamamento que facía a Rede europea de mulleres de pesca e de acuicultura, Aktea, que dicía porque agora que estamos a falar moito dos impactos socioeconómicos que se precisan para avaliar determinadas decisións que se adopten por parte de determinadas administracións, moitas veces temos falado dese impacto socioeconómico necesario para avaliar a decisión da Comisión Europea no relativo ao veto da pesca de fondo, por exemplo; agora con esa decisión dos POEM da eólica mariña, tanto por parte do Goberno central como por parte da Xunta de Galicia, pois eses informes de impacto socioeconómico.

Nós consideramos —como considera tamén esta rede europea— que haberá que ter en conta tamén as contribucións históricas das mulleres ao sector, xa sexan visibles ou invisibles. Porque para poder determinar correctamente cal é o verdadeiro impacto social que as ditas medidas poden provocar na actividade do mar é fundamental ter tamén os datos das contribucións das mulleres. E será necesario unha recollida de datos sociais moito máis completa, que é precisamente o que piden tamén coa creación dese observatorio, e máis fiable que a actual, e a realización de perfís sociais das comunidades pesqueiras.

Polo tanto, hoxe as preguntas que lle formulamos son:

¿Considera necesario o Goberno galego a creación dese observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego? Xa sabemos que foi votado incluso ata en tres ocasións por unanimidade nesta Cámara. Fagan caso do mandato parlamentario, sobre todo, non é por fallarnos a nós, pero non lles fallen ás mulleres do mar. Queremos saber cales son os motivos polos que o Goberno galego non crea este observatorio de igualdade no sector pesqueiro.

¿Como valora tamén o Goberno galego o papel das mulleres no sector pesqueiro galego?

¿E como valora, sobre todo, o Goberno galego ese escaso número de mulleres neses órganos de dirección das entidades representativas do sector da pesca galega? É fundamental porque vostedes, que son goberno e poden articular medidas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...¿que medidas vai promover ou adoptar o Goberno galego de cara a revertir esta baixa representación das mulleres nos órganos de representación e dirección? Porque o Goberno galego pode e debe adoptar esas medidas necesarias de cara a



promover e facilitar o acceso das mulleres aos órganos de dirección, representación e organización no sector da pesca galega.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde.

Agradezo, en primeiro lugar, a formulación dunha cuestión coma esta nunha data como a de hoxe, na que se conmemora a loita das mulleres pola súa participación en todos os ámbitos da sociedade en condicións da igualdade co home e porque se hai un colectivo que estivo fortemente invisibilizado durante décadas ese é precisamente o das mulleres do mar. Por iso as miñas primeiras verbas, sen dúbida, de recoñecemento e de agradecemento tamén a todas elas porque Galicia non sería o mesmo sen o traballo desenvolto por todas estas mulleres durante tantos anos.

E dito isto, respecto das preguntas sobre a cuestión fundamental que vostede plantexa, señora Otero, sobre a necesidade de contar con ese observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, con rotundidade, dígo-lle que si, que o observatorio se vai crear. Por iso o pasado 9 de marzo de 2022 —díciáo vostede— aprobamos por unanimidade o impulso do observatorio neste Parlamento. Eu creo, ademais, que dende sempre se dixo que ese observatorio se crearía —e así está— na próxima Lei de igualdade. E á propia asociación foille trasladada esta cuestión; e é máis: a asociación non presentou ningún tipo de alegación sobre o texto do anteproxecto onde se recolle.

En primeiro lugar, e antes de falar do proxecto de lei, con posterioridade a aprobar esa iniciativa en maio do ano 2022, aprobouse o VIII Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do 2022-2027, que, como saben, ten carácter transversal, que está dotado con máis de novecentos millóns de euros. É o orzamento máis cuantioso de todos os plans aprobados, aumenta un 138,8 por cento o orzamento do anterior.

E dentro dos nove ámbitos de actuación que contempla precisamente dedica o ámbito cuarto a abordar de xeito específico a problemática e o desenvolvemento das mulleres do mar e das mulleres do rural. Precisamente para que se desenvolvan dende o punto de vista persoal e profesional en igualdade de oportunidades, co obxectivo de eliminar os obstáculos que agora mesmo supoñen aínda unha discriminación e facilitarlles os recursos necesarios para a súa autonomía nos diversos eidos.

Nomeadamente, o plan traballa en tres eidos particulares: un é —como digo— a autonomía dende o punto de vista económico e das súas condicións laborais, tanto das mulleres do mar



como do medio rural, incidindo —esta é unha das medidas nas que estamos traballando— en accións formativas para mellorar a cualificación profesional destas mulleres e reforzamento da súa contratación e do autoemprego mediante medidas de impulso de fórmulas de economía social e microempredemento. Un segundo tipo de liñas van en relación, precisamente, coa participación social e a visibilización das mulleres do mar e do medio rural, dinamizando o movemento asociativo feminino, promovendo a presenza e a participación destas mulleres nos órganos directivos, en espazos de dirección das organizacións e reforzando tamén as accións de comunicación para poñer en valor como elas están contribuindo tanto a reforzar e a transformar a economía como tamén a loitar polo despoboamento. E un terceiro elemento clave dentro do plan é o reforzo dos mecanismos de prevención e de protección fronte á violencia de xénero, que consideramos tamén fundamental.

Pois ben, no marco deste plan é precisamente onde se traballa e onde se redacta esa nova Lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes; esa lei que vostedes todos coñecen porque está xa agora mesmo solicitado o informe ao Consello Económico e Social. É unha lei que dota de estatuto propio as mulleres do mar e do medio rural. Como lles dicía antes, esa lei abriuse —e sábena ben— en xullo ás achegas da cidadanía, das entidades, das empresas; púxose á exposición pública no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia paralelamente para, por suposto, obter o máximo consenso, e foi remitida ás distintas organizacións e entidades, entre outras, por suposto, ás asociacións de mulleres do sector pesqueiro e do mar para que puidesen facer as súas alegacións. Nomeadamente remitiuse á Asociación Nacional de Mulleres da Pesca, á Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao e á asociación Mulleres Salgadas. Ningunha das tres asociacións efectuou ningunha alegación sobre o texto do Anteproxecto.

O texto do Anteproxecto, na exposición de motivos, no punto 61, define un pouco o modelo que pretendemos seguir nas políticas de igualdade, falando dunha estratexia dual de políticas específicas e de transversalidade de xénero. E dentro deste modelo están visibilizados os órganos de participación institucional; algúns que, por suposto, xa existen, que continuarán e xa coñecen, e outros novos, en concreto, o Consello Galego das Mulleres, a Unidade de Muller e Ciencia, o Observatorio da Imaxe e da Muller e o futuro Observatorio Galego da Igualdade das Mulleres Rurais e do Mar.

Este observatorio para estes dous colectivos vai ter ese marco normativo do que falaba, que está na propia lei, que é o Estatuto das Mulleres Rurais e do Mar, para cuxa regulación a norma prevé ou reserva un título, o título V, co que se defende o compromiso de atender as necesidades das mulleres rurais e do mar. Fundamentalmente nas políticas de emprego e autonómicas prevese unha relación de dereitos e unha serie de medidas de fomento do asociacionismo, e é un observatorio que, ademais, xa lle avanzo que vai contar con dúas subcomisións: unha específica para as mulleres do rural e unha subcomisión específica para as mulleres do mar. Eu creo que con isto se están poñendo as bases lexislativas para que as mulleres do mar conten con un órgano de estudo e de asesoramento que nos permita mellorar as súas condicións e, en particular, as súas condicións laborais en igualdade, e que será un órgano que tamén facilitará o cumprimento das disposicións establecidas na propia lei.

Por suposto que na Xunta de Galicia somos conscientes do importantísimo papel da muller en todos os eidos da cadea de valor da pesca e da acuicultura e da importancia de que visi-



bilicemos o traballo no camiño para alcanzar a igualdade real, a igual laboral, a igualdade salarial e a conciliación laboral e familiar.

Efectivamente, os datos da importancia da muller na pesca e no mar en Galicia creo que falan por si mesmos. Se collemos a última memoria que teño aquí anual —do 2021— da Rede española de mulleres do sector pesqueiro, vemos que en España o 16 por cento das persoas afiliadas ao réxime especial do mar son mulleres, pero na nosa comunidade autónoma, en Galicia, en xaneiro do ano 2023, do total de persoas afiliadas ao réxime especial do mar —19.200—, son mulleres un 24,7 por cento; e ademais cunha especificidade en Galicia, que é que tres cuartas partes destas mulleres son traballadoras por conta propia, e pasa o contrario no eido masculino, no que soamente un terzo traballa por conta propia.

Tamén a importancia da muller se revela en distintos subsectores dentro do mar. Falaba vostede dalgúns deles. Por exemplo, no marisqueo, as tres cuartas partes son mulleres. E, por exemplo, no sector da industria e da comercialización de produtos do mar, hai empresas onde as mulleres superan o 96 por cento, e moitas delas o 70 por cento. Hai outros ámbitos, por exemplo na pesca extractiva, onde soamente o 5 por cento das persoas embarcadas son mulleres.

Por suposto que estes datos, de acordo con vostede, amosan que aínda temos camiño que percorrer. Por suposto que existe desigualdade aínda entre mulleres e homes e, no caso do mundo do mar, tamén concordo con vostede en que queda moito camiño por percorrer no ámbito da representación do colectivo feminino nos órganos directivos e de representación.

Desas eleccións das que vostede falaba do 29 de outubro, que son as terceiras eleccións unificadas para escoller os representantes nos órganos reitores das confrarías, daba vostede algúns datos. Do total de persoas elixidas, que foron 922, só o 21 por cento foron mulleres. Tamén é certo que no Comité Executivo da Federación Galega, dos catro representantes, a metade, o 50 por cento, son mulleres. E si é verdade que nas federacións provinciais hai dúas mulleres na da Coruña, tres na de Pontevedra, pero en Lugo non hai representación feminina.

Polo tanto, estas son as cifras das que partimos. Evidentemente, que non son os datos que eu quería expoñer aquí, pero si creo que temos que continuar traballando para revertelas e para melloralas.

Traballando no seo dese oitavo plan que, como digo, recolle os elementos necesarios para continuar revertendo as cifras, traballando no eido desa lei que está e que coñecen todos vostedes, porque é pública e coñecen xa o texto, é onde se incardina ese Estatuto para as Mulleres Rurais e do Mar e o futuro Observatorio.

Temos que continuar traballando no eido da profesionalización das mulleres do mar. E a profesionalización implica —é fundamental— a seguridade e saúde laboral e, por suposto, tamén a formación. No eido da seguridade e saúde laboral, saben que estamos con plans específicos dentro do Issga, do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, e nestes últimos anos estamos traballando co colectivo de redeiras. No ano 2022 leváronse xa a cabo



dúas fases de visitas aos lugares de traballo e os recoñecementos médicos específicos a centros de mulleres nos centros do Instituto na Coruña, Pontevedra e Lugo. No 2023, xa coa análise deses datos, poderemos comezar a desenvolver actividades de formación, sensibilización e información a este colectivo para facer melloras preventivas no seu traballo cotián.

E, como dicía, para traballar na profesionalización, hai que tamén traballar na formación deste colectivo. Coas redeiras, coa Federación de Redeiras Artesás, fixemos un traballo de acreditación de competencias e a través deste 358 mulleres teñen hoxe en día o certificado de profesionalidade. Asinamos un convenio de colaboración para realizar accións formativas de cualificación e recualificación, co cal máis de trescentas persoas pertencentes a este colectivo obtiveron a súa cualificación profesional, o cal garante o relevo xeracional do colectivo.

Tamén colaboramos con elas para facer un estudo completo sobre a situación laboral do sector; estudo que se presentará coa Asociación, a Consellería do Mar e esta Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para ver tamén as medidas necesarias para continuar fomentando a súa profesionalización e a igualdade dentro do sector.

Remato esta primeira intervención reiterando o compromiso da Xunta de Galicia coas mulleres do mar, con crear ese observatorio e con continuar traballando para eliminar os obstáculos que representan unha discriminación para este colectivo e, por suposto, para facilitarlles os recursos necesarios e aumentar tanto a súa representación como a súa autonomía en todos os ámbitos; por suposto, o familiar e persoal, pero fundamentalmente no ámbito laboral.

Nada máis de momento.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Quero darlle tamén a benvida á asociación Mulleres Salgadas, que precisamente ela —esa única asociación de ámbito galego, a única que temos en Galicia de mulleres na pesca— é a que leva moitísimo tempo reivindicando e traballando a prol da creación deste Observatorio Galego de Igualdade no sector pesqueiro. Vostede hoxe dixo novamente, unha vez máis, que se vai constituír ese observatorio, pero eu quero puntualizarlle determinadas cousas, conselleira.

Vostede di que sempre se dixo que o Observatorio se crearía nesa Lei de igualdade galega, e iso non é verdade; non é o que se dixo. *(Murmurios.)* Pois, entón, se é verdade que se creará nesa lei —que vostedes, por certo, levan un ano de atraso para presentala aquí, nesta Cámara parlamentaria—, se vostedes din que se vai crear nesa lei, como é pública e podemos velo, ese observatorio xa estaría contemplado na Lei de igualdade á que vostedes pretenden dar



entrada nesta Cámara, e non está; (*Aplausos.*) non está ese observatorio. ¿Pode dicir, cando vostede volva aquí, a esta tribuna, que o Observatorio Galego de Igualdade do sector pesqueiro está contemplado nesa lei? Non está, señora conselleira. O que está é o Estatuto da Muller Rural e do Mar. E, por certo, son dúas cousas moi distintas. Poden traballar en sacar adiante, loxicamente, esa Lei de igualdade proposta polo Goberno galego, pero tamén en crear o Observatorio Galego de Igualdade no sector pesqueiro, porque son dúas ferramentas totalmente distintas, e vostede aquí, ademais, todo o tempo estivo a falar do Estatuto da Muller Rural e do Mar.

E, por certo, cando se traballe nese estatuto, no que conflúen nese nome muller rural e do mar, haberá que ter en conta que as características e as peculiaridades das mulleres do rural e das mulleres do mar son distintas, non son as mesmas. Polo tanto, vostede todo o tempo estivo a falar do Estatuto da Muller Rural e da Muller do Mar, pero non falou practicamente nada dese observatorio.

Mire, nós, ademais, o que queremos é sacarlle tamén hoxe o compromiso de que ese Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego, reclamado sobre todo por Mulleres Salgadas, ás que lles recoñecemos o seu gran traballo a prol da igualdade das mulleres do mar en Galicia, vaia estar conformado tal e como elas piden, con persoal técnico, porque é iso o que se precisa, persoal técnico para poder avaliar datos, para poder avaliar as dificultades coas que hoxe se atopan as mulleres do mar e para poder facer propostas.

Mire, señora conselleira, vostede dicía: «para continuar traballando no eido da representación das mulleres neses órganos de dirección». Pois algo non se fixo ben, señora conselleira, porque se anteriormente tiñamos cinco mulleres á fronte das confrarías e hoxe temos tres, algo, dende logo, non se fixo ben. (*Aplausos.*)

E claro que non poden estar orgullosos nin orgullosas desa política levada a cabo por parte do Goberno galego, porque non promoveron políticas para facilitarles a estas mulleres que accedan aos órganos de representación, que accedan aos órganos de decisión. Porque o único que lles están a dicir estas mulleres é que non queren que os homes falen por elas; queren falar elas e tomar parte neses órganos nos que se adoptan decisións que van afectar o seu día a día e o seu traballo. Agora nin sequera chegan ao 5 por cento as patroas maiores que hoxe temos na nosa comunidade autónoma, porque, de 63 confrarías, hai tres patroas maiores. Hai anos había dez, anteriormente cinco e agora temos tres. Polo tanto, señora conselleira, algo non se está a facer ben.

E, repito, é urxente, é necesario que se cree este Observatorio de Igualdade no sector pesqueiro galego, porque —repito e non me cansarei de dicilo— o que non se mide non se pode corrixir, señora conselleira.

Non sei por que o seu empecinamento. Moito votar aquí a favor das iniciativas que trae o PSdeG para crear este observatorio, pero é por non ter un mal titular mañá na prensa. Despois olvídanse totalmente. O Goberno galego abandona totalmente esas políticas que poderían promover que estas mulleres accedesen a eses órganos de representación. Non é xusto que estean infrarrepresentadas nos órganos nos que se toman as decisións que afectan o



seu día a día. É urxente este observatorio para analizar os datos, para ter estatísticas e para poder tomar boas propostas en políticas públicas.

Porque vostede daba un dato e falaba dese 5 por cento de mulleres na pesca extractiva. Ao mellor, creando ese observatorio e analizando os datos que poden chegar a ese observatorio, deberíamos de analizar por que apenas se chega a un 5 por cento de mulleres na pesca extractiva, precisamente nunha das áreas, como vostede tamén sabe, con maior dificultade para captar novos traballadores. Polo tanto, é urxente e é necesaria —non nos cansaremos de dicilo— a creación dese observatorio. Están moi ben as boas palabras, os moitos ánimos e as boas palabras, sobre todo coas mulleres do Mar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ..., pero despois vostedes, que teñen a capacidade para poderlles facilitar o seu traballo, para poder facilitarlles a representación neses órganos, non o fan. Xa vimos como fixeron no Consello Galego de Pesca, negándolle a entrada á única asociación autonómica de mulleres na pesca, como é Mulleres Salgadas. Polo tanto, a verdade é que con esas intencións a ver se, por certo, cumpren este mandato parlamentario e non lles fallan ás mulleres da pesca.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Para o peche da interpelación, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Otero, si que podo chegar aquí e dicir que está previsto o Observatorio. Eu non entendía exactamente cal era a cuestión ata que vexo... Eu teño dúbidas de que vostede lese o anteproxecto de lei. Ou é que meteu no buscador a palabra «observatorio» e, efectivamente, a denominación é «Comisión do Estatuto»; coa composición, por certo, que vostede está pedindo. Entón, vexo que o problema é a denominación. Non se preocupe, comprométome eu aquí a, no artigo 208, poñer «observatorio», a ver se así o Partido Socialista entende ben. *(Aplausos.)* Porque creo que o relevante non é o fondo, é a denominación. *(Aplausos.)* Entón, ou non leu o anteproxecto —e espero que o lese— ou non o entendeu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿non está? Está colgado dende... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, artigo 208: Comisión do Estatuto da muller do rural e do mar, órgano paritario, que incluírá a representación dos departamentos con competencias en materia rural, do mar, en igualdade, en materia de emprego e economía. Estarán representadas as organizacións profesionais agrarias máis representativas, as asociacións de mulleres de pesca no ámbito rexional máis representativas, as organizacións sindicais e a Fegamp, e ademais prevese a participación de especialistas, se así se decide». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E di que non é isto? Entón, non entendo, porque a asociación non fixo alegacións, se isto non era o que se estaba buscando. Pero como, de verdade, a lei vai entrar aquí no Parlamento, eu o que lle digo é que



faga vostede unha proposta sobre a redacción do Observatorio, que xa lle acabo de dicir que, ademais, vai ter unha subcomisión de medio rural e unha subcomisión do mar. ¿E sabe por que? Porque eu non son partidaria de que exista unha multiplicidade de órganos sen ningún xeito, senón de que as comisións que se creen funcionen e, ademais, teñan un traballo sectorial, como se está facendo agora mesmo co Consello Galego das Mulleres e como se está facendo agora mesmo con todos os órganos que xa temos creados.

Entón, coido e volvo dicirlle que ou vostede non leu a lei ou que non a entendeu, porque, se non, non entendo nada, porque o que vostede pregunta está regulado no artigo 208. (*Murmurios.*)

Polo demais, a vostede sóbralle, parece ser, todo o Estatuto das mulleres rurais e do mar, artigos 159 ao 173; un título enteiro, que foi previsto a solicitude de moitas asociacións de mulleres. Pero para vostede isto parece que non ten ningunha relevancia. É a primeira vez e somos a primeira comunidade autónoma que crea un estatuto con rango legal, porque as restantes comunidades que o teñen creado teñen nivel regulamentario. Co cal, non soamente se está creando o Estatuto, non soamente se está creando o Observatorio, senón que se lle está dando a garantía legal da súa existencia. Estase, efectivamente, sinalando que o propósito do Estatuto é velar por unha serie de dereitos de participación na elaboración dos plans de desenvolvemento, no acceso á formación regrada das mulleres, na mellora das súas competencias técnicas e dixitais, en constituír asociacións e cooperativas. Nada disto ten ningunha relevancia, soamente ten relevancia que non figura a palabra «observatorio». É unha cousa realmente impresionante.

Tampouco ten ningunha relevancia o Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que dedica especificamente un ámbito, dentro dese enfoque transversal, ás liñas de accións definidas precisamente para mellorar as condicións laborais, a participación social das mulleres do medio rural e do mar e para reforzar a prevención e a protección fronte á violencia de xénero. Non ten ningunha relevancia.

Por suposto que me gustaría que as cifras fosen outras —xa o dixen aquí—, pero creo realmente que o que estamos facendo é o traballo que hai que facer. A nivel lexislativo, por unha banda, eu si lle dou importancia ao feito de que o Observatorio se cree polo procedemento que se ten que crear e a que quede garantido a nivel parlamentario para que non poida ser eliminado, governe quen governe. Eu si lle dou importancia ao feito de que haxa unha garantía legal.

Tamén lle dou importancia a todo o traballo que se está facendo para a profesionalización do sector e para a formación do sector. Por suposto que temos que seguir traballando para reducir a fenda salarial, por suposto que temos que seguir traballando para rachar os teitos de cristal, por suposto que hai que seguir traballando para mellorar e para favorecer a participación das mulleres no deseño das políticas pesqueiras; por supostísimo. Claro que se precisa un enfoque técnico en materia de igualdade e en perspectiva de xénero en toda esta materia, e claro que hai que seguir impulsando o asociacionismo. Pero todo isto, sen dúbida ningunha, exige unha unidade de acción, exige que todos traballemos xuntos —todos e todas—, exige que todos loitemos por visibilizar este colectivo. E, como dicía antes, hai que



impulsar a súa profesionalización. Creo que hai bos exemplos, hainos coas mariscadoras. Hai moitos anos traballamos dende a Xunta de Galicia para que conseguisen ter a cobertura da Seguridade Social. Estámolo facendo coas redeiras —que era o que lles comentaba antes—. Estámolas acompañando na súa formación, na súa cualificación e estamos traballando na prevención laboral —que é algo clave, sen dúbida ningunha—. E dende aquí quero agradecer a participación que está tendo o colectivo de redeiras e como están loitando para reducir a sinistralidade laboral e para mellorar, sen lugar a ningunha dúbida, o seu sector.

Insisto —e con isto remato—, Observatorio, si. Se o problema é a denominación, non se preocupen, que si poremos a palabra «observatorio». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se preocupen, comprométome aquí a que vai aparecer a palabra «observatorio» dentro do marco legal, que é o que se dixo sempre, dentro do VIII Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, onde xa están recollidas todas estas medidas ás que vostede facía referencia e se contemplan no seu articulado. E non teñan ningunha dúbida de que o Observatorio, unha vez creado, vai ter todos os medios necesarios para o seu adecuado funcionamento. Xa está prevista na lei a participación de especialistas técnicos. Co cal, non teña ningunha dúbida que vai contar coa participación que están proponendo.

Máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a igualdade nos centros de ensino

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos. Moi boa tarde, señor conselleiro.

Moito se ten falado... Bueno, pois aproveitando unha data sinalada como a de hoxe, estamos a falar e seguiremos —benvindo sexa— falando de igualdade neste Parlamento neste día que conmemora esta loita pola igualdade, esta loita contra a desigualdade que sufrimos as mulleres. Temos tamén unha cita nas rúas en canto remate este pleno, nunha xornada que é importante de cara á visibilización. Pero nós queremos lembrar hoxe que esta defensa, esta loita e este traballo ten que ser un compromiso defendido e exemplarizado con feitos durante todo o ano.

Imos falar da discriminación das mulleres, da desigualdade; neste caso, imos falar, ademais, tamén da prevención e de atallar a violencia machista. Hoxe falouse moito e hai moito ruído nas últimas semanas, nos últimos días, nas últimas horas, por desgraza tamén neste pleno, arredor dunha das máximas expresións das violencias contra as mulleres, como é a violencia sexual. Tratamos de fuxir, precisamente, da lameira política e temos a oportunidade —disto



vai esta interpelación— de reivindicar e de traballar con este compromiso feminista durante todo o ano, sen ruído pero con feitos, e máis alá de datas concretas. Disto vai esta interpelación, que tamén temos substanciado noutras iniciativas na Comisión de Educación e tamén con preguntas que temos protagonizado con vostede mesmo —como pode lembrar— arredor da educación afectivo-sexual, da igualdade, neste pleno, nesta lexislatura.

Porque dicía que se fala moito das vítimas da violencia sexual, da necesidade de protexelas, do que nos preocupan e nos ocupan. E eu quero lembrar —e citábao tamén neste pleno— que unha de cada tres mulleres ou fomos vítimas xa dunha agresión sexual —no Estado, no mundo, neste país, na nosa comunidade...— ou o seremos; junha de cada tres mulleres! E cando facemos tanto ruído e o empregamos politicamente con intereses que non son lícitos, que son inmorais para as vítimas dos abusos sexuais, toca lembrar algo a todas e a todos, pero máis a nós, porque, compañeiras do Partido Popular, compañeiras Socialistas, compañeiras do BNG, nós somos as vítimas deses abusos e desas violencias. E máis ca nós, ninguén debería de poñer en dúbida nin murmurar arredor desta aseveración, porque o que pedimos é mesura neste compromiso, facer un debate construtivo, señor conselleiro, e avanzar nun dos piares básicos e, como sabe vostede, indiscutible: a educación, a prevención das violencias machistas sexuais. O traballo por unha sociedade democrática e igualitaria é tan importante que nos preocupan as vítimas —insisto— das violencias, e constrúese desde a educación. Aí é onde está a prevención —como salientaba a miña compañeira Noa Díaz esta mañá—. E temos a oportunidade de amosar a credibilidade que temos cando defendemos todas e todos —aquí non se trata de cuestionar quen é máis ou menos feminista, ou quen é mellor ou é peor— e cando discutimos construtivamente arredor —insisto— deste asunto, e máis nós —insisto—, as mulleres, que somos as vítimas destas violencias.

Quero poñer un exemplo que me viña á cabeza, cando hoxe se falaba, neste pleno, de defender as nenas e os nenos vítimas destes abusos, da importancia que ten a prevención e de adaptar os contidos á información nas escolas, empregando unha nova que saía nos medios hai un mes, que lembrarán moitas e moitos de vostedes. Foi a detención dun agresor sexual de 49 anos en Pamplona, e foi a raíz, precisamente, dunha charla nunha escola, nun colexio. Esa información, esa charla que recibía unha neniña de 8 anos, foi a que lle fixo detectar que ela estaba sendo vítima, precisamente, deses abusos sexuais. Polo tanto, esa educación afectivo-sexual, esa educación na igualdade, adaptada ao currículo nas etapas máis temperás, é absolutamente fundamental nesa prevención. Lembrarán esa nova, como dicíamos.

E falaba do papel que temos no sistema educativo, que é unha necesidade e un asunto que nós temos situado neste Parlamento. Hai poucas semanas —de feito, isto non é oportuno por esta data— preguntámoslle á directora xeral na Comisión de Educación cal era o balance do I Plan de igualdade nos centros educativos 2016-2020, porque non tiñamos noticias, non só no que supón a fiscalización e o balance dese plan, senón que os propios centros de ensino estaban a demandar a absoluta falta de recursos humanos e económicos e dicían que non percibiran ningún tipo de eficiencia ou eficacia dese plan tan necesario. Pero sobre todo, o que máis nos preocupa é: ¿están a traballar?, ¿van aprobar poñer en marcha un novo plan de igualdade, unha estratexia de igualdade nun momento tan delicado na nosa comunidade, nun pilar básico, insistimos, para loitar contra as violencias machistas e a desigualdade, como é a educación?



Señor conselleiro, nós temos que lamentar o ton que recibamos nesa resposta, porque, ademais, foi un debate que protagonizamos e que tratamos de que fose sosegado, porque foi horas despois xusto de que viviramos o asasinato desa muller vítima da violencia machista en Baiona. E o noso enfoque foi todo menos político. Tratamos de ser construtivos, de pedir datos e de facer achegas; e faláronnos de que a educación afectivo-sexual era unha teima da esquerda; que estamos obsesionadas con ideoloxizar nas escolas e que o problema estaba en Netflix e no peso que teñen as familias na educación e en construír eses valores en igualdade das nenas e dos nenos. E sabe vostede que non é así, e non porque o diga —insistimos— o Partido Socialista.

Nós pedimos, polo tanto, ese compromiso, esa firmeza, esa responsabilidade neste piar absolutamente básico: que poñamos a igualdade como protagonista na educación. E aproveitamos tamén, señor conselleiro —sábeo vostede—, porque ademais da necesidade de formar en igualdade desde a escola e de construír a sociedade do presente e do futuro, sabe vostede que no ensino non universitario a inmensa, a inmensísima maioría, dos equipos do profesorado son mulleres. Esta é outra das patas que queremos poñer no foco neste pleno neste debate, señor conselleiro. A inmensa maioría do profesorado sabe vostede que son mulleres e que están a demandar non só que se cumpra a lei —como se ten posto de manifesto neste Pleno—, senón que poñan en marcha e que aproben —e teñen mantido moitas xuntanzas, mesmo en persoa, con vostede e con responsables da súa consellería— dunha vez por todas ese plan de igualdade docente, porque o marca a lei, señor conselleiro, porque é de xustiza (*Aplausos.*) e porque sabe vostede que as profesoras —maioría, no ensino; ademais, insistimos, non universitario— son as que están a padecer fundamentalmente —non só porque son unha maioría— ese horario lectivo, o aumento de carga burocrática, todas as dificultades que hai polo aumento de necesidades específicas, especiais e problemas de saúde mental nos centros de ensino e porque son, ademais, as que padecen nesta profesión —pero como en todas— a maior carga dos coidados fóra dela. Así que nós lle pedimos hoxe que se comprometa con ese plan —ademais, imperativo, legal, pero tamén é unha demanda xusta e necesaria, máis alá de lazos e de cores que hoxe lucimos todos con gusto— de igualdade docente, porque é —insisto, conselleiro— de xustiza.

E nós queremos lembrar tamén, como dicíamos, a necesidade de traballar con iniciativas e propostas concretas durante todo o ano. A comunidade docente do ensino público galego está a demandar da súa consellería durante todo o ano a execución dos traballos a prol da igualdade, porque, a pesar dese mandato legal, na maior parte dos casos a programación dos centros en materia de igualdade, tanto a nivel escolar como a nivel extraescolar, fai que este asunto —prioritario, ante a falta de recursos— recaia fundamentalmente no voluntarismo dun profesorado que xa está ata arriba.

Poderíamos falar tamén —témolo feito— de cifras de matriculación en especialidades, na FP, da representación das mulleres en moitos campos profesionais, na investigación, da fenda salarial... De todo isto pende, señor conselleiro, a educación. E, sen ir máis lonxe, o lema do 8M da ONU pon o foco, precisamente, na educación; este ano, no ámbito educativo dixital e das novas tecnoloxías, como sabe vostede. É o lema escollido pola ONU neste 8M.

Polo tanto, nós insistimos: queremos fuxir de ruído. Non empreguemos a igualdade como arma de confrontación política hoxe e durante todo o ano e impulsemos novos marcos nor-



mativos que avancen nos nosos dereitos, nas nosas liberdades e contra os machismos e apostemos pola educación, como avisan todos os organismos internacionais, como elemento vertebrador dunha sociedade igualitaria. Poñamos a esas vítimas das agresións sexuais, aos nenos e ás nenas, esa protección, que tanto nos preocupan a estas horas politicamente, e no foco das políticas que desenvolven os 365 días do ano. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Antes de darlle a palabra, para a súa resposta, ao conselleiro, saudamos os alumnos e alumnas da Universidade de Maiores Francisco Ynduráin e ao Lar Galego, de Pamplona. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Ten agora a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para responder por un tempo de dez minutos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Eu tamén saúdo afectuosamente os representantes do Lar Galego, de Pamplona, e tamén os da Universidade de Maiores Ynduráin. Ímonos ver despois desta intervención. Un afectuoso saúdo.

Señorías.

Señora Otero, a verdade é que eu comparto, como calquera persoa, unha parte do seu discurso. Desgraciadamente, creo que na outra está errado, non sei se por descoñecemento ou por uso torticeiro da información, pero si é certo que hoxe é un día no cal todas as persoas temos que estar a favor de promover a igualdade de xénero e de eliminar calquera tipo de discriminación entre as persoas. Creo que niso non hai ningún tipo de dúbida e que iso non se lle pode cuestionar a ninguén. Creo que traballar pola igualdade entre as persoas, pola igualdade de xénero, é unha responsabilidade individual de cada persoa, pero tamén é unha responsabilidade colectiva e, por suposto, as administracións temos un papel tremendamente relevante.

A verdade é que quedei tranquilo cando vostede dixo que aquí non había oportunismo nesta interpelación. Dígoo porque hai uns días, o 11 de febreiro exactamente, a mesma iniciativa se debateu na Comisión 4ª, e a vostede —ao seu grupo— déronselle unha serie de respostas que, polo que parece, non a convenceron. É certo que está moi ben acordarse das efemérides e plantexar cuestións nas efemérides, pero creo que é moito máis positivo cando se traballa todos os días e cando todos os días, dende hai xa moitos anos, se traballa nun aspecto tan sensible como é a igualdade de xénero no sistema educativo.

É obvio que nos centros educativos se traballa no ámbito da igualdade de xénero, de promover o respecto entre as persoas, con independencia do seu xénero; é algo obvio. Tamén é certo que isto non chega, e tamén é certo que non se pode descargar toda a responsabilidade desta lacra social nos centros educativos, nin moito menos. Todos sabemos que a sociedade,



o comportamento das persoas, dos medios de comunicación e tamén dos representantes políticos é fundamental para que haxa unha concienciación global de que é necesario cuestionar e acabar con calquera tipo de discriminación entre as persoas con base no seu xénero.

Obviamente, esta é unha responsabilidade de todos, pero dende a Consellería de Educación por suposto que non miramos para outro lado; nunca miramos para outro lado nos últimos anos. En moitas ocasións lideramos proxectos específicos orientados a rachar a fenda de xénero e noutros casos somos acompañantes ou apoiamos o traballo doutros departamentos ou mesmo tamén da sociedade civil neste ámbito. Non ten moito sentido —e estou seguro que vostede non o fará, non ten ningún sentido— negar, cuestionar e minimizar os esforzos que se fan para intentar sensibilizar e traballar cos nenos e coas nenas neste ámbito.

Certamente, vostedes plantexan sempre o seu debate no eido educativo arredor dun aspecto, que é o I Plan de actuacións para a igualdade de xénero nos centros educativos, que foi o Plan 2016-2020. Ese plan no seu momento foi absolutamente pioneiro —hoxe volveuno facer—, pero certamente xa se ten explicado en moitas ocasións, como xa dixen hai moi pouco na Comisión 4ª, como este plan, que tivo un momento moi significativo no seu momento, foi substituído por outras formas de traballar e de actuar neste ámbito. Creo que nese sentido o seu plantexamento ou ben está desfasado, ou ben non fan seguimento do que se está facendo actualmente nos centros educativos ou, simplemente, dise calquera cousa sen importar o que se di.

Este primeiro plan tivo un papel fundamental; contribuíu a fixar unha serie de bases en diferentes ámbitos: a eliminación dos estereotipos de xénero; a integración da perspectiva de xénero no traballo, no éxito escolar; o papel tamén dos módulos de formación para reducir a desigualdade de xénero; a educación dende a diversidade; a visualización de mecanismos que sustentan a violencia de xénero para combatelos e tamén a detección precoz. Isto é algo que se traballou nese plan.

¿Que se está facendo agora? Obviamente, é un plan, son unhas accións concretas. Actualmente no desenvolvemento de todos os currículos os contidos vencellados á igualdade de xénero están contidos nos desenvolvementos curriculares de todas as asignaturas; é un eixo transversal dos currículos educativos, non só coa actual lei educativa, senón que xa o eran tamén previamente. É un novo salto cualitativo. En todo o sistema educativo cunha perspectiva integral e tendo en conta o desenrolo curricular de calquera asignatura se plantexan contidos orientados ao fomento da igualdade de xénero. En calquera asignatura hai contidos e hai un desenrolo curricular centrado nese ámbito.

Pero é que, ademais, todos os centros educativos dende o ano 2020 contan cun plan de centro para a igualdade de xénero. Todos os centros educativos dende o ano 2009, con base nunha instrución do ano 2019, teñen un plan individual de igualdade de xénero en cada centro, adaptado, obviamente, ás súas características; non é o mesmo un centro nun contorno rural que un centro nun contorno urbano. Estamos a falar dunha forma máis concreta, máis precisa e máis adecuada para tratar estas problemáticas. Houbo un plan inicial e agora hai uns plans de centro para cada un dos centros.



Vostedes tamén sempre din: ¿e que indicadores hai? ¿Como se mediu a intensidade, o éxito deste plan? Xa se dixo no seu momento que a maior parte das variables son cualitativas. Non podes ter un dato cuantitativo exacto, pero si é certo que hai un dato cuantitativo do cal, francamente, estamos tremendamente orgullosos, á parte feito por un organismo internacional, que é o informe PISA.

¿Que nos di o informe PISA? O informe PISA dinos que os galegos, os alumnos galegos, que Galicia é a primeira comunidade autónoma onde o alumnado ten un maior coñecemento e unha maior concienciación dos contidos vencellados á igualdade de xénero; os primeiros de España. Certamente, este dato, que é un dato cuantitativo, é o mellor indicador, sen ningún tipo de dúbidas, para calibrar a intensidade do traballo que se fai nas nosas aulas a favor da igualdade de xénero, sendo os primeiros de España en coñecemento e en concienciación en todo o tocante, en todo o relativo, á igualdade de xénero. Creo que iso é algo para estar orgullosos do traballo que se fai nos centros educativos, que todos os días fan os profesores nos centros educativos. *(Aplausos.)*

Tamén temos datos da macroenquisa de convivencia que facemos cada dous anos; 200.000 enquisas. Aquí todos os indicadores que teñen que ver coa igualdade de xénero e coa inclusión son francamente positivos. E isto non é froito da casualidade, isto é froito, primeiro, de que a igualdade de xénero se incorpora de xeito transversal a todos os currículos educativos, e pódese aprender e un pode concienciarse no ámbito da igualdade de xénero nunha clase de educación física, nunha clase de matemáticas ou nunha clase de historia. A variable de xénero incorpórase nos currículos.

Tamén os centros educativos, como xa lle dixen, teñen un plan de igualdade de centros, cada un adecuado ás súas características. Os profesores teñen unha ampla formación de contidos vencellados á coeducación e á loita contra a violencia de xénero. Hai un plan anual de formación onde está moi presente esta cuestión. Temos tamén ás familias con escolas de pais e nais, e hai programas educativos específicos nos centros educativos. Por exemplo, en contratos programa, participan uns 400 centros vencellados coa coeducación, coa loita contra a violencia de xénero ou coa diversidade afectivo-sexual; é dicir, a metade dos centros educativos participan neste programa específico, por exemplo, que complementa todo o que xa dixen. Ou no plan Proxecta, no que 161 centros participan en programas orientados a estas cuestións.

Obviamente, hai que seguir traballando. Este é sempre un proceso e un proxecto inacabado; sempre hai que seguir con novas iniciativas, con novas medidas, con novos proxectos que vaian orientados a concienciar e a sensibilizar os máis novos, os nenos e as nenas, de situacións que, en ningún caso, poden suceder e que debemos —temos a obriga moral— de corrixir. Este luns presentamos dous: un vencellado á figura, á ilustre figura, de Emilia Pardo Bazán e outra acción vencellada tamén ao mundo do audiovisual, para poder concienciar tamén os alumnos na igualdade de xénero.

Hai moitísimos recursos educativos postos á disposición do conxunto da comunidade educativa. Hai múltiples accións nas bibliotecas escolares, protocolos nos centros, hai ciclos específicos de formación profesional orientados a formar profesionais específicos e



especializados no ámbito da igualdade de xénero. Hai moitísimas cuestións, pero, obviamente, como xa dixen antes, non estamos satisfeitos e hai que seguir traballando.

Temos un enfoque transversal, un enfoque integral. Nós non nos acordamos do papel da igualdade de xénero no sistema educativo un día só, traballámolo e impulsámolo todos os días. E a verdade é que os centros educativos teñen un papel moi importante, pero non pode ser nin é nin ten sentido que sexa o único, ten que haber unha concienciación xeral do conxunto da sociedade, das familias, dos medios de comunicación, de todo o contorno no cal estamos, e temos que ter estratexias. E, francamente, temos dúas estratexias en marcha que dan amparo a todo o que estamos a facer, que dan amparo aos plans de centros, que son a Estratexia galega de convivencia escolar, que se presentou hai moi pouco e se aprobou no Consello da Xunta cun significativo investimento; e temos tamén —xa para aprobar dentro de moi pouco tempo— a Estratexia galega de inclusión educativa, que tamén vai traballar no ámbito da coeducación e da igualdade de xénero.

En todo caso, señoría, como dixen, comparto e quedo coas súas palabras iniciais. Quedei moito máis tranquilo cando falou de que non hai oportunismo —moito máis tranquilo, non se pode vostede imaxinar—, pero a verdade é que despois vin que hai bastante desactualización no seu discurso educativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra novamente, para a réplica, dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, varias cousas, señor conselleiro.

Velaí está o *Diario de Sesións* e a Mediateca para ver en cantas ocasións ao longo só dos últimos meses... Haberá un ano que eu levo a portavocía de Educación e xa perdín a conta de en cantas ocasións presentamos iniciativas dende o PSdeG na Comisión de Educación e Cultura e preguntas a vostede mesmo neste Parlamento —lembro a última, no mes de xullo, que non estivo vostede, e, por certo, non moi afortunada— arredor dos incumprimentos en materia de lexislación, dos incumprimentos en materia das recomendacións de todos os organismos internacionais, da falta de sensibilidade arredor das investigacións e estudos científicos que se están a facer aquí na nosa comunidade, como os liderados pola Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Barrié, sobre a ausencia e a nula educación afectivo-sexual, sobre o incumprimento ou a ausencia de recursos dos plans de igualdade, etc. Así que, cando menos, sexa vostede rigoroso e non falte á verdade.

Eu quero preguntarlle se viu vostede —porque nós, dende logo, non quedamos satisfeitas— o desacougo que produciu a intervención da directora xeral da súa consellería na súa comparencia ante esta pregunta arredor do Plan de igualdade na educación. Eu ánimoo a que, se non viu a resposta que trasladaba, absolutamente desafortunada, tanto en contido como en ton, nesa comisión, a vexa, porque ficamos coa boca aberta e absolutamente descolocadas —insisto— non só as deputadas do Grupo Parlamentario Socialista, por non falar máis. En



todos os grupos parlamentarios, as persoas que estaban seguindo esa comisión, señor conselleiro, de corazón lle digo con toda honestidade que ficamos absolutamente fóra de xogo, pola falta de tacto, de ton, polas imprecisións, polo ataque político arredor dun asunto — insisto— absolutamente tan delicado. Porque do que estamos a falar aquí non é de fiscalizar, de dicir que fan moitas charlas, que se Emilia Pardo Bazán, que se van editar guías... O que se acorda e se lembra da igualdade unicamente nesa semana é vostede. A min paréceme estupendo e xenial que nesta semana de visibilización compareza para facer balance da igualdade e anuncie guías e que se van facer concursos, paréceme estupendo. Pero teñen que cumprir a lei nun piar básico como que a educación ten que estar en cada poro do sistema educativo porque é o piar básico para loitar contra as violencias machistas e para camiñar cara a unha sociedade igualitaria, señor conselleiro.

E di vostede que o informe PISA di, ademais, que todo vai ben, que as galegas e os galegos somos campións —os nenos e as nenas—. Ou sexa, se falamos de igualdade, de discriminación e de machismo, aquí non estamos para presumir absolutamente de nada nin para celebrar nada. Insisto, eu ánimoo, por exemplo, a que repase vostede —e dicía que son numerosísimos e moi recentes— os estudos e as investigacións que se teñen feito neste país, como, por exemplo, ese estudo *Adolescencia, Tecnoloxía, Saúde e Convivencia* —por citar dos máis recentes—, liderado —dicía— por Antonio Rial, da Universidade de Santiago de Compostela, ou impulsado pola Fundación Barrié, que conclúe que «non existe unha formación afectivo-sexual e a rapazada está vendida. O consumo de porno en idades cada vez máis temperás...» —estou lendo literalmente— «...co problema que representa [...], porque non hai contidos adaptados no sistema educativo galego a estas idades, e pensan que o que ven é a realidade. Normalizan condutas sexuais baseadas nas violencias e normalizan e minimizan nalgúns casos situacións como os abusos ou as agresións sexuais grupais» —que son cada vez máis numerosos non só na nosa comunidade autónoma, senón no Estado e a nivel global—. Son conclusións, señor conselleiro, para tomar en serio, para cumprir con, cando menos, a lei, que se desprenden —insisto— de diversos traballos científicos. E, se non, temos —insisto, xa llo trasladaba neste pleno tamén; non era o 8 de marzo, era no verán— a Organización Mundial da Saúde, a ONU e Unicef, que defenden a necesidade de que o alumnado reciba de xeito programado educación afectivo-sexual nos centros educativos. E velaí citaba un exemplo indiscutible para todas e todos do que acontecía en Pamplona hai un mes e que foi nova.

Di vostede que agora o que se están facendo son plans de igualdade por centros educativos. Pois fale vostede cos centros públicos de ensino desta comunidade, que moitos deles están a denunciar que carecen dese plan de igualdade, (*Aplausos.*) e afirme vostede agora, na súa réplica, sen faltar á verdade, se a maior parte —xa non falo da totalidade— dos centros de ensino público desta comunidade teñen ese plan de igualdade. Sabe vostede que é absolutamente mentira.

Meneaba vostede antes a cabeza cando lle dicía que no profesorado non universitario a inmensa maioría na nosa comunidade son mulleres e que por lei teñen que poñer en marcha e aprobar e impulsar dunha vez por todas e de xeito urxente ese Plan de igualdade docente, que tampouco existe, señor conselleiro.



Entón, de verdade, pídolle que sexa vostede —xa que di o que somos nós, que non o somos—... Repase a hemeroteca do mes pasado, do anterior, de hai tres semanas, de catro ou de cinco, ou as preguntas que vostede ten que responder neste Pleno presentadas polo Partido Socialista arredor da importancia fundamental que ten a súa consellería, que teñen as administracións públicas, para a prevención das violencias machistas, para impulsar unha sociedade igualitaria, que está no sistema educativo, do que vostede ten aquí todas as competencias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra novamente o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, moitas grazas.

Señora deputada, a verdade é que vostede é perseverante e insiste en plantexar que aquí o único que hai que facer é un segundo plan de igualdade global; un plan xeral, para entendernos. E minimiza —*quasi* despreza— os plans de centro e di que non están, que non os hai nos centros. Eu lánzolle un reto moi sinxelo: chame vostede a algúns centros e preguntelhes se o hai ou non o hai; e se non o hai, mire, faga o favor —porque, ao mellor, se chamo eu, a min méntenme e se chama vostede non lle menten; ao mellor, a vostede non lle menten e a min si— de dicirmo —se identifica un centro que non o ten— e de facermo saber, porque, obviamente, hai unha instrución do ano 2019 que di que os centros teñen que facelo. Habería que mandarles aos servizos de Inspección e ver por que non se fixo ese plan, porque todos os contidos, toda a estrutura, todo o desenvolvemento do primeiro Plan xeral se concretiza posteriormente nos plans de centro, tendo en conta as características e o detalle de cada un dos centros. Por iso me sorprende a súa perseverancia, a súa insistencia e a súa desconfianza. Insisto, chame vostede e, faga o favor, díganolo; e inmediatamente pode estar vostede segura de que os servizos de Inspección tomarán boa nota. Porque, ao mellor, lles menten a eles; ao mellor, o centro méntelle á Inspección, e os servizos de Inspección méntenos a nós, aos responsables políticos. É posible, non o sei. Pero a ver se vostede é capaz de ter esa información. Se a ten, pediríalle, por favor, que nola dese, porque, se non, pois sería unha postura de falabarato que non tería maior percorrido, que é o que non se debe facer —como vostede di— neste ámbito.

Tamén di que incumprimos a lei. ¡Sorprendente! En todos os currículos educativos a igualdade de xénero se trata dun xeito transversal e con contidos orientados a que calquera asignatura e calquera módulo formativo participen destes contidos. ¡Inaudito!

E despois cuestiona o informe PISA e plantexa outros informes. Todos son lícitos, pero ¿que estarían dicindo se o informe PISA, que di o que di dos alumnos galegos, dixese o contrario? Estariánnos poñendo a caldo, como vostede sabe perfectamente. Non lle dea á cabeza porque estou seguro de que, se en vez de ser os primeiros, fósemos os últimos neste ámbito teríamos trescentas interpelacións nesta Cámara; iso todo o mundo o sabe.

E, claro, hai cuestións que eu comparto con vostede que son preocupantes, tremendamente preocupantes, pero tamén hai que ser xusto co sistema educativo, hai que ser xusto co pro-



fesorado e hai que ser xusto co que é a escola. Por exemplo, o informe que vostede citou fala dos móbiles, do uso que se fai a nivel pornográfico cos móbiles. Xa pode un profesor, xa pode un mestre ou unha mestra concienciar, dicirlles aos chavales todo o que queira que, se chegan á casa e están co móbil ata as 12 da noite na súa habitación, é moi difícil. Por iso é tan importante que todos esteamos concienciados e é tan importante que, en vez de falar cunha perspectiva de dobre moral, de visión autocompracente, como ás veces se fala, se fale de realidades. E as realidades, señorías, son as que son; a realidade é que os centros educativos de Galicia —como lle dixen— contan cun plan de igualdade adecuado ás súas características. E se non o hai, dígamo, por favor, porque falla a cadea de información no sistema. Por favor, pídlle que o faga.

Tamén lle digo —e é unha realidade— que todo o profesorado ten unha oferta formativa que lle permite ter e actualizar coñecementos vinculados con esta materia. É básico e fundamental para poder axudar, para poder prever, para poder concienciar, para poder impulsar no alumnado diferentes medidas. No ámbito curricular, todas as asignaturas teñen como eixo transversal en calquera curso a igualdade de xénero como un valor básico —no ámbito educativo e no ámbito curricular—. E, por suposto, hai programas educativos moi sólidos e moi solventes que non son —como vostede di— «*unas cositas que hay por ahí*». Xa lle dei os datos dos contratos programa, xa lle dei tamén os datos do plan Proxecta. Eu creo que hai que ser xusto e non facer unha lectura absolutamente interesada.

Eu entendo que estes momentos quizais non sexan os mellores para o Partido Socialista para falar de igualdade, nin para a esquerda en xeral, co que teñen encima, que non llelo vou repetir porque o saben perfectamente. Deberían ter un pouquiño máis de autocontención, un pouquiño máis de decoro; pero, en vez de ter ese decoro, o que fan é negar a maior e —díganos— dicir: non, nós somos buenos e vostedes son malos. Bueno, ese é un discurso maniqueo que, señoría, non vai a ningún lado.

Hai que ter proxectos, hai que ter estratexias, e nós témolos. Xa lle dixen antes: a Estratexia galega de convivencia, xa aprobada; e a próxima aprobación da Estratexia galega de inclusión. En definitiva, o máis importante son tamén os resultados e estar francamente orgullosos. Eu estou francamente orgulloso de que o noso alumnado, dentro do conxunto de España, sexa o que ten unha maior sensibilización e un maior coñecemento respecto do que é a igualdade de xénero, algo que fala moi ben dos centros educativos e fala moi ben do profesorado.

En definitiva...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...estamos ante un problema social grave, preocupante, ante o que temos que actuar sen ningún tipo de dúbida. E temos que ser conscientes de que a escola, de que a educación, ten un papel importante, pero tamén de que, como todos non estamos implicados nesta materia, dificilmente daremos logrado o noso obxectivo. Como tampouco o daremos logrado se temos lecturas maniqueas e lecturas...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que intentan situar o debate e posicionar o debate entre: *nosotros somos buenos y ustedes son malos.*

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación da orde do día e numerada co punto 5.3.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, ten palabra, por dez minutos, dona Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Benvida, señora conselleira.

A última vez que falamos aquí da situación das rías, señora conselleira, foi hai cinco meses, na sesión plenaria do 11 de outubro, a raíz dunha interpelación que presentou este grupo parlamentario; cinco meses. A verdade, conselleira, con todo o que está caendo no sector do mar, non se pode dicir que veña vostede moito por aquí. Vén, si, vén os mércores, todos os mércores, aplaudirille ao señor Rueda, pero a falar do seu negociado pouco ou moi pouco. E nestes cinco meses ocorreron moitísimas cousas; leva chovido moito, e nunca mellor dito. As choivas de decembro e de xaneiro neste ano provocaron que miles de mariscadoras e mariscadores estean nestes momentos en paro biolóxico ou clamando, na maior parte dos casos, á Consellería por un paro biolóxico; e vostede non ten nada que dicir neste Parlamento. Temos un problema monumental coa campaña da mexilla e con miles de bateas coas cordas baldeiras, e vostede non considera que teña que vir dar explicacións.

En decembro pasado decidíronse os TAC e as cotas para este ano, que trouxeron unha rebaixa da cota do xurelo de case o 95 por cento, fundamentalmente para a frota do cerco, e que mantén a centos de persoas tamén en paro biolóxico. E aprobouse tamén naquel mesmo mes de decembro o aumento de tres meses para a veda da anguía, que está afectando moi gravemente os naseiros de Ponte Sampaio, de Arcade, de Cesantes, de Redondela e de Vilaboa. E vostede foi a Europa, pero non tivo tempo para vir ao Parlamento falarnos desa redución de cotas. (*Aplausos.*)

Temos uns plans de ordenación do espazo marítimo aprobados hai unha semana, ou un plan de acción que quere poñer en marcha Bruxelas e que quere acabar definitivamente co arrastre, e vostede tampouco ten nada que dicir neste Parlamento.



Temos máis de cinco mil persoas sometidas á decisión arbitraria de Augas de Galiza de autorizar vertidos residuais da mina de San Fins á ría de Muros e Noia, e vostede, conselleira do Mar, non abre a boca. (*Aplausos.*) E podería seguir; poderíalle seguir citando problemas que afectan persoas, miles de persoas, con nomes e apelidos, do sector do mar, pero, por moito que lle dixese, a conclusión sempre sería a mesma: unha consellería do Mar ausente.

Cando veu aquí vostede en outubro por mor da nosa interpelación sobre a baixa produtividade das rías, falámoslle da redución brutal e progresiva dende hai máis de dez anos de capturas en todas as especies. E vostede naquel momento negou a maior, a pesar de que os datos que eu lle dei naquel momento eran datos seus; é dicir, non os inventou o Bloque Nacionalista Galego, eran datos da súa propia consellería, eran datos que calquera pode ver na páxina de Pesca da Xunta de Galiza.

E despois de tantos anos, catorce de goberno do Partido Popular, os datos seguen a ser teimudos, seguen a ser teimudos por máis que vostede diga que non; e seguen a ser teimudos —xa llo dixemos daquela— porque vostedes se negan —néganse, non sabemos cal é a razón exactamente, podemos imaxinar algunhas, pero son especulacións, pero vostedes néganse— a ir ao fondo do problema. Néganse a analizar as causas do que está a pasar e, como consecuencia, se non recoñecen que hai problemas, evidentemente, néganse a actuar e a tomar medidas que palíen a situación que se está a dar nas nosas rías.

En fin, as causas de toda a desfeita que está ocorrendo nas rías galegas en xeral son variadas; xa o dixemos tamén en outubro, son variadas. E eu hoxe quero centrarme —porque daquela xa lle dei datos e xa lle aludín a moitas cuestións— nalgunhas que son —fíxese vostede— provocadas ou permitidas pola propia Administración.

As choivas de decembro e de xaneiro, as intensas choivas, produciron unha mortalidade brutal de marisco na inmensa maioría das nosas rías, fundamentalmente pola baixa salinidade da auga. A esas choivas —porque as choivas, efectivamente, non as pode controlar a Consellería, afortunadamente— temos que sumarlles que en determinados días nos que estaba chovendo intensamente coincidiu tamén o baleirado dos encoros, ou de determinados encoros, cando menos, porque non sei se de todos. A esas choivas —digo— súmaselles o baleirado dos encoros.

As empresas que xestionan os encoros levan anos desaugando cando lles vén ben, causando graves danos a un sector marisqueiro que xa está debilitado por todo aquilo que falamos en outubro e que agora lle resumín tamén un pouco. E os xestores, os concesionarios dos encoros, levan anos facéndoo porque saben que lles sae gratis. Levan anos facéndoo así, danando un sector marisqueiro, e nunca hai consecuencias, non lles trae ningún tipo de consecuencia.

A Xunta segue sen regular ese desaugamento e segue permitindo que as eléctricas, as empresas eléctricas, que son as que xestionan os encoros, sigan afectando impunemente o medio ambiente e as miles de mariscadoras e mariscadores que explotan os bancos marisqueiros das rías galegas. Non hai regulamento da actividade, non hai tampouco medidas coercitivas por parte do Goberno galego e non hai ningún tipo de resarcimento polos danos ás persoas e entidades que viven do marisqueo, que, á fin e ao cabo, son as directamente prexudicadas.



Pero é máis, unha vez que se produce a mortaldade masiva, como acaba de ocorrer este ano, tampouco hai paro biolóxico para esas persoas. Vostedes exíxenlles 120 días traballados nos últimos dous anos para que poidan acceder ás axudas; 120 días que non poden sumar na inmensa maioría dos casos porque, entre outras cousas, vostedes non impiden actuacións como o baleirado dos encoros, que prexudica o marisco, produce mortaldade e non poden traballar. E cando van xuntar os días para solicitar o paro biolóxico, efectivamente, en moitos casos, non os teñen, non son capaces de xuntalos. É dicir, resumindo, vostedes o que están facendo, o que levan facendo durante moitos anos, é non impedir as actuacións das eléctricas, primar o beneficio desas empresas, non dicir nin mu cando se está afectando os bancos marisqueiros e seguir negándolles as axudas de paro biolóxico, porque, evidentemente, non cumpren os requisitos.

Mariscadoras da ría de Vigo, da ría de Arousa e da ría de Ferrol atópanse coa negativa da Consellería nesta últimas semanas a concederlles axudas. Agás a de Noia e os rañeiros da ría da Arousa —os rañeiros que explotan os bancos de libre marisqueo da Arousa—, os demais seguen recollendo cunchas baleiras das praias sen ter practicamente de que vivir e coa consellería mirando para outro lado, como se non fose con ela.

A pregunta é, señora conselleira: ¿que van facer vostedes a respecto do baleirado dos encoros? ¿Que van facer? Se é que van facer algo; se non, pois nada, seguimos como estamos. ¿Van exixir vostedes responsabilidades e indemnizacións ao sector marisqueiro por parte das eléctricas que o xestionan? Agardamos a súa resposta.

Por outra banda, ¿que medidas van poñer —falamos de paros biolóxicos, falamos de axudas...— en marcha para facilitar, precisamente, as axudas ás mariscadoras? Porque a desculpa é que as normas —esa é a desculpa que están dando desde a Consellería a unha e outra agrupación de mariscadores e mariscadoras— do FEMPA non o permiten, que son moi estritas. Pero resulta que, por outra banda, a Consellería devolve cartos todos os anos a Europa, entre eles tamén do FEMPA. Entón, a ver se hai algunha maneira de equilibrar iso para que os cartos non vaian de volta e vaian a onde teñen que ir. *(Aplausos.)*

Estamos, señoría, estamos, señora conselleira, nunha situación excepcional nas nosas rías. E se estamos nunha situación excepcional, non valen as convocatorias ordinarias, non valen as axudas de todos os anos; hai que poñer medidas e tomar medidas excepcionais. E para iso, entre outras cousas, está vostede á fronte da Consellería do Mar.

E das eléctricas —quero ver, señor presidente, se nun minutíño me dá tempo— quero pasar ás mineiras. Hoxe falamos de grandes amigas do Partido Popular. Antes faleille a vostede de que está ausente por todo isto que lle acabo de dicir, e no caso da autorización de Augas de Galiza dos vertidos das augas residuais da mina de San Fins, non é que estea ausente, é que está directamente desaparecida.

A pasada fin de semana manifestáronse, como vostede puido ver nos medios de comunicación, miles de persoas na Alameda de Noia, incluídos os alcaldes do Partido Popular da comarca. É dicir, os alcaldes do Partido Popular da comarca de Muros-Noia estábanse manifestando en contra da decisión do Partido Popular da Xunta de Galiza. Ben, manifestáronse miles de persoas porque Augas de Galiza acaba de dar un permiso de case 900.000



metros cúbicos de auga contaminados para verter, na fase de baleirado, e 632.000 metros cúbicos cada ano durante cinco anos na fase de explotación, porque esa é a autorización que teñen, cinco anos. É dicir, para sumar e resumir, 4 millóns de metros cúbicos de auga contaminada que está poñendo en risco os ecosistemas marítimos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...a ría e miles de postos de traballo, e a Consellería do Mar non está nin se agarda por ela.

Polo tanto, preguntámoslle, señora conselleira: ¿cal é a súa opinión, cal é o seu posicionamento, como responsable máxima da Consellería do Mar, a respecto desa autorización de Augas de Galiza?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Considera vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que pode autorizarse, sendo, ademais...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...ilegal, porque non ten declaración de impacto?

Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, moi boa tarde.

A situación climatolóxica que experimentamos en Galicia no arranque do ano foi absolutamente excepcional; basta acudir ao informe de Meteogalicia do pasado mes de xaneiro, no que se reflicte que choveu case o dobre do habitual, en concreto o 92 por cento máis.

Ante esta situación, a Consellería do Mar púxose a seguir de forma directa o estado dos bancos marisqueiros desde o primeiro momento. Por suposto, tamén avaliamos as consecuencias socioeconómicas que derivan do seu estado. Por iso puxemos aos técnicos a prestar apoio ás confrarías que o precisen e o soliciten e xa están a facer traballos naqueles bancos que requiren actuacións.



A rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos creados pola Xunta tamén está a permitir que analicemos a situación das diferentes rías. Buscamos identificar as problemáticas para así planificar unha acción de investigación para tratar de solucionarlas.

Xa sabemos, pola experiencia de anos anteriores, que os efectos dos temporais nos moluscos, aínda que este ano son excepcionais pola súa intensidade, non deixan de ser algo habitual. Falamos dunha consecuencia natural dos períodos de intensas precipitacións, sobre todo nos lugares máis próximos ás desembocaduras dos ríos e con menor profundidade.

Non en balde desde o Intecmar recóllese continuamente información da salinidade da auga do mar en tres redes diferentes: as de case medio centenar de estacións oceanográficas nas diferentes rías, as de dezaseis estacións costeiras e as de seis boias automáticas. Con todo, aínda é pronto para facer un balance global, e hai que agardar a ter unha avaliación completa do estado dos bancos. É necesario o informe detallado da situación, que lograremos configurar coa colaboración das confrarías cara ao final do inverno. Grazas ás mostraxes, definiremos o estado actual do recurso e permitiremos ofrecer alternativas que respondan ás necesidades de cada unha delas.

Falamos dun sector importante, como demostran as últimas cifras pechadas de produción, que amosaban unha tendencia positiva, aínda que vostede manteña o contrario; en concreto, no ano 2022 poxáronse nas lonxas galegas máis de 7.500 toneladas dos distintos moluscos, medio milleiro máis que no ano anterior e mil por riba do volume ao que descendeu no primeiro ano da pandemia.

O noso compromiso para contribuír á recuperación non é cuestionable. De feito, xa foron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as distintas convocatorias de axuda para proxectos colectivos de melloras das zonas de produción e de protección dos ecosistemas: máis de 1,3 millóns de euros destinados ao sector que poden ser empregados para paliar os efectos dos temporais nos bancos marisqueiros.

Levamos traballando intensamente dende o ano 2009 na rexeneración dos bancos marisqueiros e estamos apoiando actuacións como a compra de semente para aqueles nos que se detectou perda de produtividade. Levamos traballando dende o ano 2009, sempre co obxectivo de favorecer tanto a situación do recurso como a mellora dos ingresos dos profesionais do mar. De feito, entre os anos 2009 e 2022 aprobáronse preto de trescentos cincuenta proxectos por importe de máis de once millóns de euros, aos que hai que sumar máis de seis millóns de euros investidos en financiar medio cento de accións impulsadas directamente pola Consellería. Todo isto permitiu actuar sobre máis de dezaseis millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros e a sementeira de preto de douscentos cincuenta millóns de unidades de cría de ameixa.

Só na convocatoria do ano 2022 aprobamos 45 proxectos para a rexeneración de bancos marisqueiros por un importe que se aproxima ao millón e medio de euros, e estas iniciativas incluían accións como a rexeneración de máis de 3,2 millóns de metros cadrados de superficie e a sementeira de máis de corenta e dous millóns de unidades de ameixa.



O ano pasado, grazas a esta estreita colaboración co sector, realizáronse traballos de rexe-neración que beneficiaron as confrarías de Cabo de Cruz, Rianxo, Barallobre, Vilaboa, Carril, O Grove, Vilaxoán, Cambados, Pontedeume, Lourizán, Ribeira, Camariñas, A Illa de Arousa, Pontevedra, Vilanova, Carreira, Aguiño, Raxó, A Pobra do Caramiñal, Vigo, Ferrol, Moaña, Miño, Bueu, Arcade e tamén a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo e a Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa. Penso que non me queda ningunha por citar. Nesta liña estou segura de que imos seguir traballando.

A maiores, os esforzos para mellorar a situación das nosas rías permitiron unha gran evo-lución da situación microbiolóxica, pois dende o ano 2009 ata finais do 2022 houbo unha melloría en 39 zonas de produción de moluscos bivalvos; 11 correspóndense con polígonos de bateas, con 737 bateas beneficiadas, e 28 son zonas de moluscos infaunais, con 143 bancos beneficiados e unha superficie estimada de máis de dezaseis millóns de metros cadrados. As zonas C pasaron de ser máis do 15 por cento do total das zonas de produción no ano 2009 a quedar no 7,5 por cento na actualidade. As zonas A, que representaban tan só o 3 por cento no ano 2009, hoxe supoñen o 16 por cento.

Foron claves nesta evolución os 1.100 millóns de euros investidos pola Xunta dende o ano 2009 en actuacións encamiñadas a mellorar e garantir a calidade da auga e dos servizos re-lacionadas con ela. Preto de seiscientos millóns dedicáronse á mellora integral das rías. Son actuacións que continuarán —tal e como recordou onte nesta mesma Cámara a miña com-pañeira de Goberno, a conselleira de Infraestruturas— coa estratexia para mellorar o sa-neamento e depuración das rías galegas e para rematar as actuacións planificadas no horizonte de 2027. Os investimentos de 228 millóns de euros que se mobilizan sumaranse aos 66 millóns que xa están agora mesmo en execución.

Con este conxunto de accións o que pretendemos é, nin máis nin menos, mellorar a situación ambiental dos nosos bancos marisqueiros, potenciar a súa capacidade produtiva e contribuír a reforzar unha actividade estritamente ligada tanto á cultura como á economía galega, como é o marisqueo; un sector que emprega directamente unhas nove mil persoas, ás que hai que engadir o traballo nas depuradoras, na industria de transformación, na comercialización e noutras actividades vencelladas, que mellorou grazas á súa imparabile profesionalización e que está simplificada especialmente por unha mariscadora a pé con maioría de mulleres. Este é o camiño polo que pretendemos continuar avanzando.

Señoría, aventurarse a avaliar a orixe dos problemas do sector sen datos, sen informes, pa-réceme un pouco ousado. Pola nosa parte, seguiremos traballando man a man co sector e cos investigadores coa certeza de que calquera das xestións e actuacións levadas a cabo polos organismos que integran este goberno son adoptadas sempre baixo un soporte técnico, só-lido e rigoroso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o seu *modus operandi* é sempre o mesmo. Vén aquí lernos unha serie de datos que, segundo vostede... Non sei de onde os quita, realmente non sei de onde os quita, porque, unha de dúas, ou os datos que vostede dá non son certos, ou os que publican en Pesca de Galicia, que están para todo o mundo, tampouco son certos. (*Aplausos.*) Entón, non sei de onde quita os seus. (*Aplausos.*)

Sería bo que, en todo caso, se tivese a ben, cando saiba que ten que explicar aquí o que sexa, nos dese os mesmos datos que ten vostede para poder debater en igualdade de condicións. Porque, claro, vostede dá aquí uns datos que, insisto, non se sabe de onde veñen.

En todo caso, eu quero pedirlle un favor; pero, ademais, de verdade, encarecidamente. Todos eses datos que vostede acaba de dar —9.000 persoas empregadas no marisqueo, iso sen contar depuradoras, etc.—... Efectivamente, por favor —¡por favor, señora conselleira!—, páselle estes datos por escrito ao señor Conde e incluso á señora Nóvoa, porque, a respecto da eólica mariña, eles din que o sector pesqueiro e marisqueiro non representan ningún problema e que son compatibles coa enerxía eólica mariña. (*A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, ri.*) Non, non me fai graza. Non, non, señora conselleira, non sei de que ri. Non, non, estamos ante un tema moi serio. (*Aplausos.*) (*Aplausos.*) Se eses datos que vostede ten só os ten vostede, non serven para nada; entón, pásellelos, cando menos, aos seus compañeiros de goberno para que saiban exactamente o que está en risco colocando muíños a 30 quilómetros de Ferrol ou a 20 quilómetros de Tomiño. (*Aplausos.*) ¡Pásellelos, por favor! (*Aplausos.*)

Ben, e como, claro, non podemos debater en igualdade de condicións porque vostede saca datos aquí que ninguén ten, pois en fin, «yo vengo aquí a hablar de mi libro», ¿verdade? Porque xa vexo.

Mire, señora conselleira, vostede citou aquí unha serie de axudas, unha serie de millóns. É un clásico, ¿non?, millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros. Isto é un clásico, señor Torrado, coñecémolo ben; ben, pois millóns, efectivamente. Pero, mire, se todo está tan ben, se levan dedicados tantos millóns de euros —non de metros cadrados— a rexenerar todos eses millóns de metros cadrados, e máis, ¿quere me explicar vostede, por favor, por que as mariscadoras de Arcade, as mariscadoras de Ferrol, as mariscadoras en xeral da ría de Vigo ou da ría da Arousa están pedindo paros biolóxicos? ¿Por que os pediron os rañeiros? —e, por certo, concedéronselles—, ¿por que os pediu a Confraría de Noia? E así tantas. Insisto, paros biolóxicos que non se lles conceden.

Pero como non quero que se me vaia o tempo —que sempre me pasa—, as preguntas para centrarme son as seguintes. Primeira cuestión: baleirado dos encoros, non hai regulamentos. Vostede —particularmente vostede, pero o Goberno galego— está permitindo, consentindo e sendo cómplice das grandes eléctricas, que baldeiran os encoros cando lles vén ben para aumentar os seus beneficios. E esa auga vai directamente a bancos marisqueiros, que xa están prexudicados, efectivamente, por intensas choivas. Entón, ¿van facer algo con este tema ou van seguir permitindo que as eléctricas campen ás súas anchas? (*Aplausos.*) Primeira pregunta que quero que me responda. (*Aplausos.*)



Segunda pregunta. ¿A vostede parécelle lóxico —xa non digo normal, porque o de normal é moi subxectivo, ¿verdade?; cada un interpreta a normalidade como lle parece—, señora conselleira, que a Consellería do Mar non teña dito nin palabra no tema da autorización de vertidos de augas residuais da mina de San Fins?, ¿parécelle lóxico cando estamos a falar dun dos bancos marisqueiros máis potentes de todo o país, que dá de comer a máis xente directa e indirectamente? ¿Sabe de cantos postos de traballo directos falan as confrarías alí? De 5.000 directos. Claro, todo iso multipliquémolo, ¿verdade? (*A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, xa o sei, señora conselleira, e aí ata seguro que estamos de acordo cos datos. Pero, en todo caso, son miles de persoas que se multiplican, e afectan todo o conxunto da comarca. ¿Vostede dixo algo en todo este procedemento a respecto das augas residuais da mina de San Fins? ¿Vostede dixo algo nos últimos catorce anos a respecto das balsas que hai en San Fins colmatadas de lodos e que son unha auténtica bomba medioambiental que pode explotar en calquera momento na rúa? ¿Vostede dixo algo? Non, non, pareceralle exaxerado o que estou dicindo, pero eu simplemente o que quero é que me responda. ¿Dixo algo? E, claro, se dixo algo, tamén me gustaría saber o que, qué é o que dixo a conselleira do Mar, cando se está falando dun auténtico problemón e cando ten os seus propios alcaldes manifestándose na rúa, precisamente pedindo —non sei se sabe o que piden, porque, claro, as manifestacións non son todas iguais, nunhas pídese unha cousa e noutras pídese outra; vostede non o sabe porque non vai ás manifestacións, pero xa llo digo eu—, na manifestación de Noia, por exemplo, apoiar o acordo unánime do Concello de Noia, da corporación do Concello de Noia, no que se pide, entre outras cousas, a nulidade desa autorización.

O tema de San Fins ten toda a pinta de acabar nos xulgados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A confraría non sei se xa presentou ou vai presentar unha denuncia contra Augas de Galiza. ¿Que ten que dicir a Consellería do Mar a todo isto? Isto é simplemente o que lle vimos preguntar hoxe.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Para o peche da interpelación, a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señora Pérez, a verdade é que falar de datos con vostedes resulta moitas veces imposible. Os datos que dou eu aquí son os datos que ten Pesca de Galicia. Se vostede non os sabe interpretar, xa non será o meu problema, (*Murmurios.*) pero os datos que están son os datos da plataforma Pesca de Galicia. Son datos públicos; o único é que hai que sabelos ler, nada máis lle digo iso.

Pódolle dicir que se vostede vai hoxe á páxina de Pesca de Galicia, poderá comprobar que no mes de xaneiro —ese mes tan crítico, onde houbo tantas choivas e onde segundo vostede



morreu todo, todísimo— se subastaron 462.000 quilos de diferentes moluscos nas lonxas galegas; máis que nos dous últimos anos, ¡catrocentos e pico mil quilos! (*Murmurios.*)

Vostede vén aquí e di unha serie de cousas coas que eu, a verdade, me poño a temblar. Espero que nunca cheguen ao Goberno, de verdade. ¿Como pode dicir que os cartos que veñen de Europa, en lugar de devolvelos, eu os gasto como me dá a gana? Os cartos que veñen de Europa veñen para gastalos onde nos di Europa que hai que gastalos. E se Europa establece que se necesitan 120 días para poder ter acceso a unha axuda, se non se teñen os 120 días, non podo dar as axudas; por moito que me mate eu, non podo. Agora ben, grazas ás apostas do Partido Popular en contra do que no seu día buscaron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, hoxe todas as mariscadoras teñen dereito a unha Seguridade Social, (*Aplausos.*) e hoxe todas as mariscadoras poden cobrar o seu cese de actividade, (*Aplausos.*) cousa que, se fose por vostedes, hoxe non sería posible. (*Aplausos.*) E iso é posible grazas ao esforzo... Vostedes sacaban a xente á calle —vostede non estaba aquí no Parlamento, pero eu estaba na Consellería— para impedir que as mariscadoras tivesen dereito á súa cotización á Seguridade Social.

Na miña primeira parte referinlle como era a situación microbiolóxica das zonas de produción. Vostede sabe que temos o Intecmar, que somos a única rexión de toda a Unión Europea que ten un centro que controla de maneira periódica todas as nosas augas, as zonas de produción de toda Galicia. Temos máis de cen puntos de muestreos, máis de sesenta e seis estacións oceanográficas e máis de seis boias. E en todas esas se controla non soamente a calidade microbiolóxica, senón tamén o contaminante de metais órganoclorados e órganofosforados.

Eu pódolle dicir unha cousa, señora Pérez, a mina de San Fins non se está autorizando; estase autorizando, precisamente, un sistema de depuración das augas que está nas balsas das minas de San Fins. (*Murmurios.*) E hai un seguimento constante tanto de Augas de Galicia como do Intecmar para evitar que chegue ningún tipo de contaminante ás nosas rías. O único goberno que está traballando dende o ano 2009 para mellorar a calidade das rías é este goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque, cando chegamos —díxenllo—, tiñamos zonas de marisqueo prohibidas, porque tiñan zonas C toda a ría de Ferrol, toda a ría de Pontevedra, o esteiro de Vilanova e a ría de Corcubión. Todo isto estaba sen poderse traballar porque eran zonas C. ¿Non é capaz de recoñecer nin sequera iso?

Eu non lle estou mentindo nin veño aquí contar milongas, e teño que falar onde teño que falar. Nós estamos facendo control do vertido que haxa que facer, dende logo, dende o Intecmar, como o facemos sempre. Non teño ningún problema.

Porque vostede fala aquí dos encoros. ¡É que se non tivésemos os encoros...! Houbo tres picos este ano no mes de decembro e no mes de xaneiro onde a cantidade de auga que caeu foi de 300 metros cúbicos por segundo. Se non houbese os encoros, esa auga chegaría de impacto, nese momento, ás rías. Así, cos encoros, regulouse e en ningún momento houbo unha evacuación superior aos 150 metros cúbicos por segundo. E ábrense as comportas precisamente cando está subindo a marea para evitar que se produzan estes aportes de auga doce no momento de baixa mar.



Señora Pérez, de verdade, un pouquiño de rigor. Eu creo que vostede debe de ter un pouquiño de sentido común. Sei que fala con moita xente. Infórmese ben, vexa ben os datos e traia aquí os datos que publica Pesca de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Pasamos ao turno de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Manuel Santos Costa e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a incidencia da sentenza xudicial sobre Ence no recurso interposto pola Xunta de Galicia contra a modificación do Regulamento de Costas impulsada polo Goberno de España

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Manuel Santos, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor SANTOS COSTA: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Moitas grazas por estar aquí para poder responder a un tema tan importante como é a defensa do noso litoral e das nosas costas.

O día 7 de febreiro deste ano será unha data que xa nunca esqueceremos na comarca de Marín, en Pontevedra, e en toda Galicia en xeral. O Tribunal Supremo revocaba a anulación da prórroga de Ence e, polo tanto, isto permitiríalle continuar operando a esta industria nos terreos de Lourizán. Hoxe mesmo enterámonos de que xa se fixo pública a sentenza, e declara sen valor nin efecto as sentenzas que anulaban a prórroga de Ence. Despois dunha dura batalla xudicial, os maxistrados do máis alto tribunal concluíron que se poden prorrogar as concesións anteriores á Lei de costas de 1988 e o requisito ao que aluden é que sempre que consten informes medioambientais favorables.

Con esta sentenza do Supremo gañaba a sensatez e a legalidade, e despois de tantos anos de incerteza os postos de traballo quedaban asegurados na nosa Comunidade. E, dende logo, quedou claro que a prórroga da concesión que se lle outorgou no seu día a Ence era absolutamente legal.

Polo tanto, está claro que o BNG non tiña ningún argumento que xustificase o peche desta industria, nin a contaminación medioambiental nin a seguridade, nada máis que un empinamento e unha postura de querer pechala porque si, sen ter a máis mínima sensibilidade cos traballadores.

Levan anos insistindo no peche da fábrica de Lourizán, pero nunca aportaron ningunha alternativa, nunca buscaron unha solución e non os preocupaba en absoluto o que lles puidese pasar a eses miles de traballadores e de familias que dependían dela.



E, como ben sabemos, contaron en todo momento co apoio dos seus socios do Partido Socialista, que tamén fixeron todo o posible para darlle cobertura ao BNG e facilitar o peche desta empresa, coa Lei de costas, coa Lei do cambio climático e, sobre todo, coa decisión clave de allanarse no procedemento xudicial pola concesión da prórroga de Ence na Audien-
cia Nacional.

Pero, como digo, afortunadamente para os máis de cinco mil traballadores dependentes desta industria, agora teñen dereito a ter paz e tranquilidade despois de tantos anos de incerteza. *(Aplausos.)*

Como ben sabemos, o Goberno de España aprobou o pasado mes de agosto a modificación do Regulamento de costas, que supón un novo ataque á xestión do litoral e que limita o dereito xa recoñecido na lexislación de costas existente, a través dunha norma de rango menor a unha lei, como é o caso do decreto aprobado polo Executivo.

Ante esta situación, a Xunta recorreu no mes de outubro contra esta modificación ante o Tribunal Supremo, ao entender que estes cambios carecen de base e fundamento legal e poñen en perigo as empresas que operan no noso litoral. De feito, este recurso foi admitido a trámite polo Tribunal.

Polo tanto, señora conselleira, visto o fallo xudicial sobre Ence, ¿como afecta o mesmo ao recurso interposto pola Xunta de Galicia contra a modificación do Regulamento de costas impulsada polo Goberno de España o pasado verán?

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

Resposta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, vostede non foi preguntado, de momento. *(Murmurios.)* Non, non, de momento non foi. Vaille responder quen sabe da cuestión, que é a conselleira.

Responde a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Santos, non só podemos facer valoración, senón que temos sentenza. Ata o de agora coñecemos o fallo, no día de hoxe chegounos a sentenza. É bo que a lean os señores do BNG, é bo que a lean tamén os señores do PSOE. *(Aplausos.)*

A sentenza vén dar a razón á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia non quería facer política, simplemente o que quería é... *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
E rinse, vostedes...

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, por favor. Silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Non faciamos política e, de feito, aí temos a sentenza.

O señor PRESIDENTE: Está interrompendo. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Deunos a razón absolutamente en todo. (*Murmurios.*) Os que facían política e quixeron enganar os traballadores e o resto de Galicia foron vostedes. (*Aplausos.*) Levamos tres anos continuados de ataque aos 82 concellos do litoral, tres anos continuados de ataque aos 2.500 quilómetros de costa que ten Galicia, tres anos continuados de ataque desde o punto de vista social, político e tamén medioambiental, por suposto tamén económico. Ao final temos sentenza, xa non só temos o fallo, senón a sentenza. E esta decisión xudicial descarta, sen lugar a dúbidas, que se poida negar o dereito á prórroga ás concesións outorgadas en dominio público marítimo-terrestre antes de 1988, polo que de xeito inequívoco avala a posición que vén mantendo a Xunta sobre as prórrogas das concesións.

Como ben vostede lembra, o Goberno central aprobou no mes de agosto, non contento con todo o demais, unha vez máis con nocturnidade e unha vez máis tamén con aleivosía, un real decreto que introduciu cambios importantes, que afecta tanto as vivendas como as empresas que teñen concesións de antes de 1988. En concreto, o Goberno de Pedro Sánchez, por suposto tamén auspiciado polo BNG —non foron en solitario—, rebaixou a duración das novas concesións de setenta e cinco a trinta anos, e tamén reduce a trinta anos as prórrogas extraordinarias, prohibíndose estas *de facto*.

E hai que ser valentes e, polo tanto, hai que dicirle á sociedade, hai que dicirlles aos galegos e ás galegas que é o que pretendía neste caso o PSOE, tamén o BNG. E non queren ser aludidos, pero eu creo que é bo, ¿non?, unha vez máis recordalo.

Tendo en conta a importancia destas modificacións e que ademais se fixeron sen reformar nin derrogar a Lei de costas do ano 2013, dende a Xunta de Galicia o que decidimos foi recorrer ante o Supremo contra esta reforma do Regulamento xeral de costas.

De feito, o noso recurso foi admitido a trámite polo Tribunal e o pasado mes de xaneiro formulamos a demanda.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Non podemos estar de acordo con decisións que supoñan unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e outra vez unha grande inseguridade xurídica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Réplica, señor Santos.

O señor SANTOS COSTA: Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta e pola súa preocupación por querer garantir o mantemento das miles de edificacións públicas e privadas no dominio público marítimo-terrestre e, polo tanto, por defender os intereses de Galicia e das súas competencias na costa.

Porque, de feito, esta modificación do Regulamento de costas aprobada polo Goberno de España, entre outras cuestións, introduce cambios substanciais que afectan tanto as concesións de vivendas particulares como as empresas localizadas en dominio público marítimo-terrestre con concesións anteriores á Lei de costas de 1988. Concretamente, rebaixa a duración das novas concesións dos setenta e cinco a trinta anos e tamén reduce a trinta anos as prórrogas extraordinarias.

Entendemos que por cuestións como esta é polo que a Xunta de Galicia recorreu contra esta modificación ante o Tribunal Supremo ao entender que estes cambios carecían de base e fundamento legal e, como digo, poñían en perigo as empresas que operaban no noso litoral. E agora, a maiores, coa recente decisión do Tribunal Supremo sobre esta situación de Ence en Pontevedra, deixa moi claro que a decisión de prolongar a concesión á pasteira sesenta anos máis foi totalmente legal, tanto polos usos que realiza como polo tempo de duración da prórroga.

E, por outro lado, temos coñecemento, a través dos medios de comunicación da Comisión Europea, de que a Comisión enviou unha carta de emprazamento ao Goberno de España a fin de abrir un procedemento de infracción —segundo di— por non garantir un procedemento de selección transparente e imparcial para a adquisición de concesións relativas ás zonas costeiras, e que a posibilidade de prorrogar as concesións existentes por un período de ata setenta e cinco anos sen xustificación é contraria ás normas da Unión Europea.

Polo tanto, señora conselleira, tendo en conta que sobre o litoral se exercen competencias exclusivas desta comunidade autónoma, ¿ten a Xunta de Galicia máis información sobre ese procedemento sancionador?

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Dícialles anteriormente que foron tres anos de traballo continuo e agora estamos un pouco preocupados. Estamos preocupados polo inicio do procedemento de infracción contra España posto en marcha pola Comisión Europea e do cal tivemos coñecemento a través da páxina da Comisión e, por outro lado, a través dos medios de comunicación. Non é un só procedemento, senón que se abriron vinte e catro procedementos a outros tantos países.

Non temos ningunha información ao respecto e a lóxica impúlsanos a pedirllas información. Primeiro, porque somos a comunidade que máis costa temos e, por outro lado, porque é xusto que o Goberno central nos diga que é o que está acontecendo.

Polo tanto, ante isto a semana pasada remitín dúas cartas: unha, ao secretario de Estado para a Unión Europea, e outra, á ministra para a Transición Ecolóxica, das cales aínda non teño resposta e agardo que, ao igual que se fixo todo isto con nocturnidade e aleivosía, agora sexan claros e polo tanto nos digan que é o que está a acontecer.

Creo que é necesario e ademais imprescindible que o Goberno galego coñeza en profundidade este procedemento sancionador que está agora mesmo aberto. Para Galicia o ámbito da costa é especialmente relevante. Queremos estar ao carón da xente da costa e, polo tanto, queremos saber cales son as comunicacións que se están mantendo entre os distintos ministerios e a Comisión Europea. É moi importante saber que tipo de comunicacións hai.

Ao mesmo tempo tamén é moi importante saber o contido da carta de emprazamento, porque non será a primeira vez que dende a Comunidade Autónoma se pasan uns datos, datos que despois se terxiversan, ou fíxense, igual por casualidade, hai erros e entón o que lle chega á Comisión Europea nada ten que ver coa realidade que aquí acontece. Polo tanto, é bo ter esa información.

Cómpre lembrar que Galicia ten competencias exclusivas dentro do que é a ordenación do litoral. Europa o que pon en dúbida son as renovacións automáticas das concesións. No caso de Galicia non hai renovacións automáticas, senón que hai extraordinarias e ademais seguen un procedemento que é o procedemento ambiental, e, de feito, a Lei de costas impón expresamente requisitos de carácter medioambiental, que se deben valorar para outorgar a prórroga. E iso é o que fai a Comunidade Autónoma.

Polo tanto, dende a Xunta de Galicia estamos agora mesmo tranquilos, pero queremos saber que é o que está acontecendo. E, por outro lado, seguimos traballando, porque creo que hai que avanzar, e traballamos no Anteproxecto de lei de ordenación do litoral, que en ningún caso —dígoo para que non haxa dúbidas— se ve afectado por este procedemento. E non se ve porque o Anteproxecto de lei de ordenación do litoral está fundamentado nas recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello relativas á aplicación da xestión integrada...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...de zonas costeiras de Europa, así como na... *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reparación e o mantemento estrutural das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Señor presidente.

Señora conselleira, boas tardes.

Dende o BNG moi sinceramente lamentamos ter que tratar este tema a día de hoxe aquí, como estamos certos de que probablemente vostede tamén moi sinceramente lamente que teñamos que tratar este tema no día de hoxe aquí. Esencialmente porque esta iniciativa trata de tres cousas: unha falla de respecto a esta institución, unha falla de respecto á cidadanía, unha mala xestión dos recursos públicos e unha ausencia na necesidade de determinar responsabilidades, no máis amplo sentido da palabra, en diferentes eidos.

En setembro de 2021 diferentes veciños de 52 vivendas de promoción pública do barrio de Covadonga de Ourense denunciaron, esta vez publicamente, porque xa en anos anteriores o fixeran de maneira particular e reservada, as múltiples deficiencias que padecían as súas vivendas, vivendas que na meirande parte dos casos son de propiedade da Xunta de Galiza e están en réxime de alugueiro.

As deficiencias eran tanto estruturais como de execución de obra, como nos materiais empregados e tamén no mantemento do edificio; deficiencias que afectaban tanto o saneamento como o sistema eléctrico. Manifestaba unha veciña: temos problemas coa electricidade e ata a placa de cableado énchese de auga.

Comprobaron persoalmente diversas persoas do BNG como na garda do ascensor caía a auga da choiva directamente nas persoas, como apreciablemente entraba auga polas portas das vivendas e polas fiestras dos patios interiores, como as placas do illamento se desprendían, como as conducións eléctricas estaban á vista e á intemperie e as instalacións de servizos do faiado non estaban sequera en funcionamento despois de sete anos.

Presentamos diversas iniciativas en setembro de 2021 e en maio de 2022 —agradecemoslle a axilidade desta consellería— a Xunta de Galiza remite resposta a este parlamento indicando —e cito textualmente—: todas as comunicacións sobre posíbeis incidencias puntuais no interior das vivendas ou en zonas comúns foron atendidas, realizando as obras necesarias. Resposta que reiteraron en outubro, resposta que reiteraron mesmo no mes pasado.



E por iso as nosas preguntas, señora conselleira. ¿En maio de 2022 constáballe a existencia de deficiencias nestas vivendas —detéñome especialmente no apartado eléctrico—, que afectaban a habitabilidade e que, especialmente referido ao sistema eléctrico, en moitos casos constituían un risco? Se sabían desas deficiencias, ¿por que mentiron a este parlamento? Se sabían desas deficiencias, ¿por que non as corruxiron? E, sobre todo, ¿fixeron algo para determinar algunha responsabilidade, construtiva ou non construtiva —porque todos sabemos o que pasou polo sistema eléctrico en xaneiro deste ano, onde perderon a vida dúas persoas—?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ¿Fixeron algo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...para determinar ou contribuír...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Iago Tabarés.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Tabarés, eu non lamento —e vostede tampouco debe lamentar— que falemos deste tema no Parlamento; primeiro, porque somos a voz do pobo.

En segundo lugar, non sei que deixou entrever vostede; parécenme moi grave certas acusacións que parece que quere verter vostede. Se hai un procedemento xudicial, a Xunta de Galicia única e exclusivamente o que vai facer é colaborar. Pero ata lle agradezo que me faga esta pregunta, primeiro, porque coñezo a realidade destas 52 vivendas; nelas levamos investidos 200.000 euros para solucionar as deficiencias dun proxecto orixinal.

Esqueceulle dicir algo, que é fundamental. Seguramente vostede non estivera, pero aquí quen herda os meus bens herda tamén os meus problemas. E, polo tanto, eu quérolle dicir que sabe vostede que esta obra foi impulsada no seu día polo Bipartito. As vivendas foron froito dun innovador concurso de ideas, que contaba con ata 50.000 euros en premios —naquel entón era a metade dunha vivenda—, que gañou un estudo de arquitectura que recibiu 256.000 mil euros, cun proxecto innovador e moderno —iso non llo discuto—; ben é certo que non é un proxecto para Galicia, esquecéronse de que en Galicia chove, unha realidade que vostede supoño que non negará e que está causando problemas entre as familias que viven nestas vivendas.



Fala vostede, por exemplo, do ascensor, e eu fállolle de datos: setembro de 2006, publícase o concurso de ideas; novembro de 2007, sácase o anuncio de licitación, foi adxudicado no ano 2008; en xuño asinouse o contrato de execución; olvidáronse durante un ano. O atraso no remate das vivendas dígolle eu polo que foi causado: polo incumprimento da empresa contratada. En marzo do ano 2012 tivemos que rescindir o contrato, despois de moitas reclamacións. Licitouse de novo aos catro meses.

A conclusión pois é a seguinte: hai un proxecto en que o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto, porque así o fixou o proxecto; non hai voladizos, porque así o fixou o proxecto; o patio interior descuberto está como se deseñou; a separación entre pasarelas e peches está determinada polo proxecto; o que vostede chama sistema eléctrico á vista tamén se deseñou así polo proxecto, con caixas non estancadas, que por suposto están dando problemas; o recubrimento das fachadas —incluídas as partes que levan chapa— tamén foi proxectado así.

Polo tanto, hai que recoñecer que o proxecto sería moi bo, o seu deseño, pero desde logo non estaba adaptado para Galicia. Por non dicir que os paneis solares si funcionan dende o primeiro día, pero o sistema de recollida de auga non funciona, e ¿por que?, porque debía de funcionar grazas a uns eólicos que se ían instalar no tellado...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...pero é que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica, señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Brevemente.

Cando falamos de que hai vivenda pública, estaba claro que estaba feita polo Bipartito, porque vostedes en Ourense non fixeron ningunha. *(Aplausos.)* Pero, en todo ese relatorio, vostede, seguramente involuntariamente —aínda que empezo a ter dúbidas—, omite certas cousas.

Efectivamente, adxudicouse e formalizouse o contrato en 2009, pero no 2010 houbo unha modificación do proxecto, a primeira —xa non gobernaba o Bipartito, desgraciadamente para o país—. En 2010 permitiron un cambio de materiais, sen custo; non sei se sería porque a construtora encarecía ou puña mellores materiais. No 2011 a 2013 deixaron a obra ao pairo, sen ningún tipo de cobertura; e por iso algúns dos problemas do día de hoxe derivan desa ausencia. No 2015 houbo modificacións posteriores.



Por tanto, probablemente o deseño do proxecto estaría mal, pero modificacións fixeron como para poder ter emendado todas as eivas que había. *(Aplausos.)* E se existían eivas, se lles cho-vía, ¿como deixaron de 2016 a 2023 que lles siga chovendo directamente e que sigan con esas vivendas anegadas?

Pero, en todo caso, isto, efectivamente, xa era totalmente previsíbel, que a culpa de todo a tivera o Bipartito, aínda que non tiveramos a culpa, pero non de mentir a este parla-mento. Porque, cando nos estaban dando esa resposta de que todas as deficiencias foran corrixidas, vostedes tiñan un informe que advertía —un informe de maio de 2022— dunha cantidade enorme de deficiencias que tiñan esas vivendas, *(Aplausos.)* e dáballes absoluta-mente igual. *(Aplausos.)* E algunhas desas deficiencias que tiñan esas vivendas atinxían ao sistema eléctrico.

E eu non digo que sexa responsabilidade de ninguén. Simplemente digo que este informe debía de ser remitido á autoridade competente que está a investigar a causa do accidente. E a causa, segundo a prensa, fala dun fallo no mecanismo eléctrico, non sei se privativo ou non privativo, pero cando menos parece que é cuestión a investigar.

Señora conselleira, eu o único que pido é: primeiro, que executen as obras, as obras non só de mantemento e conservación, senón as obras que impidan que a esas persoas, mentres agardan polo ascensor, lles chova encima...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que lles entre a auga na casa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e que, efectivamente, as placas solares...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Tabarés, grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Non mentimos a este parlamento. Si é certo que para vostedes é doado, e é tan doado como dicir que non chova onde teñen os ascensores. Pois direille unha cousa. Se vostedes a solu-ción que propoñen é cubrir o patio, eu téñolle que dar outra resposta, porque sabe que iso



computa como edificabilidade, ¿verdade?, e, dende o punto de vista urbanístico, iso non se pode facer. Iso é a gran realidade, non é outra. Á parte, é que incumpriríamos totalmente as normas de habitabilidade, porque hai un proxecto e hai unha licenza, cumpre esa licenza con ese proxecto, e, de repente, non podemos alterar e poñer máis edificabilidade. É que non é tan doado. Iso por un lado.

Por outro, aquí non discutimos se era bonito ou feo o proxecto; sería fermoso, pero non estaba adaptado a Galicia. E, polo tanto, non estando adaptado a Galicia, deu os seus problemas. Problemas nos cales xa investimos 52.000 euros na protección con metacrilato das fachadas, os lavadoiros e os tendais; en protexer as zonas de acceso aos ascensores, para cubrir os fosos, que se teñen inundado en moitas ocasións; para mellora da seguridade das portas de entrada; para a instalación de protección baixo as reixas exteriores, para que non entre auga dende os xardíns ata as escaleiras —imagine como é isto—; no cambio tamén de instalación dos interfonos, así como o cambio de detectores de presenza nos corredores.

E agora, no mes de xaneiro, licitouse outro contrato, un contrato de 146.000 euros, que completan obras de mantemento, de pintura nas zonas que están expostas, onde se van limpar e se pintarán as lousas de formigón, onde se vai mellorar a impermeabilización das losetas hidráulicas, onde se van solucionar os problemas de escorrentía de auga sobre as portas de entrada —nalgúñas das vivendas, porque en todas non podemos, porque temos unha opción: ou tiramos o proxecto íntegro ou, se non, é imposible, é inviable—, onde por suposto se van cambiar algunhas das caixas eléctricas de derivación nas pasarelas de acceso ás vivendas, onde se van limpar as cubertas e sumidoiros e se vai instalar unha liña para mantemento de paneis térmicos.

En resumo, problemas e máis problemas derivados dun proxecto no cal se comezou a licitación, correron moito, anunciárono e despois durante un ano fíxese que non mandaron comezar as obras. Sabían vostedes perfectamente que tiñan problemas, e de aí que a empresa chegou un momento en que decidiu «marcho», e houbo que quitar de novo a licitación. Esa é a realidade.

Agora —dígolle— son xa preto de 200.000 euros investidos pola Xunta de Galicia para intentar solventar parte de todos estes inconvenientes e, polo tanto, que non o teñan que sufrir as familias. E direille:...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
...sexan prudentes...

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, conselleira.

(Aplausos.)



Pregunta de D^a Paula Prado del Río, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coas rebaixas de condenas e excarceracións que están a ter lugar en Galicia en aplicación da Lei 10/2022, do 6 de setembro, coñecida como a Lei do só si é si

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

O Goberno que se facía chamar o máis feminista da historia da democracia de España resultou ser o que máis lles ten feito ás conquistas feministas. Foron quen de aprobar unha lei que na práctica provocou a rebaixa da condena de 721 agresores sexuais, máis de 74 deles saíron á rúa antes de tempo. En Galicia falamos de 52 agresores sexuais beneficiados por esta lei, 6 xa están na rúa, e 82 anos de redución de penas. Unha chapuza lexislativa sen parangón, señora conselleira. E, lonxe de facer autocrítica e rectificar, botáronlles a culpa aos xuíces fascistas. Aínda hoxe falan de erros na interpretación e na aplicación. A ideoloxía por riba da razón e da defensa dos dereitos das mulleres.

Cando a esquerda radical iniciou os traballos desta lei, fíxoo baixo o slogan de deixar atrás o Código penal *da manada*. E hoxe, a pesar das terribles consecuencias da súa aplicación, non abandonan o slogan. Dous son os argumentos de quen non quere rectificar e, entre eles, o Bloque Nacionalista Galego: un, defender a nova regulación, na que se elimina o consentimento, porque, segundo din eles, pois se protexe máis e mellor as mulleres; e, dous, di que a modificación suporía volver ao Código penal *da manada*.

Ambas as afirmacións son falsas, e digo por que. Primeiro, sobre o consentimento. O pasado 1 de marzo o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu un informe sobre as reducións das penas consecuencia da aplicación da Lei do só si é si. ¿E que dixo sobre o consentimento? Pois mirenen, sobre as reducións de penas, máis da metade das rebaixas dos últimos meses benefician agresores de nenos e nenas; producíronse absolucións en todos os casos do delito de abuso sexual mediante engano a menores de 16 e 17 anos. No caso do Tribunal Supremo, das 26 sentenzas sometidas a revisión, en 10 foron reducidas as penas a pedófilos e pederastas. E agora o grande avance é que se considera que non é delito se existe consentimento aínda que teñas 14 anos, non se castiga salvo que quede demostrada a violencia ou a intimidación.

Poño casos: reduciron de oito a seis anos a condena a un home por abuso sexual á súa hijastra de 13 anos; outro, un profesor que abusou de menores de forma continuada, reduce cinco anos a súa condena porque había consentimento prestado por maiores de 16 anos. Di a Audiencia Provincial de Madrid neste caso que hai unha relaxación da normativa para aqueles casos nos que hai consentimento prestado por persoas maiores de 16 anos, neste caso con regalos de patinetes e de cartos en metálico; así recollen o consentimento dos menores.

Pero iso parece que á esquerda non a preocupa, parece que o escombros do feminismo no que converteron este momento na historia de España é o peor feminismo que temos agora na esquerda radical dos nacionalistas e de Podemos.



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Grazas, señora Prado.

Efectivamente, na Lei do só si é si, na Lei 10/2022, agora mesmo en Galicia, se temos en conta todas as resolucións, son máis de 100, entre autos e sentenzas, as que se revisaron. Estamos case en 800 casos de revisións en España e ademais non todos son públicos —como saben—, e máis de 70 excarceracións. A ministra Irene Montero sinalou que as rebaixas de penas son minoría.

E vostede pregunta cal é a opinión e a valoración que fai o Goberno. Ben, pois o Goberno de Galicia entende que é indecente que unha ministra considere minoritarias as cifras que acabamos de dicir, da peor lei seguramente que ten saído dun goberno desde que hai democracia. Eu díxeno creo que moitas veces e publicamente: para min o problema non é o erro —o erro podémolo cometer todos—; o problema é que, cometido o erro, non se reconece e aínda por riba se consideran minoritarias as consecuencias. Co cal, isto, sen dúbida, é indecente, e é indecente que, ante un erro desta magnitude, os socios do Goberno do Estado non teñan sido capaces ata o de agora de modificala, sen facer máis dano.

Esta norma naceu claramente do sectarismo ideolóxico de Unidas Podemos e xera unha inseguridade xurídica que xa se advertiu e que é clara. E evidencia —que para min é o máis triste e o máis grave— o fracaso político de Sánchez de non conseguir gobernar e de non conseguir gobernar os seus ministros. Non controla ni manda no seu Goberno, ten unha incapacidade manifesta —e demostrouno onte— de arranxar esta lei contando cos socios da coalición.

E, sen dúbida, a protección das vítimas o que non pode xerar de ningún xeito, de ningunha maneira, é desencontros ou xerar debate, como se amosou hoxe no Congreso dos Deputados. Dun goberno, ademais, que tivo a desfachatez de considerarse ou de autocualificarse o máis feminista da historia.

A secretaria de Estado de Igualdade, porque si está relacionado, tivo a desfachatez, a mesma que o seu presidente, de presentarse en Galicia e de dicir que o problema que había en Galicia coa Lei do só si é si son os centros de crise vinte e catro horas, e chegou a dicir textualmente: «*Nunca había sido tan necesaria como ahora la presencia de feministas en las instituciones. En Galicia tendría que haber, por ejemplo, cuatro centros de crisis para mujeres violadas y no hay ninguno. Le pido al PP que se tome en serio la protección de las mujeres*». Supongo que por feministas en las instituciones se autodenomina y denomina a su ministra.



Y lo que sí tengo que decir es que Galicia está en tempo e forma respecto dos centros de crise. Non hai ningunha comunidade autónoma, ningunha, que ao amparo desta lei teña creado os centros, co cal... (*Murmurios.*) Non hai dúas, non; Asturias e Madrid crearon os centros municipais con anterioridade á lei. Co cal conviría que non intentasen solapar os problemas desta lei con cuestións onde os gobernos estamos cumprindo, como repito, en tempo e forma. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu falaba antes do consentimento, pero é que outro dos argumentos que utiliza a esquerda radical e os nacionalistas é non volver ao Código penal *da manada*.

Hoxe mesmo liamos unha noticia que dicía o seguinte: «*La Ley del sí es sí también favorece a las manadas. El fiscal pide bajar la pena por una agresión grupal. Es claro que la nueva normativa resulta más favorable*» —entre comiñas—. *Esto lo dice el fiscal, afirma la Fiscalía del Tribunal Supremo respecto a los tres condenados de la manada de Badajoz: «El suelo de la pena es muy inferior a los trece años y seis meses impuestos en la sentencia que aplicó hoy la derogada regulación. La derogada regulación es el denominado Código penal de la manada y este código es el que permitió agravar la condena en el caso de la manada de San Fermín y también, más recientemente, en el caso de la manada de Sabadell. Con la Ley del solo sí es sí, en cambio, los miembros de la manada de Badajoz podrán ver reducida su condena.»*

Señorías, ¿que pasa? ¿Que o fiscal é fascista? ¿Ou resulta que a Fiscalía xa non depende de quen depende? ¿Ou será, señorías, que hai manadas de primeira e manadas de segunda, manadas nacionalistas e manadas podemitas? Pois ¿non será, señorías, que os nacionalistas van polo mesmo carril que todos pero en dirección contraria e pensan que son os outros os que imos en mal camiño, en mala dirección? (*Aplausos.*)

Eu apelo á conciencia, e, se lles queda algo de feminismo nesa escombreira na que a converteron, eu pídolles que rectifiquen, que pensen nesas mulleres e nenas que ven agora como os seus agresores saen á rúa antes de tempo ou ven reducidas as súas penas. Porque vostedes onte, con todas as liortas que acaba de dicir vostede, señora conselleira, no Congreso dos Deputados, demostraron que son os do «¿que máis terá?»; dálles igual a dor das vítimas, dálles igual retroceder na conquista dos dereitos das mulleres e dálles igual todo con tal dos datos electorais.

Estamos, señorías, ante un goberno en ruínas, e agora a señora secretaria de Estado...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Rematou o tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o que nos di xa é onde e como temos que manter relacións sexuais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)



Terminou o seu tempo, como os demais, terminou.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

A loita pola igualdade e contra a violencia de xénero tería que estar por riba de calquera postulado político e ideolóxico e, dende logo, non é, como parecen pretender que sexa, unha competición ou unha carreira de patio de colexio, onde a ver quen é o que vai gañar. Ten que enfrontarse con seriedade, coa seriedade que merece, e, dende logo, con unidade. Eu estou convencida de que, se non se afronta con unidade e con seriedade, seremos incapaces de conseguir avances, porque necesitamos do traballo de todas e de todos.

Quero lembrar outra vez as cifras do Goberno máis feminista da historia da democracia: 800 rebaixas de condena, 70 agresores sexuais máis na rúa. Esta norma que se denomina do «si é si» máis ben é a norma do «non é non», da que non atendeu nin tan sequera as advertencias do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Avogacía, do Partido Popular, a que non tivo en conta en ningún momento as vítimas e a que, dende logo, está claro que, tal cal está redactada, non serve para loitar contra as violencias.

E reiterar que nós, dende logo, dende o Goberno de Galicia, imos seguir ao carón das mulleres, pero sen sectarismos de ningunha clase, sen adoutrinamentos e sen pensar tampouco que somos os inventores do feminismo, como pensan outros gobernos ou outras ministras.

Como antes comentei, efectivamente, nós imos executar esa medida, que está na Lei do si é si, relativa aos centros de crise. Ademais, acabamos de transferir xa á Consellería de Sanidade 2 millóns de euros para comezar cos catro centros.

Pero, aínda que non sexamos os inventores do feminismo, en Galicia xa se facían cousas antes desta lei en relación coas vítimas de violencia sexual e as súas familias. E levamos traballando xa dende o ano 2019 con eses programas que tamén quero poñer en valor, porque parece que antes disto non se facía nada e foron elas e foi este ministerio e foi este goberno o que descubriu que había que facer programas relativos a este tipo de intervencións.

Levamos traballando cun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia e de abuso sexual. Dende o ano 2019 xa atendemos a 337 persoas, o programa Liana, coa Fundación Meniños. E no 2022 estreamos outro programa máis, o proxecto Recorpórate, baseado na intervención psicolóxica coas vítimas e o adestramento físico de forza para reducir a súa sintomatoloxía traumática; e xa participaron este ano 2022 quince mulleres.

Co cal reitero que nós sempre imos dicir «non» aos postulados autoritarios ou sectarios e aos que, dende logo, pretenden utilizar as mulleres para facer políticas que —repito— son pouco serias. E, dende logo, tamén diremos «non» a leis coas que gañan os delinquentes e perden as mulleres.

Máis nada, grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de choque previstas por parte do Goberno galego para loitar contra a fenda salarial

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, hai 166 anos as mulleres obreiras do téxtil en Estados Unidos fixeron unha folga reclamando mellores salarios e mellores condicións laborais. Hoxe en Galicia temos que seguir reivindicando mellores salarios e mellores condicións laborais para que se elimine a brecha de xénero, porque as mulleres galegas perciben un salario medio similar ao que cobraban os homes hai trece anos e a cantidade que deixan de percibir nun ano achégase aos 2.500 millóns de euros en Galicia.

É imprescindible botar man dos datos, e para iso utilizarei o último informe publicado a finais do mes pasado polo sindicato UGT. En Galicia a brecha salarial é do 19,1 por cento, o que provoca que as traballadoras galegas perciban case 5.000 euros menos ao ano. Esta brecha sobe ata o 30,4 por cento se se analiza só o sector privado.

No caso das mulleres que perciben pensión de xubilación, a brecha é dun 34,5 por cento, unha cifra escandalosa, porque no ano 2002 a diferenza da contía das pensións de xubilación era de 188 euros e agora elévase ata os 434 euros.

Se realizamos unha análise da retribución por hora, as mulleres galegas perciben 13,78 euros/hora e ocupan o quinto posto pola cola; só sofren retribucións máis baixas Andalucía, Canarias, Extremadura ou Murcia. En Galicia, 13,78 euros —reitero—, fronte aos 18,99 euros/hora no País Vasco.

O salario medio das traballadoras galegas é dun 9 por cento inferior á media do Estado, alcanzando, como antes refería, unha diferenza do 24,6 por cento no caso doutras comunidades autónomas.

A razón detrás desta brecha que sofren as mulleres está relacionada co modelo de contratación que soportan, que sofren unha parcialidade non querida senón imposta, unhas carreiras profesionais menos estables por asumir en moitas ocasións os coidados de fillos e familiares e por ter máis representación en sectores precarizados, o que conduce tanto no presente laboral como no futuro de cara á xubilación a situacións que rozan o risco de pobreza ou exclusión social.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista instou a implantar medidas de emprego que perseguían acadar a igualdade de mulleres e homes existentes cando o PP accedeu ao Goberno e crear un observatorio —observatorio, non comisión, jeh!— de seguimento das medidas de emprego, que persiga acadar a igualdade de mulleres e homes implantadas pola Xunta



de Galicia, dando conta das conclusións emitidas polo citado observatorio de forma trimestral no Parlamento, e votaron que non.

A pregunta é clara: ¿que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, comparto con vostede que a día de hoxe, dende logo en pleno século XXI, segue existindo clarisimamente e tamén en Galicia esa desigualdade, esa brecha salarial entre mulleres e homes. Pero eu creo que se teñen logrado progresos, pese aos datos que vostede di, e non digo que oculte, pero non menciona o ritmo de crecemento que levan os salarios das mulleres en Galicia en relación cos dos homes, onde estamos de primeiros na media nacional.

Se nos remontamos dende o ano 2008 ata o de agora, o incremento dos salarios das mulleres galegas é dun 22,83 por cento; a media nacional é do 18,81 por cento. Somos a cuarta comunidade con maior ritmo de incremento de salarios femininos, do 8 por cento ao 20 por cento. Temos un descenso continuado da fenda salarial das mulleres dende o ano 2016; pasamos do 23,05 por cento ao 19,11 por cento, que supón unha redución de case catro puntos. E coa estatística oficial da Axencia Tributaria, en Galicia a fenda é dun 18,57 por cento e a estatal é superior, de 19,86 por cento. Co cal pois tamén temos que dar os datos bos.

Con todo, evidentemente, hai que continuar, que aínda existen moitísimas diferenzas, e por iso temos que seguir traballando, traballando con unidade, cunha mensaxe clara por parte dos poderes públicos, pero traballando tamén co mundo empresarial.

Temos ese oitavo Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, onde saben que incidimos especificamente, lle damos especial relevancia á empregabilidade, ao emprendemento, á eliminación da fenda salarial. E temos que traballar coa concienciación da sociedade en xeral, como dicía, pero coas empresas en particular.

Ese informe do que vostede falaba de UGT, efectivamente, sinala razóns da brecha salarial, pero di que son complexas e que van máis alá e exclusivamente da propia remuneración polo mesmo traballo e van moi vinculadas en moitas ocasións, como vostede mencionaba tamén, á necesidade de que as mulleres poidan acceder a postos superiores e poidan prosperar na súa carreira profesional. Por iso a necesidade de cambiar mentalidades e por iso estamos incidindo especialmente nas medidas de responsabilidade social e empresarial vinculadas á sostibilidade no eido da igualdade.

Estamos traballando tamén cos sectores que están máis masculinizados, e que, polo tanto, fan que as mulleres non entren nesas carreiras profesionais, co terceiro Programa de muller



e ciencia 2022-2025, que ten o orzamento máis alto da historia, máis de 44 millóns. Continuamos incidindo, insistindo na incorporación da muller no mercado laboral, co Plan de emprego á muller 2023; na segunda edición contamos con chegar a 12.000 beneficiarias.

E, como dicía, é fundamental a formación das organizacións empresariais en materia de igualdade. Con ese campus virtual de formación temos xa 3.000 persoas usuarias agora mesmo.

E todo isto vaise elevar, como dicía antes, a rango de lei, porque todas as medidas de benestar laboral, de racionalización de horarios, de flexibilidade, de corresponsabilidade e conciliación pasan agora a ese título de benestar laboral na nova Lei de igualdade autonómica.

De momento, máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

É certo que houbo progresos, pero as medidas que está adoptar a Xunta de Galicia demóstranse, conselleira, insuficientes. Pola contra, o Goberno de Pedro Sánchez adoptou a mellor ferramenta feminista, una medida que reduce a brecha salarial e beneficia de forma directa as mulleres da nosa Comunidade Autónoma, que é a subida do salario mínimo interprofesional, e que vostede criticou publicamente. (*Aplausos.*)

Dende o ano 2018 o salario mínimo (*Murmurios.*) —si, si— incrementouse de 735 a 1.080, unha subida do 47 por cento, fronte ao raquíctico 14 por cento que aplicaba Rajoy, o seu partido. Unha medida que beneficia en maior medida as traballadoras galegas. E non o digo eu, dino todas as organizacións sindicais da nosa Comunidade e os datos.

En Galicia beneficiáranse desta subida 100.000 traballadores. ¿Coñece o retrato dos beneficiados por esta medida, señora conselleira? A maioría, mulleres, porque estas seguen a ter salarios máis baixos e ocupan maioritariamente os sectores máis afectados polo salario mínimo interprofesional, como empregadas de fogar ou hostalería, que vostede o sabe ben. Polo que esta medida as beneficia en maior medida.

E, por comunidades autónomas, Galicia é das cinco comunidades máis beneficiadas. Reduce o número de días que as mulleres traballan gratis. A Xunta non adopta medidas de calado para loitar contra a brecha salarial. Por iso, actúe con actuacións —como dicía, como a creación do Observatorio— de seguimento das medidas de emprego, que persigan acadar a igualdade de mulleres e homes implantadas pola Xunta.

E en canto ás declaracións, téñoas aquí: «A conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, criticou a forma en que o Goberno central decidiu esta semana subir o salario



mínimo interprofesional, porque consideraba que non é o momento e porque non contaba co apoio da Confederación Española de Organizacións Empresariais». Quero dicir: isto díxoo non este ano, noutras subidas salariais, co cal creo que esta subida, que é —como dicía— a mellor ferramenta feminista que está a afectar a Galicia, que sexa criticada pola responsable de Igualdade e de Emprego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, agradezo que lese as declaracións —que hai moitas desa índole—, pero non vai encontrar ningunha onde eu critique a subida. Eu o que crítico é que a subida se fixera fóra do diálogo social. E vou seguir criticando isto. O que non se pode é levar a cabo subidas salariais fóra do diálogo social, cando o propio Estatuto dos traballadores lle ordena ao Goberno que teña en conta a situación socioeconómica. E —que eu saiba— a situación socioeconómica sábenos os axentes sindicais pero tamén os empresariais. Entón, eu o único que critiquei é a forma. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —Estao dicindo vos—, eu en ningún momento dixen que non fose adecuada a subida. Entón, hai que ter coidado co que se di, porque eu sei as declaracións que fixen e sei o que penso ademais sobre a cuestión.

Ben, vostede di que as políticas que estamos levando a cabo non son suficientes; sen dúbida ningunha; sempre se pode facer máis e os datos hai que melloralos; eu sempre parto desa base. Pero si creo —e dicíao o presidente da Xunta hoxe pola mañá— que tamén hai que ter en conta que hai datos bos en relación tanto coa taxa de actividade como coa brecha salarial, como coa taxa de ocupación, como co paro feminino en Galicia. E tamén hai que reivindicálos.

No último ano a poboación activa feminina aumenta entre 16 e 64 anos ata un 71,23 por cento en taxa de actividade, por riba da media nacional. E subimos 1,68 puntos, mentres que España sobe 0,28. A ocupación feminina aumenta en 2 puntos respecto de 2021, 2,1, superior á rexistrada no conxunto do Estado, o que incide nun maior nivel de igualdade, evidentemente, na ocupación en Galicia por xénero. Temos a mellor taxa de paro feminina dende o ano 2008. E os salarios das mulleres incrementáronse a maior ritmo que o dos homes dende 2017, co cal, iso que vostede di de que é debido exclusivamente —dicíao agora mesmo sobre o salario mínimo interprofesional—, se isto vén dende o ano 2017, quere dicir que a redución da fenda salarial vai vinculada a que os soldos das mulleres rexistran *per se* unha maior subida dende o ano 2017 que a dos homes. Porque é dende aí onde se observa claramente ese incremento a maior ritmo que nos anos anteriores.

Polo tanto, si creo que temos que seguir traballando na liña en que estamos traballando. Creo que a desigualdade salarial é, sen dúbida, labor e responsabilidade do Goberno, pero é labor de todos. Temos que contar coas empresas. E reitero o que dicía respecto do ministerio:



non se pode excluír do diálogo social nin do laboral as empresas en ningún momento, e estano facendo; o Ministerio de Traballo está nunha soa liña e non traballa coas empresas e isto leva a erros.

Nós imos continuar traballando coas empresas, sen dúbida con esa Lei de igualdade, e sen dúbida con medidas que dalgún xeito consigan que as mulleres, cada vez máis, teñan horarios máis flexibles, teñan xornadas máis adecuadas e máis acaídas, para que realmente se poida facer efectiva a conciliación e tamén a corresponsabilidade.


Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remata aquí o pleno. Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

